PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

MEMORIA ANUAL
XULLO 2022 \ XUÑO 2023



XUNTA DE GALICIA

TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

MEMORIA ANUAL XULLO 2022 | XUÑO 2023

Índice

0. Sobre a nosa memoria 4

1. Un modelo de transporte sostible, eficiente e adaptado ás necesidades actuais 7

- **1.1.** A transición que garantiu unha total renovación dos servicios 8
- **1.2.** Incremento da cobertura, servizos integrados ou compartidos, servicios baixo demanda e maior calidade ambiental: las melloras aplicadas polo PTPG 11
- **1.3.** Tecnoloxía aplicada á eficacia 21
- **1.4.** Melloras nas condicións de emprego do sector: estabilidade e creación de emprego 25
- **1.5.** Actuacións levadas a cabo ao longo do período xullo 2022 a xuño 2023 26
- **1.6.** Próximos pasos: a ATG activarase automaticamente en 119 concellos do rural 34

2. A oferta de servizos 39

- **2.1.** Antecedentes, transformación e evolución da oferta de servizos: 2016 – 2023 39
- **2.2.** Oferta de servizos no período da memoria anual: xullo de 2022 a xuño de 2023 57

3. A demanda de persoas usuarias 95

- **3.1.** Antecedentes e evolución da demanda: 2016-2023 96
- **3.2.** Demanda de persoas usuarias no período da memoria anual: xullo de 2022 a xuño de 2023 104
- **3.3.** Transporte baixo demanda 133
- **3.4.** Demanda de persoas usuarias por título de transporte..... 137

4. O novo sistema de tarifas, máis económico, uniforme e versátil 161

- **4.1.** Antecedentes 162
- **4.2.** Tarifas 165
- **4.3.** Bonificacións e vantaxes das novas tarxetas de transporte 166
- **4.4.** Tarifas sociais e axudas 177
- **4.5.** Emisión e distribución dos sistemas de pago 180
- **4.6.** Actuacións previstas coa Área de Transporte de Galicia (ATG): sistema zonal, pago multimodal e integración tarifaria 181

5. Relación coas persoas usuarias. O servicio que atende e responde á cidadanía 191

5.1. Información á persoa usuaria 192

5.2. Atención ás persoas usuarias. A importancia das solicitudes e o seu procesamento 196

6. Financiación do sistema, a inversión ao futuro 201

6.1. Gasto realizado por parte da Administración 202

6.2. Recadación dos concesionarios 209

6.3. Canon de concesión 211

6.4. Resumo de financiación do sistema 212

7. Calidade do sistema 215

7.1. Descrición e obxectivos dos traballos de campo 216

7.2. Resultados dos traballos de campo 223

8. Impacto de situacións sobrevidas no transporte público 235

8.1. Impacto nos custos do transporte derivados da subida de prezos 236

Anexo I. Indicadores da evolución do transporte público de Galicia 245

Anexo II. O transporte público de Galicia a nivel de comarca: xullo 2022 / xuño 2023 255

Sobre a nosa memoria

Unha vez máis, compartimos coa cidadanía o balance do desenvolvemento dos servizos de transporte público de competencia autonómica. Para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade esta edición reviste un interese especial, xa que destaca a fortaleza do Plan de Transporte Público de Galicia, o mesmo que transformou a mobilidade da comunidade.

Os datos que se presentan nas páxinas seguintes reflicten a continua mellora da rede de autobuses interurbanos da Xunta de Galicia nun curso. Este resumo, que abrangue o período temporal desde xullo de 2022 ata xuño de 2023, ambos os dous meses incluídos, proporciona unha visión actualizada e completa da nosa firme aposta polo transporte público en autobús.

O que representa o Plan de Transporte Público de Galicia é unha optimización progresiva dos servizos. Nos comprace dar a coñecer os avances do modelo de transporte colectivo que defendemos, adaptado ás necesidades de mobilidade da poboación galega. Grazas a el, a cidadanía está máis conectada que nunca. Nesta ocasión, o número total de liñas volveu superar as cifras de anteriores balances, incrementándose ata 3.750.

O NOSO MODELO DE TRANSPORTE PÚBLICO REFLÍCTESE EN GRANDES VALORES, COMO A FORTALEZA, A FLEXIBILIDADE E A RESILIENCIA. MALIA AS CIRCUNSTANCIAS SOBREVIDAS, SUPERA AS DIFICULTADES CON ÉXITO

O Plan de Transporte Público de Galicia alzase xa como unha estratexia flexible e altamente resistente aos cambios. A pesar das situacións adversas, sempre sae fortalecido, como xa se demostrou en anteriores edicións da Memoria Anual.

A situación que provocou a guerra de Ucraína puxo a proba, novamente, a capacidade da nosa rede de autobuses públicos. O encarecemento dos combustibles tivo efectos directos sobre o transporte público da Xunta de Galicia, pero tamén na cidadanía, que viu como se reducía o seu poder adquisitivo.

Polo tanto, foi necesario continuar implementando axudas compensatorias ao sector e mitigar as repercusións negativas da contenda, por iso continuamos apostando pola bonificación do combustible, recollendo tamén compensacións económicas para a alza de prezos noutros compoñentes da estrutura de custos. Todo iso cun investimento sen precedentes que se apoiou nun crédito orzamentario extraordinario próximo aos 25 millóns de euros.

Por outra parte, o encarecemento da enerxía tivo implicacións na vida cotiá da cidadanía, como no uso do vehículo privado, que comezou a supoñer un gran custo para as familias. En consecuencia, o



Goberno galego impulsou unha serie de actuacións dirixidas a axudar á cidadanía a sufragar ese gasto.

O desconto do 50% nos billetes, que complementou e aumentou a rebaixa impulsada polo Estado nun 20%, axudou a alcanzar este obxectivo. A dita redución económica sumouse as xa existentes, como a Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova, coa que mozos e mozas menores de 21 anos viaxan gratis nos autobuses da Xunta.

Desde o mes no que entrou en vigor a rebaixa adicional da Xunta, isto é, setembro de 2022, ata xuño de 2023, produciuse un incremento do uso do autobús en aproximadamente un 20%, en comparación co período anterior. O número de persoas usuarias de autobuses interurbanos da Xunta de Galicia mantense en aumento, marcando unha clara tendencia positiva. No ano 2022 alcanzamos o récord de 30,6 millóns de persoas viaxeiras. Cada vez son máis os e as cidadás que se inclinan por un medio de transporte eficiente e máis sustentable.

Finalmente, esta memoria rende contas, pero tamén pon en valor, un ano máis, a nosa aposta pola rede de autobuses interurbanos, cunha achega ambiciosa por parte da Administración, de aproximadamente 75 millóns de euros para este curso. Dispoñemos dunha oferta cada vez máis ampla, que posibilita máis de dous millóns e medio de servizos ao ano, respaldada por unha rede de infraestruturas sólida. Fomentamos a intermodalidade a través de estacións como a de Vigo, funcional desde decembro de 2022, que se suma ás xa existentes.

Este balance conforma tamén unha expresión de gratitude cara ás persoas usuarias, cuxa confianza contribúe ao progreso constante que se evidencia nos puntos seguintes.

En resumo, este balance conforma tamén unha expresión de gratitude cara ás persoas usuarias, cuxa confianza contribúe ao progreso constante que se evidencia nos puntos seguintes.

É reconfortante poder anunciar, en cada edición, os avances do Plan de Transporte Público de Galicia que seguen mellorando a rede pública de autobuses interurbanos, coa que a comunidade é referente no escenario da mobilidade.

Grazas por acompañarnos neste camiño.

Ethel Vázquez Mourelle
Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade



1

UN MODELO DE TRANSPORTE SOSTIBLE, EFICIENTE E ADAPTADO ÁS NECESIDADES ACTUAIS

O Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG) posto en marcha en 2020 continuou no período comprendido entre xullo de 2022 e xuño de 2023 afondando en actuacións específicas para ofrecer servizos en constante adaptación ás necesidades das zonas máis poboadas e do rural, para potenciar a accesibilidade de todas as persoas, facilitar a intermodalidade e seguir garantindo un servizo público eficiente e de calidade.

O propósito da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no transporte público por estrada é a consecución dun modelo de mobilidade de futuro, isto é, verde, responsable, sostible, eficiente e aliñado coas necesidades da sociedade galega. Para iso, as súas actuacións diríxense a impulsar o transporte público como a principal alternativa sostible.

A igualdade, a seguridade e eficiencia social, sen deixar á marxe a sustentabilidade económico-financeira foron os piares básicos do PTPG. Estas directrices dotan de maior sentido a un transporte público que busca a atención a todas as persoas sen distinción, en coherencia coa evolución económica e social de Galicia e coa máxima cobertura territorial.

Conforme a estes requisitos, o PTPG desemboca nun servizo público flexible, que se adapta ás demandas da cidadanía e coa meta de contribuír coa vertebración territorial para erixirse como unha alternativa real de mobilidade cómoda e eficaz para toda poboación galega.

Desta maneira, o PTPG adiántase aos desafíos do futuro no campo da mobilidade, que formulan un transporte colectivo con menor pegada ambiental e cunha mellor coordinación nas súas distintas conexións, transbordos e infraestruturas.



Transporte público como alternativa real de mobilidade

Garantía legal. - Co fin de cumprir estes obxectivos o Parlamento de Galicia impulsou e aprobou a Lei 10/2016, de 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. Esta lei prevía unha batería de medidas urxentes para a modernización do sistema e a aprobación da reorganización global do transporte por parte de Xunta de Galicia a través do Plan de Transporte Público de Galicia. Desta forma, a través da lei 10/2016, do 19 de xullo, efectuouse a regulación do PTPG, así como a apertura dun procedemento para a modernización do transporte público cuns niveis de calidade e innovación cada vez máis esixentes.

1.1. A transición que garantiu unha total renovación dos servizos

Redacción, evolución e aprobación do actual PTPG.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia foi a iniciativa lexislativa que permitiu dar continuidade aos servizos de transporte público proporcionando unha solución legalmente adecuada á problemática da continuidade das concesións orixinada pola sentenza STS 1067/2016 do Tribunal Supremo, ao tempo que permitiu establecer as bases dos mecanismos para acometer unha profunda transformación do sector e a súa plena adaptación ás novas demandas da sociedade a través do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG). Así, ao abeiro do establecido no artigo 2 da citada lei, redáctase o PTPG para a actualización do sistema de transporte público de Galicia (PTPG).

Deste xeito, atendendo ao establecido no artigo 2 da citada lei, redáctase o PTPG para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

O PTPG configúrase como o instrumento para establecer a ordenación e coordinación dos servizos de transporte público regular de competencia da Xunta de Galicia.

Así, o **obxectivo xeral do PTPG** adopta a seguinte forma na lei: **conseguir un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia,** e a partir destes obxectivos específicos para dar resposta ás necesidades da poboación galega:

- Favorecer a mobilidade das persoas, promovendo a igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e ambiental.
- Incentivar o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos.
- Potenciar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade á maioría das persoas para convertelo nunha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribuír á vertebración territorial de Galicia.

Para alcanzar esta serie de obxectivos, o PTPG configúrase a través de diferentes programas (ver táboa).

Optimización do sistema
Reordenación e optimización de liñas
Integración de servizos
Implantación de servizos baixo demanda
Modernización do sistema de transportes
Programa tarifario
Programa social
Programa de transporte metropolitano
Programa de accesibilidade territorial
Mellora da calidade do servizo

Xunto coa Lei 10/2016, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación incluíu un Título III referido á ordenación do sistema de transporte público regular de persoas viaxeiras que sentou o marco legal aplicable para a posta en marcha do PTPG, procedemento para a adxudicación directa dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte de persoas para garantir a continuidade dos servizos durante a reordenación completa do sistema de transporte por estrada, cunha duración máxima de 2 anos.

As primeiras medidas proxectadas cara á modernización e a eficacia do sistema de transporte público tiveron lugar nos Proxectos de Explotación correspondentes a estas adxudicacións transitorias ata a implantación de PTPG. Incluíronse cos criterios establecidos nas dúas leis citadas. Entre as novas fórmulas de transporte dispostas para adaptar os servizos ás necesidades de mobilidade dos habitantes e ás características do territorio, impulsáronse os servizos de transporte integrado ou compartido e o transporte baixo demanda.

A maiores, púxose en marcha unha unificación tarifaria buscando o establecemento dun sistema tarifario homoxéneo para toda a comunidade autónoma.

Co fin de planificar os servizos iniciouse un amplo proceso participativo que fixo partícipes a todos os concellos beneficiados. Estes actores foron consultados sobre as súas necesidades en materia de transporte público, a efectos de deseñar un novo transporte público adaptado ás necesidades reais dos territorios involucrados.

É necesario remarcar que o enfoque do novo mapa de servizos de toda Galicia se levou a cabo a través dun proceso aberto ao diálogo, no que se involucraron as administracións locais e outros axentes sociais, como centros educativos e colectivos de persoas usuarias. Todos estes actores participaron como grupos de interese do PTPG mediante o intercambio de información ao redor da prestación dos novos servizos, sendo os mesmos resultado dunha relevante colaboración e traballo conxunto dos diferentes axentes implicados no seu deseño.

Finalmente, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 29 de novembro de 2018, aprobou o PTPG, que se publicou no DOG o 17 de xaneiro de 2019.

Tras a súa aprobación, entre xaneiro e xullo de 2019, sometéronse a información pública os anteproxectos de explotación dun total de 127 contratos que renovaron completamente todo o mapa de servizos de autobús interurbano de Galicia, divididos en tres procedementos de licitación.

En novembro e decembro de 2019 e en agosto e outubro de 2020 foron adxudicadas as concesións. Deste xeito, a prestación dos servizos desenvolveuse cronoloxicamente da seguinte maneira:

- En xaneiro de 2020: 91 concesións.
- En febreiro de 2020: 7 concesións.
- En setembro de 2020: 10 concesións
- En decembro de 2020: 19 concesións



Cronoloxía da evolución das concesións de transporte público ca implantación doPTPG.

No proceso de adaptación dos servizos de transporte **reaxustáronse un total de 1.828 servizos** para adaptalos ás necesidades da poboación e **9.648 paradas** para definilas dunha forma máis precisa.

O proceso de adaptación dos servizos de transporte que afectou a toda a Comunidade implicou unha revisión de 24.120 paradas, das que máis do 40%, isto é, 9.648, foron axustadas dalgunha forma: mediante unha definición máis precisa da súa localización, do tempo de percorrido entre as paradas anterior ou posterior, axustando a súa denominación á toponimia oficial ou ao coñecemento popular, entre outros factores.

Con respecto dos horarios de servizos, dos 9.141 analizados, foi preciso un axuste do 20% destes e a súa adecuación co resto das conexións da rede. Desta forma, un total de 1.828 servizos foron reaxustados para adaptalos ás necesidades da poboación, dos cales, máis de 500 foron para adaptar servizos integrados ou compartidos que atenden a escolares.

AS CONCESIÓNS DO PTPG CONTAN CON MARXE DE MANOBRA PARA ACTUAR ALÍ ONDE SEXA NECESARIO

A posta en funcionamento das concesións trouxo consigo o traballo de seguimento diario da prestación do servizo que se configurou de forma dinámica, isto é, de tal maneira que fose evolucionando en función das novas necesidades de mobilidade colectivas. Así, as novas concesións permiten a adaptación dunha gran cantidade dos parámetros que definen o servizo, como poden ser: a incorporación de novas paradas, o desprazamento doutras, a creación ou alteración de liñas e rutas, a modificación de itinerarios, a reconfiguración de horarios e calendarios, a adición ou supresión de expedicións, o cambio na consideración de paradas e/ou expedicións como servizos integrados ou baixo demanda, sen que eses cambios signifiquen unha alteración das concesións.

O seguimento diario da prestación dos servizos permite detectar posibilidades de mellora do transporte público. Para iso, ese traballo realízase de forma continua sobre o total da oferta de servizos, considerando que a 30 de xuño de 2023 existían un total de 56.214 paradas funcionais, as cales se agrupan en 25.007 paradas físicas, nas 3. 709 rutas en servizo. Ademais, había aprobadas un total de 22.114 expedicións, das cales 6.909 eran expedicións integradas.

1.2. Incremento da cobertura, servizos integrados ou compartidos, servizos baixo demanda e maior calidade ambiental: as melloras aplicadas polo PTPG

Co obxectivo de desenvolver os obxectivos do Plan de Transporte Público de Galicia, establecéronse as seguintes liñas estratéxicas:

1.2.1. Adaptación á nova realidade social

Fíxose necesaria unha adaptación do transporte público galego ás novas necesidades de mobilidade por mor dos cambios demográficos.

Unha das primeiras accións levadas a cabo coa implantación do PTPG supuxo, polo tanto, o deseño dunha renovación integral dos servizos existentes, algúns dos cales foran configurados hai máis de 50 anos, unha antigüidade que non permitía prestar un servizo eficiente. Para iso, actualizáronse os servizos de transporte público regular.

A evolución da sociedade supuxo a concentración da poboación ao redor dun reducido número de cidades e o despoboamento progresivo das zonas interiores de Galicia nas últimas décadas.

Esta situación produciu cambios socio demográficos que afectan significativamente á mobilidade. Neste contexto, presentouse un gran desafío no deseño do novo PTPG, **como conxugar e dar resposta tanto á mobilidade urbana como á rural?**

Observouse un aumento continuo da mobilidade entre os diferentes municipios de cada zona e os do seu redor como consecuencia do incremento poboacional. Esta circunstancia reflíctese en cidades como Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense, Lugo, Ferrol e A Coruña, que requiren servizos con altas frecuencias, xa que na maioría dos casos se utiliza o transporte público de forma recorrente para ir ao traballo ou ao centro educativo.

INCREMENTO DA POBOACIÓN NOS CONCELLOS PRÓXIMOS A VIGO



O contrario deuse nas **zonas rurais**, que experimentaron un progresivo descenso de poboación e da demanda de mobilidade, aínda que resulta imprescindible asegurar uns servizos mínimos de transporte público que permitan aos habitantes das ditas zonas acceder a servizos de saúde, educación ou xestións administrativas. Esta circunstancia dáse especialmente en comarcas interiores das provincias de Lugo e de Ourense como pode ser o caso da Baixa Limia.
Precisamente, para cubrir este tipo de mobilidade, que na maioría dos casos conta con poucas persoas usuarias, resulta especialmente adecuada a implantación dos **novos modelos de transporte público introducidos co PTPG, como son o transporte integrado ou compartido e o transporte baixo demanda.**

DESCENSO DA POBOACIÓN NA COMARCA DA BAIXA LIMIA



O PTPG TEN COMO PROPÓSITO CONTRIBUÍR Á MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DE TODA A CIDADANÍA GALEGA

O transporte é un elemento cohesionador da sociedade e integrador de territorios, xa que ao achegar ás persoas e mellorar a accesibilidade aos servizos, o transporte público convértese nun elemento dinamizador da economía: aforrando custos para a sociedade, fomentando a empregabilidade e impulsando a actividade económica mentres se facilita o desprazamento das persoas a centros de lecer, traballo e saúde.



1.2.2. Incremento da cobertura territorial

O transporte integrado ou compartido e o transporte baixo demanda son os dous novos servizos do PTPG que resolveron a necesidade de ampliar e mellorar eficazmente a cobertura nas zonas onde antes non chegaba o transporte público, como as zonas rurais ou afastadas dos núcleos urbanos.

a. Integración de servizos de transporte, o autobús compartido.



43.000
estudantes ao día

O transporte integrado ou compartido articulouse como un servizo compartido entre escolares e demais persoas usuarias que permitiu maximizar o uso das liñas de transporte en zonas de baixa demanda nas que non era sostible establecer un servizo regular adicional ao servizo de transporte escolar.

Ademais de posibilitar o movemento de máis de 43.000 estudantes ao día, as liñas integradas ou compartidas contan cun servizo de acompañamento para os escolares, o que repercutiu positivamente na creación de emprego e na seguridade do transporte de escolares en toda Galicia, garantindo unha atención prioritaria e de calidade nas condicións do seu transporte.

Sendo a **seguridade no transporte un elemento esencial**, a Xunta de Galicia e *Stop Accidentes* presentaron en outubro de 2020 un protocolo con 49 recomendacións para fomentar condutas responsables entre todas as persoas usuaria dos servizos de transporte que atenden a comunidade escolar.

Para a Administración, introducir estas innovadoras modalidades na configuración dos servizos de transporte público de Galicia foi un reto maiúsculo. Un cambio de paradigmas que a sociedade galega soubo adoptar para lograr un avance na calidade de vida colectiva, esta adaptación supuxo a transformación dos hábitos de desprazamento tradicionais ata entón.

Con anterioridade, desde 2003, puxéronse en marcha iniciativas similares promovidas pola Xunta de Galicia, como o proxecto RUTO e o TES+BUS. Ambos gozaron dunha moi boa acollida por parte das persoas usuarias e foron un precedente importante para o proceso de integración neste tipo de servizos compartidos.

Ata 2020, durante as primeiras actuacións do PTPG, as liñas integradas ou compartidas permitiron o desprazamento de 10.000 estudantes, contando todas elas con servizo de acompañante, o que tamén supuxo unha mellora no emprego e na seguridade dos escolares.

O bo recibimento desta modalidade levou a seguir apostando por este modelo nas seguintes accións, aumentando a oferta compartida e polo tanto ampliando a cobertura do servizo.

Os novos servizos de transporte integrado e compartido iniciáronse co novo PTPG, incrementándose así o número de escolares atendidos, aumentando a cantidade de paradas e, polo tanto, ampliando a cobertura territorial. A integración do transporte de escolares na modalidade de bus compartido permitiu que a oferta de servizos pasase de 223.264 servizos/ano no ano 2017 a 801.148 servizos/ano a finais de 2020, o que representa un incremento de máis do 300% nos servizos, motivado pola integración de contratos de transporte escolar.

A finais de xuño de 2023, funcionaban en Galicia 2.249 liñas que dan servizo a escolares co transporte compartido, o que representa o 63% de todas as liñas do PTPG. Estas contan con 24.242 paradas e nelas préstanse 869.700 servizos ao ano.

Así, a calidade de vida da poboación do rural de Galicia viuse transformada tras a implantación desta modalidade de transporte, pero tamén a dos estudantes e as súas familias, xa que achega novas oportunidades de conciliación familiar.

A FINAIS DE XUÑO DE 2023, FUNCIONABAN EN GALICIA 2.249 LIÑAS QUE DAN SERVIZO A ESCOLARES CO TRANSPORTE COMPARTIDO

Os autobuses recollen os escolares con dereito á reserva de praza no transporte público compartido nas súas respectivas paradas. Durante o traxecto ao seu centro escolar e de volta aos seus domicilios, son supervisados por persoal acompañante autorizado. Desta forma, pais e nais contan cun servizo seguro que ofrece o traslado dos seus fillos e fillas, e permítelles atender as súas responsabilidades cotiás sen que os desprazamentos aos centros escolares afecten ao cumprimento da súa xornada.

Desde as accións preliminares antes da posta en marcha do PTPG, buscáronse solucións para atender casos como os de Riotorto, Ribeira de Piquín, Carballeda de Valdeorras e A Mezquita, municipios polos que non pasaba ningunha liña regular de autobuses e que na actualidade contan cunha oferta de transporte público grazas á aplicación desta modalidade de servizo compartido.




Liñas sen servizos compartidos
Liñas con servizos compartidos
0 5 10 20
Km

A oferta anual de servizos compartidos inclúe a reserva de prazas para estudantes, o que equivale a máis de **13,8 millóns de viaxes reservadas para escolares** ao longo do ano. Esta cifra supón **o desprazamento diario de máis de 43.000 estudantes**.

No curso escolar 2022/2023 movéronse en transporte integrado ou compartido **unha media de máis de 1 millón de escolares en toda Galicia**, ademais de **máis de 80 mil persoas usuarias xerais nos ditos servizos.**

MÁIS DE 13,8 MILLÓNS DE VIAXES RESERVADAS PARA ESCOLARES AO LONGO DO ANO, O QUE SUPÓN O DESPRAZAMENTO DIARIO DE MÁIS DE 43.000 ESTUDANTES

b. O autobús baixo demanda: unha solución de transporte deseñada á medida para o rural.

Galicia concentra a metade dos núcleos de poboación de todo o país: máis de 30.000. Con todo, a súa poboación só representa o 6% do total de España, sendo ademais unha poboación dispersa.

Trátase dunha realidade demográfica que se traduce, por unha banda, na necesidade de fixar unha rede de transporte público que garanta a mobilidade no conxunto do territorio, e pola outra, na importancia de facelo respectando as características de desprazamento da poboación rural nun escenario caracterizado por baixos niveis de demanda e de rendibilidade.

Funcionamento do transporte Baixo Demanda

A posta en marcha deste servizo é unha peza clave para poder conseguir **unha maior expansión territorial da cobertura do transporte público** en Galicia.

As persoas usuarias dispoñen de varias vías para xestionar as solicitudes de reserva de praza para os servizos de transporte baixo demanda: a través da páxina web www.bus.gal, a APP de Transporte Público, e por medio da central de chamadas no teléfono 988 687 800.

650

viaxes baixo demanda ao mes

Grazas a esta modalidade de transporte minimizouse a circulación de autobuses baleiros ou de moi baixa ocupación e conseguiuse o acceso ao transporte público da poboación das zonas rurais.

Desde as accións previas á posta en marcha do PTPG, os datos de demanda indican que este servizo tivo unha óptima acollida por parte das persoas usuarias, como solución para facilitar os desprazamentos nas zonas máis dispersas da xeografía galega.

No período de estudo desta memoria, máis de 7.500 persoas usuarias solicitaron servizos de transporte baixo demanda. Estes datos tradúcense nunha media mensual de 650 viaxes realizadas polas persoas usuarias que utilizan estes servizos.

- A través da páxina web **www.bus.gal**, as persoas usuarias poden realizar unha procura personalizada de viaxe, e teñen á súa disposición a posibilidade de reservar unha praza nunha parada baixo demanda no caso de que a parada de orixe deste sexa unha parada destas características.

- Pola súa banda, a **aplicación móbil Transporte Público** funciona de forma similar á anterior, ofrecendo a oportunidade de planificar unha ruta e de formalizar a reserva de praza se se trata dun servizo de transporte baixo demanda. En ambos os casos, a reserva debe realizarse antes das 19:00 horas do día laborable anterior a aquel no que se quere viaxar.

- A **central de chamadas** recibe todas as solicitudes, que son atendidas de forma directa e personalizada. Existen dous tipos de peticións realizadas a través do teléfono de autobús baixo demanda: por unha banda, resólvense consultas de información sobre horarios e liñas de servizos dispoñibles, e por outra, tramítanse as solicitudes de reserva de praza para efectuar desprazamentos.

Mediante un teléfono único, 988 68 78 00, que está operativo entre as 8:00 e as 20:00 horas de luns a venres e os sábados pola mañá, recóllense e procésanse todas as consultas de información sobre os servizos de transporte público regular de persoas viaxeiras por estrada de competencia da Xunta de Galicia.

Nunha única chamada, as persoas usuarias poden reservar varias prazas no autobús ou, mesmo, solicitar varias viaxes para os seguintes 15 días desde a data da súa chamada. A reserva debe facerse antes das 19 horas do día laborable anterior a aquel no que se vaia viaxar e tomar en conta, antes de solicitar unha reserva, cales son as paradas a demanda que están dispoñibles na ruta escollida.

O **autobús baixo demanda** permitiu ofrecer un servizo de transporte público de calidade a aquelas zonas máis apartadas, coas mesmas vantaxes que zonas urbanas e evitando o seu illamento

Non obstante, as melloras tecnolóxicas previstas nas liñas estratéxicas do PTPG permitiron introducir progresivamente novas funcionalidades, tales como ofrecer información para planificar viaxes conectadas coa capital da provincia e mesmo facer reservas de maneira sinxela e automática desde dispositivos móbiles.

A 30 de xuño de 2023, **funcionaban en Galicia 2.226 liñas baixo demanda**, o que representa o 62,4% de todas as liñas do PTPG. **Isto equivale a un total de 27.800 paradas baixo demanda nas que se prestan 917.413 servizos ao ano**.


Concellos sen transporte baixo demanda
Concellos con transporte baixo demanda
Cariño
Burela
Lourenzá
Oleiros
Baleira
Navia de Suarna
Becerreá
Palas de Rei
Taboada
Dodro
Porto do Son
A Pobra do Caramiñal
A Illa de Arousa
Nigrán
Baiona
Oia
O Rosal
A Guarda
0 5 10 20
Km

1.2.3. Frotas máis modernas

Impulsar melloras nos vehículos e o seu equipamento foi outro dos grandes obxectivos do PTPG. Os pregos de condicións das novas concesións inclúen nos criterios de valoración aspectos relativos ás características da frota que abarcan desde **a redución da idade máxima e media dos vehículos ata a mellora do equipamento** (cintos de seguridade ou dotación de canceladoras).

Os resultados obtidos coas novas concesións en canto á renovación da frota no servizo de transporte interurbano son moi positivos e representan unha significativa mellora respecto da situación previa á implantación do PTPG. **Establécese a idade media máxima dos vehículos adscritos en 13 anos mentres que a idade media da frota é de 7 anos.**

ANTIGÜIDADE MÁXIMA DOS VEHÍCULOS



Dende as súas primeiras accións, a planificación do PTPG confirmou a súa aposta por potenciar a renovación da frota de autobuses, premiando aquelas ofertas que achegasen vehículos máis novos e que achegasen mellores condicións para as persoas con mobilidade reducida.

Na práctica, **a Xunta de Galicia conseguiu que os servizos se presten con autobuses máis modernos, máis seguros, menos contaminantes e máis accesibles.**

En concreto, desde o termo do despregamento da frota do PTPG, con maior atención nas rutas que presentan maior afluencia de pasaxeiros, como a conexión das áreas da Coruña e de Ferrol, cóntase con vehículos con 6 anos de antigüidade media, o que se ve reflectido nunha menor pegada ambiental, e minimización de consumo e emisións.

En relación coa optimización do equipamento, establécese que o 100% dos vehículos dedicados ao transporte de escolares están equipados con cintos de seguridade, mentres que nos autobuses en xeral, tomados no seu conxunto, a cifra é do 75% da frota.

De igual forma, as empresas concesionarias adoptaron o compromiso, impulsado polo PTPG, para lograr que todos os autobuses que prestan servizos de transporte nas concesións vaian dotados de máquinas canceladoras e expendedoras homologadas, o cal permite o funcionamento da Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG), a Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN) e demais tarxetas integradas, cuxas características e funcionalidades serán detalladas nun capítulo á parte.

1.2.4. Accesibilidade

As accións do PTPG recollen tamén medidas para garantir a calidade na prestación dos servizos. Entre elas, destaca **a accesibilidade aos vehículos das persoas con mobilidade reducida**, requisito esixido nos pregos de condicións nunha determinada porcentaxe mínima.

Na actualidade, o **54% do total dos vehículos adscritos ás 127 concesións están adaptados,** aínda que o obxectivo é que esta porcentaxe se vexa incrementada paulatinamente ata alcanzar a adaptación do 100% dos vehículos.

1.2.5. Calidade ambiental

O compromiso de **calidade ambiental da frota** que presta os servizos contémplase de forma prioritaria no PTPG. Para iso, a empresa concesionaria debe manter un número mínimo de vehículos que cumpran os requisitos das categorías de clasificación ambiental (0 emisións, ECO, C, B) en relación co seu nivel de emisións, combustible empregado e ano de matriculación, no caso de vehículos de máis de 8 prazas.

Establécese que, da tipoloxía de vehículos en relación coa mellora de calidade da frota que introduciu o PTPG como mínimo esixidos, o 65% desta é de Categoría C, o que supón que para os vehículos de máis de 8 prazas foron matriculados a partir de 2014, pero tamén se reflicte un 10% de frota clasificada como categoría ECO, definida para vehículos híbridos ou híbridos enchufables.

O reflexo da categorización da frota na actualidade é un claro exemplo da **aposta do PTPG por mellorar a calidade ambiental e de éxito na implantación do dito obxectivo**.

TIPO DE CALIDADE AMBIENTAL DOS VEHÍCULOS SEGUNDO EMISIÓNS (PTPG)



1.2.6. Modernización

A incorporación de melloras tecnolóxicas como a instalación de novos mecanismos para optimizar os procesos de pago con medios cada vez máis avanzados permitiu ofrecer beneficios para a cidadanía no campo dos prezos e a responsabilidade ambiental. As novas máquinas canceladoras permitiron estender a toda Galicia os descontos e bonificacións por recorrencia que se ofrecen ao efectuar os pagos cas tarxetas do PTPG, TMG e TMGXN, desta forma, non só se optimizan os vehículos, senón que se promove unha mobilidade intelixente ao planificar mellor os desprazamentos e fomentar que as viaxes se realicen en vehículos colectivos, premiando con descontos ás persoas usuarias con maior recorrencia.

1.3. Tecnoloxía aplicada á eficacia

O establecemento das novas concesións foi unha ocasión idónea para identificar e fixar **uns requisitos tecnolóxicos mínimos que impulsasen definitivamente a necesaria modernización do transporte público** da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, o PTPG aliñouse cos programas de actualización e dixitalización desenvolvidos pola Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, como o Plan de Modernización Tecnolóxica da Mobilidade en Galicia (e-Mobility) creado en exclusiva para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Os obxectivos específicos de e-Mobility son os seguintes:

- Eficiencia operativa de todos os axentes que interveñen na cadea de transporte.
- Control da xestión, planificación e toma de decisións para un mellor aproveitamento dos recursos públicos e das capacidades e infraestruturas existentes.
- Deseño e fomento dun modelo de transporte sostible.
- Mellora da relación co cidadán grazas a un soporte tecnolóxico, facilitando información do sistema de transporte en tempo real.

O perfeccionamento dos medios tecnolóxicos contempla varios eixos de actualización como son: a implantación nos vehículos de sistemas de xeolocalización e de equipos de monética que permitan o pago con tarxeta en todos os servizos, ademais da xestión dos servizos baixo demanda ou da información cara á persoa usuaria.

Como parte do desenvolvemento desta liña estratéxica do PTPG, a incorporación destas funcionalidades tecnolóxicas nos vehículos non só forma parte do conxunto de melloras contempladas para favorecer a calidade dos servizos, senón que vai aliñada co obxectivo de modernización do PTPG en conxunto, xa que desta forma é posible centralizar e recibir información en tempo real sobre a localización das unidades, as condicións de servizo e facturación, o que mellorará en conxunto, a coordinación dos diferentes modos de transporte que operan na Comunidade Autónoma de Galicia.



A continuación, indícase a relación dos principais desenvolvementos tecnolóxicos vinculados ao PTPG:

OTRANS:

Oficina virtual mediante a que se realiza a xestión administrativa do funcionamento do PTPG.

Trátase dunha plataforma que permite levar o seguimento diario das concesións a través dun programa tecnolóxico centralizado e simultáneo ao que se conectan os responsables do desenvolvemento dos traballos.

En definitiva, é un sistema Integral de Xestión e Tramitación da Oferta de Transporte Público de Galicia ao cal accede a Administración mediante os seus diferentes responsables, e os responsables das empresas concesionarias, para realizar trámites do tipo: rexistro de incidencias, tramitación de expedientes, seguimento da oferta, adscrición de vehículos, adscrición de persoal condutor e acompañante...

Páxina web bus.gal:

Portal web do servizo de transporte público por estrada dependente da Xunta de Galicia.

Ofrece un buscador de viaxes personalizado con toda a información relativa a horarios, paradas e tarifas das diferentes liñas, contando ademais cunha sección de noticias coas últimas novidades e modificacións realizadas nos servizos.

Ademais, desde o portal permítese realizar consultas sobre o funcionamento do transporte baixo demanda, así como solicitar a reserva de viaxes.

Nesta plataforma web tamén se ofrece toda a información sobre os títulos de transporte e están dispoñibles para a súa consulta e descarga fichas con información de todos os servizos de transporte por concello e concesión.

Sistema de Axuda á Explotación (SAE):

Sistema intelixente de xeolocalización que permitirá dar ás persoas usuarias información da situación de cada vehículo de forma precisa e eficaz para que poidan planificar a súa viaxe.

As empresas concesionarias están provistas deste sistema de xeolocalización que ademais controla o almacenamento, tratamento e verificación dos datos determinados pola Administración e o Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA).

Equipamentos de monética:

Máquinas expendedoras e canceladoras homologadas que admiten pagos coa tarxeta TMG e outras tarxetas integradas, resultando de especial relevancia a tarxeta TMG Xente Nova, que permitiu a expansión da tarifa gratuíta Xente Nova para todos os menores de 21 anos.

A dotación destes equipamentos embarcados en toda a frota de autobuses fai posible levar tamén a toda a Comunidade distintas vantaxes económicas para as persoas usuarias que se xestionan a través das ditas tarxetas, como son as bonificacións por recorrencia, actualmente habilitadas, ou os descontos asociados ao modelo da área de Transporte de Galicia e a despenalización do transbordo que está previsto activar no curto prazo.

APP Transporte público:

Aplicación móbil do PTPG, a disposición das persoas usuarias de transporte público, onde se ofrece información sobre procura de viaxes, a posibilidade de planificar unha ruta de forma análoga como se realizaría no buscador dispoñible en bus.gal e realizar reservas para servizos de transporte baixo demanda.

Actualmente estase traballando na incorporación de novas funcionalidades relacionadas cos servizos de transporte público como son: a xestión desde a aplicación das tarxetas TMG ou TMG Xente Nova, a posibilidade de realizar recargas desde o móbil, a consulta de saldo dispoñible ou dos reembolsos realizados e aqueles pendentes, etc.

Ademais, a iteración da aplicación co SAE permitirá ofrecer a posibilidade de consultar os horarios dos servizos en tempo real ou realizar unha procura dos servizos máis próximos á localización física do usuario ou usuaria, cando este ou esta facilite os permisos necesarios para empregar a súa xeolocalización.

Aplicacións tecnolóxicas para o seguimento e control de escolares:

En todas aquelas concesións que presenten servizos integrados. Contempla tamén o uso das aplicacións tecnolóxicas habilitadas pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Novos desenvolvementos tecnolóxicos:

Plataforma de Mobilidade 4



No marco do plan e-Mobility, durante o período de análise desta memoria anual, a Xunta de Galicia impulsou a creación da Plataforma de Mobilidade 4.0, para avanzar na dixitalización do transporte público. Posteriormente, o contrato aprobouse no Consello da Xunta e saíu a licitación no mes de agosto.

A plataforma irá acompañada do desenvolvemento dun portal web e unha aplicación móbil que, entre outras funcionalidades, disporá dun planificador multimodal que integrará nun punto único información de toda a oferta de todos os medios de transporte alternativos ao vehículo privado, ofrecerá información en tempo real e permitirá empregarse como un sistema de pago e reserva de servizos válido.

Esta iniciativa permitirá, así mesmo, introducir un novo paradigma de pagos denominado pago baseado en conta (Account Base Ticketing - ABT) que supón un cambio do modelo actual "pague e viaxe" a un modelo "viaxe e xa pagará". Para iso, os soportes físicos actuais converteranse en meros tokens de identificación da persoa usuaria, do punto de subida e do de baixada, de forma que o sistema central será quen realice o cálculo do prezo da viaxe e procederá ao cobro no seu moedeiro virtual ou no medio de pago definido (modos prepago e postpago. Desta forma, as persoas viaxeiras poderán elixir o pago mediante móbil, tarxeta bancaria ou unha nova TMG sen contactos. O contrato contempla a expedición de 120.000 novas tarxetas.

1.4. Melloras nas condicións de emprego do sector: estabilidade e creación de emprego

O novo PTPG contempla unha revisión e optimización de aspectos relativos **ás condicións sociais e laborais do persoal responsable da prestación dos servizos de transporte**.

Unha das consideracións do PTPG foi o mantemento dos postos de traballo que anteriormente sostiñan o sistema público de persoas viaxeiras. Este asunto relaciónase coas liñas estratéxicas que perseguen o obxectivo de facilitar a mobilidade das persoas en termos de eficiencia social. Neste sentido os Pregos de Condicións de licitación das novas concesións, estableceron condicións estritas para que as novas empresas adxudicatarias procedesen á subrogación do persoal das concesións anteriores.

Concretamente, considerouse tanto o disposto no Acordo Marco Estatal sobre materias do transporte de persoas viaxeiras por estrada, mediante vehículos de tracción mecánica de máis de nove prazas incluído o condutor como o Acordo Marco Galego do sector do transporte de persoas viaxeiras por estrada, subscrito o 13 de febreiro de 2019, e os convenios colectivos provinciais nos que se recollen obrigacións convencionais de subrogación aplicables na comunidade galega, e os pactos ou acordos empresariais, cando regulasen condicións laborais máis beneficiosas que as previstas nestes convenios de aplicación.

Así pois, mantendo a liña marcada pola Administración na licitación levada a cabo en xullo de 2017, e de conformidade co establecido na lexislación sectorial de aplicación, así como o previsto no Regulamento comunitario (CE) 1370/2007, do 23 de outubro, que regula os servizos públicos de transporte de persoas viaxeiras por ferrocarril e estrada, os Pregos recolleron a responsabilidade dos concesionarios do cumprimento de todas as obrigas legais aplicables á subrogación dos traballadores das concesións vixentes anteriormente.

Do mesmo xeito, durante o proceso de revisión e renovación de concesións do PTPG, incorporáronse cláusulas nos pregos que inclúen, entre outras, o compromiso de non modificar a retribución nin as condicións laborais ou a imposibilidade de adoptar despedimentos colectivos ou individuais por motivos económicos, técnicos, organizativos ou produtivos.

Tamén cabe sinalar **que o impulso da igualdade ou a formación das persoas traballadoras** son obrigacións de carácter social que se incluíron nas novas concesións. Estes aspectos foron valorados moi positivamente no proceso de licitación.

Doutra banda, tamén se recolleron asuntos relacionados coa formación dos perfís profesionais vinculados ao sector, valorándose o deseño de programas específicos de formación para cada un deles. As necesidades de formación abarcan todos os aspectos involucrados na prestación do servizo como, por exemplo, formación en novas funcións e responsabilidades derivadas da integración de servizos ou as relacionadas coas novidades tecnolóxicas, tanto nas características dos vehículos como cos novos sistemas de información implementados.

Por último, tamén é importante resaltar que a integración dos servizos de transporte permitiu consolidar **a figura do persoal acompañante** mediante a obrigación da súa presenza en todas as liñas integradas con independencia do número de alumnos transportados.

Esta novidade non só contribúe coa seguridade dos escolares de todas as idades, senón que, como resultado desta medida, o persoal acompañante empregado nas novas concesións aumentou nun 33% despois da implementación do PTPG.

1.5. Actuacións levadas a cabo ao longo do período xullo 2022 a xuño 2023

Esta terceira memoria anual conserva o horizonte temporal de 12 meses que finalizan co curso escolar, da mesma forma que as anteriores memorias publicadas. O motivo que levou a propor este período, en lugar dun ano natural, foi garantir unha análise completa que reflectise plenamente a transformación do mapa de transporte público logrado co PTPG. Para iso, tívose en consideración que unha parte importante dos servizos ofrecidos, os servizos integrados ou compartidos, dependen do curso escolar, polo que, para poder incluílos neste informe, a memoria do PTPG debe adaptarse a esta circunstancia e comeza en xullo para terminar co fin de curso lectivo en Galicia.

Desta maneira, nesta terceira memoria, que abarca os 12 meses transcorridos durante o segundo semestre de 2022 e o primeiro semestre do 2023, son comparables os mesmos períodos e ofrécese un balance real das principais actuacións realizadas.

Durante o período analizado nesta memoria, entre as medidas implantadas ou os avances nas diferentes liñas de actuación encamiñadas a cumprir os obxectivos do PTPG, destacan as seguintes:



Posta en marcha da Estación Intermodal de Vigo

A terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo trátase dunha operación promovida pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Dirección Xeral de Mobilidade e cofinanciada pola Unión Europea, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, dentro do obxectivo OT4 "Conseguir unha economía máis limpa e sustentable".

Os **obxectivos que se buscaban a través da acción intermodal** no seu conxunto consistían na **mellora da calidade ambiental mediante a promoción do transporte público** en lugar do vehículo privado, co fin de facilitar unha mobilidade urbana sustentable, así como no **aumento do número de usuarios do transporte público.**

A actuación iniciouse en marzo de 2015 coa redacción dos Estudos previos para a construción da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Vigo. O propósito do devandito estudo era levar a cabo unha avaliación inicial de dous aspectos fundamentais: en primeiro lugar, a situación actual do transporte interurbano e, en segundo lugar, as demandas anticipadas que xurdirían como resultado da futura estación intermodal.

A partir deste estudo, a Xunta de Galicia, no marco desta operación cofinanciada nun 80% con fondos europeos do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 executou as actuacións para a construción da estación intermodal que se relatan a continuación:

- Túneles e ramais de conexión entre a estación intermodal de Vigo e a AP-9
- Praza da Estación.
- Urbanización dos espazos intersticiais.
- Núcleo de comunicación intermodal.



A posta en marcha da nova estación intermodal realizouse en decembro de 2022, tras un investimento de 18 millóns por parte da Xunta. A partir dese momento, comezou o proceso de adaptación dos servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral de competencia autonómica á nova infraestrutura.

Semanas previas á posta en marcha da estación intermodal de Vigo, o Goberno galego iniciou o proceso de traslado da estación e comezou as reunións coas concesionarias do transporte para coordinar o cambio.

Debido ás obras do ascensor HALO foi necesario un desvío provisional en entrada e saída de autobuses para evitar as cimentacións provisionais coas que o Concello de Vigo vai construír o elevador. A estación de autobuses intermodal de Vigo, que permitirá albergar dous millóns de usuarios ao ano e 500 expedicións de autobuses, será o novo nó de viaxeiros do sur da Comunidade tras un investimento de 18 millóns de euros.

No proceso de adaptación dos servizos, identificáronse **razóns de interese público que apoiaron a implementación de catro novas paradas na contorna urbana do Concello de Vigo**: dous na Avenida Gregorio Espino, unha na Avenida de Madrid e outra na Praza de España, o cal **contribuíu significativamente á mellora da accesibilidade e conectividade do transporte público coa cidade.**



Así, os autobuses que saen pola praza da Estación (o 40% do total) fan percorridos alternativos en función dos horarios, de maneira que saen por Colón ou por Isaac Peral dependendo tamén dos destinos e direccións dos autobuses.

En consonancia cos apartados anteriores, preséntase unha análise dos datos totais da oferta para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e quilómetros percorridos ao ano por todo o transporte público por estrada en Galicia no período de análise da memoria.

A seguinte táboa representa a oferta de transporte público total en cómputo anual, mes a mes. Permite analizar os incrementos de cada un dos elementos que caracterizan a oferta durante os últimos doce meses e ofrece unha comparativa entre os últimos dous períodos analizados (xullo de 2021 a xuño de 2022 e xullo de 2022 a xuño de 2023).

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL													
GALICIA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT
2022	07	3.495	2.265	1.230	54.328	23.840	30.488	2.352.744	884.869	1.467.875	57.197.567	14.862.565	42.335.002
	08	3.523	2.277	1.246	54.921	24.157	30.764	2.350.245	884.254	1.465.991	57.180.325	14.900.695	42.279.630
	09	3.526	2.279	1.247	54.994	24.205	30.789	2.349.694	883.687	1.466.007	57.196.050	14.911.954	42.284.096
	10	3.530	2.279	1.251	55.105	24.235	30.870	2.351.010	885.777	1.465.233	57.288.042	14.989.121	42.298.921
	11	3.527	2.274	1.253	55.230	24.314	30.916	2.350.596	884.384	1.466.212	57.363.410	15.010.947	42.352.462
	12	3.537	2.272	1.265	55.628	24.329	31.299	2.348.876	880.833	1.468.043	57.441.991	14.955.038	42.486.953
2023	01	3.542	2.270	1.272	55.734	24.341	31.393	2.347.769	879.814	1.467.955	57.381.404	14.941.866	42.439.538
	02	3.544	2.266	1.278	55.794	24.342	31.452	2.329.043	877.801	1.451.242	57.058.843	14.920.643	42.138.200
	03	3.545	2.264	1.281	55.818	24.353	31.465	2.329.499	876.995	1.452.504	56.987.394	14.900.386	42.087.008
	04	3.557	2.265	1.292	56.021	24.376	31.645	2.329.062	876.785	1.452.277	57.013.801	14.870.972	42.142.829
	05	3.555	2.251	1.304	56.081	24.240	31.841	2.329.591	870.894	1.458.697	57.065.472	14.758.767	42.306.706
	06	3.570	2.249	1.321	56.214	24.242	31.972	2.348.936	869.700	1.479.236	57.401.374	14.750.817	42.650.557
Período 2022 - 2023		**3.570**	**2.249**	**1.321**	**56.214**	**24.242**	**31.972**	**2.348.936**	**869.700**	**1.479.236**	**57.401.374**	**14.750.817**	**42.650.557**
Período 2021 - 2022		**3.495**	**2.265**	**1.230**	**54.327**	**23.838**	**30.489**	**2.352.571**	**884.869**	**1.467.702**	**57.162.610**	**14.862.371**	**42.300.239**
% Variación		**2,1%**	**-0,7%**	**7,4%**	**3,5%**	**1,7%**	**4,9%**	**-0,2%**	**-1,7%**	**0,8%**	**0,4%**	**-0,8%**	**0,8%**

Compróbase como o número de liñas dispoñibles experimentou un crecemento progresivo durante o período de estudo, superando as 3.500 liñas en toda a comunidade, un 2,1% máis que en xuño de 2022. En termos mensuais, aínda que o crecemento mantivo un ritmo sostido, o maior incremento produciuse entre xuño e xullo de 2022, con 28 liñas máis.

Existe un incremento global na oferta de transporte público de Galicia que se reflicte nas cifras de variación obtidas para liñas e paradas. As variacións nas circulacións anuais e quilómetros de servizo ao ano responden á reestruturación do sistema, que ten a finalidade de adecuar a oferta á realidade actual da poboación e o territorio. Esta reestruturación acada un sistema de transporte público máis eficiente, que contempla as alteracións debidas a cambios nos períodos lectivos e non lectivos, festividades, etc.

Durante o último ano, a oferta de servizos e quilómetros percorridos non integrados aumentou en tódolos aspectos analizados, compensando nalgúns casos os axustes realizados no transporte integrado. Así, a oferta adaptouse en máis medida ás necesidades de desprazamento da poboación, analizadas mediante a demanda de servizos obtida.



No gráfico anterior pódese observar unha suave tendencia crecente no número de liñas non integradas e estabilidade no caso de liñas integradas. En xuño de 2023 a oferta de liñas non integradas aumentou máis de 7 puntos porcentuais con respecto a xullo de 2022, o que representa un total de 91 liñas máis en servizo. Por outra banda, o número de liñas integradas mantense practicamente análogo respecto a xullo de 2022, cun moi leve descenso que representa unha variación dun 1%.

A tendencia positiva repítese nas análises por puntos de parada e quilómetros percorridos, por ser parámetros relacionados entre si e que varían de forma conxunta, aínda que en diferente proporción. Non obstante, o número de servizos ofrecidos mantívose practicamente constante durante o período de análise.

O número de paradas atendidas en xuño de 2023 incrementouse con respecto ao período 2021-2022 en maior medida que o número de liñas, nun 3,5%. A variación nos servizos anuais e os quilómetros de servizo entre xullo de 2022 e xuño de 2023 foron practicamente nulas.

Por modalidade de transporte, o número de liñas integradas é maior que o número de liñas non integradas. Con todo, as paradas, servizos e quilómetros de servizo anuais non integradas superan en número ás integradas debido ao maior número de circulacións, distancias e frecuencias existentes nesta modalidade.



A oferta de servizos de transporte en xuño de 2023 ascendeu a 2,3 millóns de servizos ao ano, que se realizan por medio de máis de 3.500 liñas, dan servizo a máis de 56.000 paradas e percorren máis de 57 millóns de quilómetros.

2.2.1.2. Oferta de transporte público integrado ou compartido

A oferta anual de servizos integrados inclúe a reserva de praza para alumnado, o que equivale a máis de 13,5 millóns de viaxes reservadas para escolares en todo o ano, que supoñen o desprazamento de máis de 43.000 alumnos/as diarios/as.

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos da oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto das liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros de servizo percorridos ao ano por estes servizos.

A seguinte táboa mostra a oferta de transporte público integrado ou compartido en cómputo anual, mes a mes.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO													
GALICIA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM
2022	07	2.265	352	1.913	23.840	3.672	20.168	884.869	112.686	772.183	14.862.565	1.826.455	13.036.110
	08	2.277	348	1.929	24.157	3.674	20.483	884.254	110.950	773.304	14.900.695	1.824.135	13.076.560
	09	2.279	357	1.922	24.205	3.767	20.438	883.687	112.388	771.299	14.911.954	1.848.215	13.063.739
	10	2.279	359	1.920	24.235	3.762	20.473	885.777	112.742	773.035	14.989.121	1.836.195	13.152.926
	11	2.274	353	1.921	24.314	3.715	20.599	884.384	110.523	773.861	15.010.947	1.795.717	13.215.231
	12	2.272	354	1.918	24.329	3.738	20.591	880.833	114.584	766.249	14.955.038	1.862.302	13.092.736
2023	01	2.270	352	1.918	24.341	3.732	20.609	879.814	113.458	766.356	14.941.866	1.851.193	13.090.673
	02	2.266	351	1.915	24.342	3.717	20.625	877.801	113.097	764.704	14.920.643	1.836.319	13.084.324
	03	2.264	348	1.916	24.353	3.676	20.677	876.995	111.555	765.440	14.900.386	1.789.023	13.111.363
	04	2.265	347	1.918	24.376	3.703	20.673	876.785	111.759	765.026	14.870.972	1.793.275	13.077.697
	05	2.251	344	1.907	24.240	3.600	20.640	870.894	109.840	761.054	14.758.767	1.726.614	13.032.153
	06	2.249	344	1.905	24.242	3.600	20.642	869.700	110.205	759.495	14.750.817	1.733.943	13.016.874
Período 2022 - 2023		**2.249**	**344**	**1.905**	**24.242**	**3.600**	**20.642**	**869.700**	**110.205**	**759.495**	**14.750.817**	**1.733.943**	**13.016.874**
Período 2021 - 2022		**2.265**	**352**	**1.913**	**23.838**	**3.672**	**20.166**	**884.869**	**112.686**	**772.183**	**14.862.371**	**1.826.455**	**13.035.917**
% Variación		**-0,7%**	**-2,3%**	**-0,4%**	**1,7%**	**-2,0%**	**2,4%**	**-1,7%**	**-2,2%**	**-1,6%**	**-0,8%**	**-5,1%**	**-0,1%**

Co fin de avaliar a variación das cifras en cada memoria anual, é importante explicar que os datos empregados para representar cada período de análise correspóndense cos datos do mes de xuño do ano en estudo, é dicir, os datos do período 2021-2022 correspóndense coa oferta anual en servizo no mes de xuño de 2022 e os datos do período 2022-2023 correspóndense coa oferta anual no mes de xuño de 2023.

Froito dun sistema consolidado, os datos mostrados na táboa anterior reflicten variacións mínimas no período de análise da memoria. En xuño de 2023 o número de liñas integradas ou compartidas de transporte público de Galicia ascendeu a 2.249. O número de paradas aumentou en case un 2%, mentres que o número de liñas, servizos e quilómetros de servizo baixa moi lixeiramente durante o período de estudo polos pequenos axustes de adecuación d oferta á realidade da comunidade.



Na gráfica obsérvase como a oferta de liñas de transporte público integrado ou compartido se mantivo practicamente constante durante os últimos 12 meses. A maioría das liñas, preto do 85% do total, son liñas con servizos a demanda.



O número de circulacións anuais e distancia percorrida tamén se mantivo practicamente constante. As pequenas variacións experimentadas pola oferta de servizos e quilómetros anuais, débense principalmente á reorganización de servizos levada a cabo para dar resposta ás necesidades dos centros ao longo do curso escolar.

Cabe sinalar que se mantén o número de liñas activas e de servizos dispoñibles nos meses de xullo e agosto, aínda tratándose de meses non lectivos. Isto débese ao mantemento, para o público xeral, de liñas que prestan servizos compartidos existentes en tempada lectiva.

A oferta de transporte público integrado ou compartido ronda os 870 mil servizos ao ano, que percorren case 15 millóns de quilómetros, por medio de máis de 2.200 liñas e dando servizo a máis de 23.000 paradas.

2.2.1.3. Oferta de transporte público non integrado

Neste apartado preséntase unha análise dos datos de servizos de transporte público non integrado que avalía a evolución mensual do número de liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos regulares de transporte público que dan servizo a toda Galicia.

Os datos amosados na seguinte táboa proban a evolución da oferta de transporte público non integrado en cómputo anual, mes a mes, e a variación dos datos representativos do período analizado na memoria anual actual cos datos de xuño de 2022, representativos do período 2021 - 2022.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO													
GALICIA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM
2022	07	1.230	968	262	30.488	24.443	6.045	1.467.875	1.332.998	134.877	42.335.002	36.529.657	5.805.345
	08	1.246	973	273	30.764	24.465	6.299	1.465.991	1.327.488	138.503	42.279.630	36.338.941	5.940.690
	09	1.247	974	273	30.789	24.488	6.301	1.466.007	1.327.504	138.503	42.284.096	36.341.076	5.943.020
	10	1.251	974	277	30.870	24.473	6.397	1.465.233	1.326.033	139.200	42.298.921	36.312.514	5.986.406
	11	1.253	972	281	30.916	24.422	6.494	1.466.212	1.325.082	141.130	42.352.462	36.296.903	6.055.559
	12	1.265	976	289	31.299	24.544	6.755	1.468.043	1.325.525	142.518	42.486.953	36.436.556	6.050.397
2023	01	1.272	977	295	31.393	24.539	6.854	1.467.955	1.323.649	144.306	42.439.538	36.308.249	6.131.289
	02	1.278	975	303	31.452	24.527	6.925	1.451.242	1.301.621	149.621	42.138.200	35.947.424	6.190.776
	03	1.281	974	307	31.465	24.507	6.958	1.452.504	1.301.461	151.043	42.087.008	35.880.605	6.206.403
	04	1.292	983	309	31.645	24.597	7.048	1.452.277	1.297.380	154.897	42.142.829	35.817.622	6.325.207
	05	1.304	989	315	31.841	24.770	7.071	1.458.697	1.301.020	157.677	42.306.706	35.938.648	6.368.058
	06	1.321	1.000	321	31.972	24.814	7.158	1.479.236	1.321.318	157.918	42.650.557	36.266.644	6.383.914
Período 2022 - 2023		**1.321**	**1.000**	**321**	**31.972**	**24.814**	**7.158**	**1.479.236**	**1.321.318**	**157.918**	**42.650.557**	**36.266.644**	**6.383.914**
Período 2021 - 2022		**1.230**	**967**	**263**	**30.489**	**24.437**	**6.052**	**1.467.702**	**1.332.132**	**135.570**	**42.300.239**	**36.487.708**	**5.812.531**
% Variación		**7,4%**	**3,4%**	**22,1%**	**4,9%**	**1,5%**	**18,3%**	**0,8%**	**-0,8%**	**16,5%**	**0,8%**	**-0,6%**	**9,8%**

Durante os 12 meses anteriores a xuño de 2023, a oferta de transporte público non integrado creceu de forma constante até superar as 1.300 liñas, case 32.000 paradas, 1,48 millóns de servizos ao ano e máis de 42,6 millóns de quilómetros de servizo.

Os maiores incrementos rexístranse na cifra de liñas e puntos de parada, cun 7,4% e un 4,9%, respectivamente.



Na análise das liñas non integradas, obsérvase un incremento paulatino, de máis de 90 liñas no total do período. Ao mesmo tempo que aumenta o número de liñas totais, a relación entre liñas fixas e liñas a demanda varía. Aínda que a variación do número de liñas a demanda fora superior á variación do número de liñas fixas durante os últimos meses analizados, representando un aumento do 22%, as liñas fixas representan máis do 78% do total de liñas non integradas.



A incorporación de novas paradas e servizos baixo demanda na oferta de transporte non integrado explica o incremento das circulacións prestadas a través desta modalidade de transporte fronte aos servizos fixos. A aposta por esta modalidade supón unha maior eficiencia ambiental do sistema de transporte público mantendo a garantía de acceso da poboación ao mesmo.

2.2.2. Oferta de transporte público por provincia

Neste apartado, amósanse os datos da oferta de servizos de transporte público por estrada desagregados por provincias no período que abarca a memoria anual, é dicir, desde xullo de 2022 até xuño de 2023.

A información dispoñible para cada modalidade de transporte que se presenta a continuación reflicte os datos de:

- Número de liñas que prestan servizo a cada provincia.
- Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos.
- Evolución do número de circulacións que prestan un mellor servizo á poboación.
- Quilómetros anuais de servizo ofertados en cada provincia.

2.2.2.1. Provincia de A Coruña

- **Oferta de transporte público total**

A continuación, preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta de transporte público total con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e quilómetros anuais percorridos por todos os servizos de transporte que están adscritos á provincia da Coruña. Ademais, móstranse os datos representativos do período anterior, até xuño de 2022, e a variación entre os dous períodos.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL													
A CORUÑA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT
2022	07	1.183	634	549	22.221	7.040	15.181	1.135.845	275.202	860.643	28.041.792	4.420.405	23.621.387
	08	1.193	634	559	22.440	7.067	15.373	1.135.845	275.202	860.643	28.057.307	4.436.211	23.621.097
	09	1.192	632	560	22.459	7.067	15.392	1.134.883	274.240	860.643	28.066.572	4.445.475	23.621.097
	10	1.193	632	561	22.516	7.073	15.443	1.136.659	276.478	860.181	28.161.619	4.526.936	23.634.683
	11	1.192	632	560	22.584	7.142	15.442	1.135.680	276.478	859.202	28.217.509	4.574.811	23.642.698
	12	1.193	630	563	22.623	7.137	15.486	1.132.819	272.927	859.892	28.142.473	4.505.463	23.637.010
2023	01	1.195	628	567	22.678	7.142	15.536	1.131.884	271.987	859.897	28.088.815	4.498.145	23.590.670
	02	1.195	626	569	22.683	7.133	15.550	1.131.169	270.647	860.522	28.082.982	4.481.041	23.601.941
	03	1.195	625	570	22.688	7.134	15.554	1.131.239	270.195	861.044	28.019.347	4.481.364	23.537.984
	04	1.205	625	580	22.840	7.134	15.706	1.131.727	270.195	861.532	28.093.702	4.479.359	23.614.343
	05	1.205	625	580	22.865	7.138	15.727	1.134.237	270.195	864.042	28.153.359	4.480.533	23.672.826
	06	1.216	624	592	22.935	7.134	15.801	1.134.480	269.775	864.705	28.162.376	4.471.365	23.691.010
Período 2022 - 2023		**1.216**	**624**	**592**	**22.935**	**7.134**	**15.801**	**1.134.480**	**269.775**	**864.705**	**28.162.376**	**4.471.365**	**23.691.010**
Período 2021 - 2022		**1.183**	**634**	**549**	**22.209**	**7.042**	**15.167**	**1.136.151**	**275.202**	**860.949**	**28.024.179**	**4.420.633**	**23.603.546**
% Variación		**2,8%**	**-1,6%**	**7,8%**	**3,3%**	**1,3%**	**4,2%**	**-0,1%**	**-2,0%**	**0,4%**	**0,5%**	**1,1%**	**0,4%**

A Coruña é a provincia con máis servizos de transporte público en Galicia, como se observa na análise realizada en apartados previos. Este volume da oferta débese, principalmente, a unha maior necesidade de desprazamento en transporte público debida á distribución territorial e a densidade de poboación.

O número de liñas na provincia da Coruña incrementouse moderadamente durante os 12 meses de estudo chegando a sumar 33 novas liñas en xuño de 2023.

No seguinte mapa pódense observar as liñas ofertadas no ano 2016 e as liñas activas posteriormente á implantación do PTPG na provincia.



No mapa apréciase o incremento da rede de liñas de transporte público activas na provincia e a ampliación da cobertura territorial. Antes da implantación do PTPG, os principais núcleos de poboación estaban conectados entre eles; non obstante, algúns puntos da provincia distantes das zonas urbanas aínda carecían de servizo, ficando máis illados.

Ademais da incorporación de servizos en contornas próximas ás liñas xa existentes en 2016, con frecuencia a través de liñas integradas ou compartidas, tamén se aprecia o aumento de servizos cara ás provincias limítrofes para mellorar a conexión de toda a rede.

Coa variación experimentada na provincia da Coruña no período de análise da memoria, aínda que todo o aumento se concentra nas liñas non integradas, o número de liñas integradas ou compartidas segue superando en 32 ao número de liñas non integradas. Con todo, no caso das paradas, servizos e quilómetros de servizo, as cifras son superiores na oferta non integrada. Isto débese á maior frecuencia e maiores distancias percorridas polas liñas non integradas.

Entre o período de estudo da anterior memoria anual e o presente período de estudo, a maior variación experimentouse no número de paradas cunha subida de 3 puntos porcentuais, o que supón ao redor de 700 paradas.

En total, en xuño de 2023, na provincia da Coruña rexistráronse un total, en cómputo anual, de máis de 1,13 millóns de servizos, que se prestaban por medio de máis de 1.200 liñas nas que se atenden case 23.000 puntos de parada.

- **Oferta de transporte público integrado ou compartido**

A continuación, preséntase unha análise dos datos da oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos compartidos na provincia da Coruña.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO													
A CORUÑA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM
2022	07	634	38	596	7.040	485	6.555	275.202	14.135	261.067	4.420.405	209.291	4.211.114
	08	634	38	596	7.067	485	6.582	275.202	14.135	261.067	4.436.211	209.291	4.226.920
	09	632	38	594	7.067	485	6.582	274.240	14.135	260.105	4.445.475	209.291	4.236.184
	10	632	38	594	7.073	485	6.588	276.478	14.135	262.343	4.526.936	209.291	4.317.645
	11	632	36	596	7.142	466	6.676	276.478	13.363	263.115	4.574.811	197.980	4.376.831
	12	630	36	594	7.137	466	6.671	272.927	13.363	259.564	4.505.463	197.980	4.307.483
2023	01	628	35	593	7.142	465	6.677	271.987	12.939	259.048	4.498.145	194.334	4.303.811
	02	626	35	591	7.133	465	6.668	270.647	12.929	257.718	4.481.041	194.244	4.286.796
	03	625	35	590	7.134	465	6.669	270.195	12.929	257.266	4.481.364	194.244	4.287.119
	04	625	35	590	7.134	465	6.669	270.195	12.929	257.266	4.479.359	194.244	4.285.115
	05	625	35	590	7.138	465	6.673	270.195	12.929	257.266	4.480.533	194.244	4.286.289
	06	624	35	589	7.134	465	6.669	269.775	12.929	256.846	4.471.365	194.244	4.277.121
Período 2022 - 2023		**624**	**35**	**589**	**7.134**	**465**	**6.669**	**269.775**	**12.929**	**256.846**	**4.471.365**	**194.244**	**4.277.121**
Período 2021 - 2022		**634**	**38**	**596**	**7.042**	**485**	**6.557**	**275.202**	**14.135**	**261.067**	**4.420.633**	**209.291**	**4.211.342**
% Variación		**-1,6%**	**-7,9%**	**-1,2%**	**1,3%**	**-4,1%**	**1,7%**	**-2,0%**	**-8,5%**	**-1,6%**	**1,1%**	**-7,2%**	**1,6%**

Na táboa anterior pódese observar como a oferta de liñas de transporte público integrado ou compartido na provincia da Coruña mantívose practicamente estable ao longo deste período anual.

A maioría da oferta de servizos integrados ou compartidos, tanto en tempada lectiva como en tempada non lectiva, está conformada por servizos baixo demanda, superando o 90% do total de servizos integrados.

Cabe recordar que, para considerar unha liña ou un servizo baixo demanda basta con que algunha das súas paradas se ofreza mediante esta modalidade. No caso das liñas integradas ou compartidas, tódalas paradas nas que hai reservas de praza activas son fixas. As paradas que non teñen asignados/as escolares poden prestarse baixo demanda para persoas usuarias xerais se se considera oportuno para garantir un servizo áxil.

Dos elementos que compoñen a oferta do transporte integrado ou compartido, o número de paradas integradas é o que maior variación positiva experimenta con respecto a datos do período anterior, cunha suba do 1,3%. Esta subida débese concretamente ao aumento de paradas a demanda. As paradas integradas a demanda supoñen máis do 90% de paradas integradas da provincia.

En total, a oferta de transporte público integrado ou compartido na provincia da Coruña supera os 269 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 600 liñas, que suman máis de 7 mil puntos de parada.

- **Oferta de transporte público non integrado**

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de transporte público non integrado en cómputo anual para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos por todos os servizos regulares na provincia da Coruña.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO													
A CORUÑA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXOS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXOS	A DEM
2022	07	549	465	84	15.181	12.914	2.267	860.643	798.424	62.219	23.621.387	21.024.607	2.596.780
	08	559	475	84	15.373	13.106	2.267	860.643	798.424	62.219	23.621.097	21.024.317	2.596.780
	09	560	476	84	15.392	13.125	2.267	860.643	798.424	62.219	23.621.097	21.024.317	2.596.780
	10	561	475	86	15.443	13.090	2.353	860.181	797.297	62.884	23.634.683	20.994.675	2.640.008
	11	560	473	87	15.442	13.058	2.384	859.202	795.814	63.388	23.642.698	20.974.612	2.668.086
	12	563	474	89	15.486	13.079	2.407	859.892	795.179	64.713	23.637.010	20.955.041	2.681.969
2023	01	567	477	90	15.536	13.124	2.412	859.897	794.662	65.235	23.590.670	20.902.489	2.688.180
	02	569	477	92	15.550	13.128	2.422	860.522	793.964	66.558	23.601.941	20.895.647	2.706.294
	03	570	477	93	15.554	13.129	2.425	861.044	793.964	67.080	23.537.984	20.830.735	2.707.249
	04	580	487	93	15.706	13.281	2.425	861.532	794.452	67.080	23.614.343	20.907.095	2.707.249
	05	580	487	93	15.727	13.302	2.425	864.042	796.962	67.080	23.672.826	20.965.578	2.707.249
	06	592	498	94	15.801	13.365	2.436	864.705	797.205	67.500	23.691.010	20.974.594	2.716.416
Período 2022 - 2023		**592**	**498**	**94**	**15.801**	**13.365**	**2.436**	**864.705**	**797.205**	**67.500**	**23.691.010**	**20.974.594**	**2.716.416**
Período 2021 - 2022		**549**	**465**	**84**	**15.167**	**12.908**	**2.259**	**860.949**	**798.298**	**62.651**	**23.603.546**	**21.008.170**	**2.595.376**
% Variación		**7,8%**	**7,1%**	**11,9%**	**4,2%**	**3,5%**	**7,8%**	**0,4%**	**-0,1%**	**7,7%**	**0,4%**	**-0,2%**	**4,7%**

Nesta provincia, obsérvase como as variacións nos cómputos totais son pequenas, aínda que positivas, marcando unha tendencia á estabilidade. Así, o transporte non integrado responde á necesidade dun servizo para atender de modo eficiente as necesidades das persoas usuarias xerais.

A oferta de liñas de transporte non integrado experimentou un incremento paulatino no período analizado, con 43 novas liñas e un crecemento proporcional do número de paradas.

En todos os aspectos analizados, o crecemento da oferta de transporte a demanda é maior ao da oferta de transporte fixo. Esta modalidade de transporte permite reforzar as posibilidades de conexión dos núcleos menos poboados sen penalizar a

duración dos traxectos cando non existen peticións do servizo.

Actualmente a oferta de servizos de transporte público non integrado alcanza os máis de 860.000 servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de medio milleiro de liñas dando servizo a máis de 15.000 paradas.

2.2.2.2. Provincia de Lugo

- **Oferta de transporte público total**

Neste apartado preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta de transporte público total con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos de transporte que están adscritos á provincia de Lugo.

Ademais, na seguinte táboa móstranse os datos representativos do período anterior, en xuño de 2022, e a variación até xuño de 2023.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL													
LUGO													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT
2022	07	634	503	131	8.605	5.777	2.828	249.490	166.710	82.780	8.791.758	3.745.762	5.045.996
	08	636	503	133	8.672	5.805	2.867	249.494	166.554	82.940	8.793.575	3.739.140	5.054.434
	09	640	507	133	8.715	5.847	2.868	249.905	166.949	82.956	8.797.509	3.741.295	5.056.214
	10	639	506	133	8.723	5.855	2.868	249.696	166.740	82.956	8.797.177	3.737.267	5.059.910
	11	638	505	133	8.721	5.849	2.872	249.052	166.108	82.944	8.769.147	3.709.455	5.059.692
	12	638	505	133	8.731	5.859	2.872	249.052	166.108	82.944	8.775.442	3.715.750	5.059.692
2023	01	638	505	133	8.726	5.853	2.873	248.973	166.076	82.897	8.766.402	3.707.564	5.058.838
	02	639	506	133	8.728	5.855	2.873	249.327	166.430	82.897	8.767.737	3.708.898	5.058.838
	03	639	506	133	8.727	5.856	2.871	249.327	166.430	82.897	8.759.537	3.701.211	5.058.326
	04	639	505	134	8.728	5.852	2.876	249.327	166.221	83.106	8.754.502	3.699.014	5.055.488
	05	640	499	141	8.732	5.824	2.908	249.115	164.018	85.097	8.754.867	3.662.860	5.092.007
	06	643	498	145	8.747	5.820	2.927	249.117	163.809	85.308	8.753.052	3.660.175	5.092.877
Período 2022 - 2023		**643**	**498**	**145**	**8.747**	**5.820**	**2.927**	**249.117**	**163.809**	**85.308**	**8.753.052**	**3.660.175**	**5.092.877**
Período 2021 - 2022		**633**	**503**	**130**	**8.602**	**5.777**	**2.825**	**249.502**	**166.710**	**82.792**	**8.793.514**	**3.745.762**	**5.047.753**
% Variación		**1,6%**	**-1,0%**	**11,5%**	**1,7%**	**0,7%**	**3,6%**	**-0,2%**	**-1,7%**	**3,0%**	**-0,5%**	**-2,3%**	**0,9%**

Lugo é, xunto con Ourense, a provincia con menor oferta total de transporte público, debido ás diferenzas existentes entre as provincias en canto á distribución territorial da poboación e as súas necesidades de mobilidade.

O incremento do número de liñas na provincia de Lugo foi moderado durante os 12 meses de estudo, aínda que constante, pasando de 633 liñas en xullo de 2022 a 643 liñas en xuño de 2023.

Se comparamos o número de liñas totais na provincia, observamos unha suba do 1,6% con respecto ao número total de liñas existente á finalización do período de análise da memoria anterior.

No seguinte mapa pódense observar as liñas en servizo no ano 2016 e as liñas existentes de forma posterior á finalización da implantación do PTPG. Así, apréciase o incremento da rede de liñas de transporte público activas na provincia e a ampliación da cobertura territorial. Antes da implantación do PTPG, os principais núcleos de poboación estaban conectados entre si; con todo, algúns puntos distantes das zonas urbanas carecían de servizo, quedando máis illados.



Ademais da incorporación de servizos en contornas próximas ás liñas xa existentes en 2016, con frecuencia a través de liñas integradas ou compartidas, tamén se aprecia o aumento de servizos cara ás provincias limítrofes para mellorar a conexión en toda a rede.

En xuño de 2023, na provincia de Lugo rexistráronse máis de 240.000 circulacións anuais. Unha ampla maioría, máis do 65%, correspóndense con servizos integrados ou compartidos, sendo máis de 163.000, fronte aos case 85.000 que son servizos non compartidos con escolares.

En comparación cos datos da memoria anterior, o número de paradas que conforman a rede de liñas na provincia incrementouse en case 145 durante este ano. Os quilómetros de servizo realizados ao ano mantéñense practicamente igual ao longo deste período.

- **Oferta de transporte público integrado ou compartido**

A continuación, preséntase unha análise dos datos de oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos compartidos na provincia de Lugo. A seguinte táboa recolle tamén a comparativa cos datos representativos da oferta no período de análise da memoria anterior, mostrando a correspondente variación porcentual.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO												
LUGO												
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM
2022	07	503	92	411	5.777	1.110	4.667	166.710	27.330	139.380	3.745.762	631.375	3.114.387
	08	503	93	410	5.805	1.142	4.663	166.554	27.677	138.877	3.739.140	652.369	3.086.772
	09	507	102	405	5.847	1.236	4.611	166.949	29.115	137.834	3.741.295	678.167	3.063.128
	10	506	102	404	5.855	1.237	4.618	166.740	29.115	137.625	3.737.267	678.167	3.059.100
	11	505	99	406	5.849	1.194	4.655	166.108	27.669	138.439	3.709.455	648.685	3.060.770
	12	505	99	406	5.859	1.198	4.661	166.108	27.669	138.439	3.715.750	648.888	3.066.862
2023	01	505	98	407	5.853	1.189	4.664	166.076	26.995	139.081	3.707.564	639.916	3.067.648
	02	506	98	408	5.855	1.174	4.681	166.430	26.931	139.499	3.708.898	626.453	3.082.445
	03	506	95	411	5.856	1.131	4.725	166.430	25.389	141.041	3.701.211	579.157	3.122.053
	04	505	95	410	5.852	1.131	4.721	166.221	25.389	140.832	3.699.014	579.157	3.119.857
	05	499	95	404	5.824	1.132	4.692	164.018	25.389	138.629	3.662.860	579.157	3.083.703
	06	498	95	403	5.820	1.132	4.688	163.809	25.389	138.420	3.660.175	579.157	3.081.018
Período 2022 - 2023		**498**	**95**	**403**	**5.820**	**1.132**	**4.688**	**163.809**	**25.389**	**138.420**	**3.660.175**	**579.157**	**3.081.018**
Período 2021 - 2022		**503**	**92**	**411**	**5.777**	**1.110**	**4.667**	**166.710**	**27.330**	**139.380**	**3.745.762**	**631.375**	**3.114.387**
% Variación		**-1,0%**	**3,3%**	**-1,9%**	**0,7%**	**2,0%**	**0,4%**	**-1,7%**	**-7,1%**	**-0,7%**	**-2,3%**	**-8,3%**	**-1,1%**

Ao longo do período anual analizado, a oferta de transporte público integrado ou compartido na provincia de Lugo mantívose practicamente estable, reflectindo un sistema de transporte maduro e adaptado ás necesidades reais de desprazamento da poboación.

Aínda que as variacións en servizos integrados ou compartidos fixos sexan maiores que en servizos baixo demanda, a maioría dos servizos integrados ou compartidos son servizos baixo demanda. Así, a oferta de liñas integradas ou compartidas a demanda representa máis do 80% das liñas integradas ou compartidas da provincia.

Cabe recordar que, para considerar unha liña ou un servizo baixo demanda basta con que algunha das súas paradas se ofreza baixo esta modalidade. No caso das liñas integradas ou compartidas, todas as paradas nas que hai reservas de praza activas son fixas. As paradas que non teñen asignados/as escolares poden prestarse baixo demanda para persoas usuarias xerais se se considera oportuno para garantir un servizo áxil.

Actualmente, a oferta de servizos de transporte público integrado ou compartido na provincia de Lugo supera os 163 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de case medio milleiro de liñas dando servizo a máis de 5.800 paradas na provincia de Lugo.

- **Oferta de transporte público non integrado**

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de servizos non integrados para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos regulares na provincia de Lugo.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO													
LUGO													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM
2022	07	131	91	40	2.828	1.969	859	82.780	67.056	15.724	5.045.996	4.036.052	1.009.945
	08	133	91	42	2.867	1.969	898	82.940	66.554	16.386	5.054.434	4.029.053	1.025.382
	09	133	91	42	2.868	1.970	898	82.956	66.570	16.386	5.056.214	4.030.833	1.025.382
	10	133	91	42	2.868	1.970	898	82.956	66.570	16.386	5.059.910	4.034.529	1.025.382
	11	133	91	42	2.872	1.971	901	82.944	66.570	16.374	5.059.692	4.034.529	1.025.164
	12	133	91	42	2.872	1.971	901	82.944	66.570	16.374	5.059.692	4.034.529	1.025.164
2023	01	133	91	42	2.873	1.972	901	82.897	66.535	16.362	5.058.838	4.033.963	1.024.875
	02	133	91	42	2.873	1.972	901	82.897	66.535	16.362	5.058.838	4.033.963	1.024.875
	03	133	90	43	2.871	1.953	918	82.897	66.375	16.522	5.058.326	4.028.607	1.029.719
	04	134	90	44	2.876	1.953	923	83.106	66.375	16.731	5.055.488	4.023.572	1.031.915
	05	141	92	49	2.908	1.965	943	85.097	66.375	18.722	5.092.007	4.029.898	1.062.110
	06	145	94	51	2.927	1.973	954	85.308	66.377	18.931	5.092.877	4.028.082	1.064.795
Período 2022 - 2023		**145**	**94**	**51**	**2.927**	**1.973**	**954**	**85.308**	**66.377**	**18.931**	**5.092.877**	**4.028.082**	**1.064.795**
Período 2021 - 2022		**130**	**90**	**40**	**2.825**	**1.966**	**859**	**82.792**	**67.058**	**15.734**	**5.047.753**	**4.036.292**	**1.011.461**
% Variación		**11,5%**	**4,4%**	**27,5%**	**3,6%**	**0,4%**	**11,1%**	**3,0%**	**-1,0%**	**20,3%**	**0,9%**	**-0,2%**	**5,3%**

Nos datos da táboa anterior, pódese observar un crecemento moderado da oferta de liñas e das paradas dispoñibles na rede de servizos da provincia de Lugo.

Durante este período anual produciuse un incremento do número de liñas de máis do 11% a xuño do 2022, sendo un total de 15 liñas máis, namentres o número de paradas aumentou en máis dun 3%, sendo 102 paradas máis que ao final do último período. O número de circulacións anuais crece proporcionalmente ao número de paradas. Estas variacións débense principalmente á incorporación de servizos non integrados baixo demanda, aínda que seguen representando unha proporción menor que os servizos fixos con respecto ao total. O número de quilómetros anuais percorridos mantense practicamente estable durante este período.

En total, a oferta de transporte público non integrado na provincia conta en xuño de 2023 con máis de 85 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de 145 liñas que dan servizo a máis de 2.900 paradas.

Lugo é a provincia con menor número de servizos de transporte non integrado debido, principalmente, á distribución territorial da poboación e ás pautas de mobilidade na provincia.

2.2.2.3. Provincia de Ourense

- **Oferta de transporte público total**

Neste apartado preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta de transporte público total con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos de transporte que están adscritos á provincia de Ourense. Ademais, na seguinte táboa amósanse os datos representativos do período anterior, até xuño de 2022, e a variación até xuño de 2023.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL													
OURENSE													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT
2022	07	676	442	234	8.863	4.464	4.399	294.664	171.954	122.710	7.915.604	3.343.539	4.572.064
	08	690	454	236	9.127	4.686	4.441	294.064	171.454	122.610	7.883.200	3.351.127	4.532.072
	09	690	454	236	9.126	4.683	4.443	294.064	171.454	122.610	7.880.846	3.348.773	4.532.072
	10	694	455	239	9.171	4.696	4.475	293.823	171.776	122.047	7.874.486	3.350.142	4.524.344
	11	692	452	240	9.195	4.708	4.487	292.955	170.470	122.485	7.882.564	3.342.477	4.540.087
	12	692	452	240	9.202	4.712	4.490	292.947	170.470	122.477	7.907.370	3.343.618	4.563.752
2023	01	693	452	241	9.221	4.717	4.504	292.889	170.412	122.477	7.908.269	3.344.517	4.563.752
	02	693	449	244	9.237	4.718	4.519	292.259	169.385	122.874	7.904.424	3.338.231	4.566.193
	03	694	448	246	9.255	4.725	4.530	292.645	169.031	123.614	7.901.642	3.326.107	4.575.535
	04	692	447	245	9.239	4.718	4.521	293.074	169.384	123.690	7.900.813	3.318.153	4.582.660
	05	694	447	247	9.285	4.727	4.558	293.074	169.384	123.690	7.908.660	3.323.826	4.584.834
	06	694	447	247	9.291	4.728	4.563	293.075	169.384	123.691	7.908.857	3.323.826	4.585.030
Período 2022 - 2023		**694**	**447**	**247**	**9.291**	**4.728**	**4.563**	**293.075**	**169.384**	**123.691**	**7.908.857**	**3.323.826**	**4.585.030**
Período 2021 - 2022		**677**	**442**	**235**	**8.881**	**4.463**	**4.418**	**295.216**	**171.954**	**123.262**	**7.925.440**	**3.343.539**	**4.581.901**
% Variación		**2,5%**	**1,1%**	**5,1%**	**4,6%**	**5,9%**	**3,3%**	**-0,7%**	**-1,5%**	**0,3%**	**-0,2%**	**-0,6%**	**0,1%**

Ourense é, xunto con Lugo, a provincia con menor oferta total de transporte público, debido ás diferenzas existentes entre provincias en canto á distribución territorial da poboación e ás súas necesidades de mobilidade.

Do mesmo xeito que nas outras provincias analizadas, en Ourense a estabilidade é significativa ao longo do período de análise. A variación do número de servizos e circulacións foi mínima ao longo do período da memoria actual. O número de liñas e paradas creceu un 2,5% e un 4,6%, respectivamente, sobre os valores de xuño de 2022.

No seguinte mapa pódense observar as liñas en servizo no ano 2016 e as liñas en funcionamento tras a finalización da implantación do PTPG. Así, apréciase o incremento da rede de liñas de transporte público activas na provincia e a ampliación da cobertura territorial. Con todo, os cambios tras a implantación do PTPG na provincia de Ourense foron menores que no resto das provincias debido á integración realizada nesta provincia no ano 2017.



A oferta de paradas foi o aspecto da oferta que maior variación experimentou con respecto a datos de peche do período anterior. Durante os últimos 12 meses, a oferta de paradas aumentou en case un 5%, superando as 9 mil paradas.

A modalidade de transporte integrado ou compartido representa meirande parte da oferta na provincia de Ourense. As liñas integradas comportan máis do 64% das liñas totais, aínda que durante este período o número de liñas non integradas creceu máis que o número de liñas integradas.

As variacións en servizos anuais e quilómetros de servizo foron practicamente nulas durante este período. En xuño de 2023, na provincia de Ourense a oferta total de servizos superaba as 293 mil circulacións, que cobren máis de 7,9 millóns de quilómetros ao ano. Nesta provincia, os quilómetros cubertos por servizos non integrados son lixeiramente máis que os quilómetros cubertos por servizos integrados.

O número de liñas en servizo na provincia de Ourense en xuño de 2023 era 694, dando servizo a máis de 9.200 paradas.

- **Oferta de transporte público integrado ou compartido**

A continuación, preséntase unha análise dos datos de oferta de transporte público integrado ou compartido para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos compartidos na provincia de Ourense. A seguinte táboa recolle tamén a comparativa cos datos representativos da oferta do período de análise da memoria anterior, coa correspondente variación porcentual entre ambos períodos.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO													
OURENSE													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM
2022	07	442	113	329	4.464	1.003	3.461	171.954	38.873	133.081	3.343.539	593.757	2.749.782
	08	454	108	346	4.686	969	3.717	171.454	36.791	134.663	3.351.127	566.638	2.784.490
	09	454	108	346	4.683	968	3.715	171.454	36.791	134.663	3.348.773	564.919	2.783.854
	10	455	110	345	4.696	962	3.734	171.776	37.145	134.631	3.350.142	552.899	2.797.243
	11	452	110	342	4.708	979	3.729	170.470	37.177	133.293	3.342.477	551.110	2.791.367
	12	452	110	342	4.712	979	3.733	170.470	37.177	133.293	3.343.618	550.112	2.793.507
2023	01	452	110	342	4.717	983	3.734	170.412	37.149	133.263	3.344.517	551.621	2.792.896
	02	449	109	340	4.718	983	3.735	169.385	36.862	132.523	3.338.231	550.300	2.787.931
	03	448	109	339	4.725	985	3.740	169.031	36.862	132.169	3.326.107	550.300	2.775.807
	04	447	108	339	4.718	981	3.737	169.384	37.243	132.141	3.318.153	549.950	2.768.203
	05	447	108	339	4.727	983	3.744	169.384	37.243	132.141	3.323.826	549.989	2.773.837
	06	447	108	339	4.728	983	3.745	169.384	37.243	132.141	3.323.826	549.989	2.773.837
Período 2022 - 2023		**447**	**108**	**339**	**4.728**	**983**	**3.745**	**169.384**	**37.243**	**132.141**	**3.323.826**	**549.989**	**2.773.837**
Período 2021 - 2022		**442**	**113**	**329**	**4.463**	**1.003**	**3.460**	**171.954**	**38.873**	**133.081**	**3.343.539**	**593.757**	**2.749.782**
% Variación		**1,1%**	**-4,4%**	**3,0%**	**5,9%**	**-2,0%**	**8,2%**	**-1,5%**	**-4,2%**	**-0,7%**	**-0,6%**	**-7,4%**	**0,9%**

Pódese observar como a oferta de transporte público integrado ou compartido da provincia de Ourense foi practicamente constante nos últimos 12 meses, aínda que se produce un transvasamento significativo de servizos cara á modalidade de transporte baixo demanda, que xa era a modalidade maioritaria. Así, os servizos integrados ou compartidos baixo demanda representan máis do 75% do total de servizos integrados ou compartidos na provincia.

Cabe sinalar que se mantén o número de liñas activas e de servizos dispoñibles nos meses de xullo e agosto, aínda tratándose de meses non lectivos. Isto débese ao mantemento para o público xeral de liñas que prestan servizos compartidos existentes en tempada lectiva.

Cabe recordar que, para considerar unha liña ou un servizo baixo demanda basta con que algunha das súas paradas se ofreza baixo esta modalidade. No caso das liñas integradas ou compartidas, todas as paradas nas que hai reservas de praza activas son fixas. As paradas que non teñen asignados/as escolares poden prestarse baixo demanda para persoas usuarias xerais se se considera oportuno para garantir un servizo áxil.

En total, no mes de xuño do 2023 a oferta de transporte público compartido ou integrado aproximase na provincia de Ourense aos 170 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de 447 liñas dando servizo a máis de 4.700 paradas.

- **Oferta de transporte público non integrado**

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos dos servizos non integrados que reflicte a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais e quilómetros anuais percorridos polos servizos regulares na provincia de Ourense. Ademais, na seguinte táboa móstranse os datos representativos do período anterior, até xuño de 2022, e a variación até xuño de 2023.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO													
OURENSE													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXOS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXOS	A DEM
2022	07	234	131	103	4.399	2.406	1.993	122.710	83.450	39.260	4.572.064	2.948.425	1.623.640
	08	236	124	112	4.441	2.233	2.208	122.610	80.356	42.254	4.532.072	2.787.832	1.744.240
	09	236	124	112	4.443	2.235	2.208	122.610	80.356	42.254	4.532.072	2.787.832	1.744.240
	10	239	125	114	4.475	2.257	2.218	122.047	79.761	42.286	4.524.344	2.779.945	1.744.399
	11	240	125	115	4.487	2.257	2.230	122.485	79.761	42.724	4.540.087	2.781.846	1.758.241
	12	240	125	115	4.490	2.260	2.230	122.477	79.755	42.722	4.563.752	2.805.744	1.758.008
2023	01	241	124	117	4.504	2.256	2.248	122.477	79.555	42.922	4.563.752	2.803.931	1.759.821
	02	244	124	120	4.519	2.248	2.271	122.874	79.270	43.604	4.566.193	2.800.957	1.765.236
	03	246	124	122	4.530	2.246	2.284	123.614	79.270	44.344	4.575.535	2.800.470	1.775.065
	04	245	123	122	4.521	2.237	2.284	123.690	78.930	44.760	4.582.660	2.794.568	1.788.092
	05	247	125	122	4.558	2.273	2.285	123.690	78.930	44.760	4.584.834	2.793.238	1.791.596
	06	247	123	124	4.563	2.229	2.334	123.691	79.061	44.630	4.585.030	2.785.483	1.799.547
Período 2022 - 2023		**247**	**123**	**124**	**4.563**	**2.229**	**2.334**	**123.691**	**79.061**	**44.630**	**4.585.030**	**2.785.483**	**1.799.547**
Período 2021 - 2022		**235**	**131**	**104**	**4.418**	**2.410**	**2.008**	**123.262**	**83.751**	**39.511**	**4.581.901**	**2.951.188**	**1.630.713**
% Variación		**5,1%**	**-6,1%**	**19,2%**	**3,3%**	**-7,5%**	**16,2%**	**0,3%**	**-5,6%**	**13,0%**	**0,1%**	**-5,6%**	**10,4%**

Seguindo as tendencias comentadas anteriormente, o número de liñas e paradas non integradas aumentou de forma paulatina durante os últimos 12 meses. En ambos os casos, os servizos a demanda son os que maior incremento experimentaron, representando un 19% de variación no número de liñas e un 16% no número de paradas.

En resposta aos criterios seguidos no PTPG, nos cales se establece que o transporte baixo demanda é unha solución para garantir o acceso á rede de transporte público en zonas con baixa ou nula demanda previa, tamén no transporte non integrado ou compartido existe unha migración cualitativa de paradas e liñas fixas a paradas e liñas baixo demanda.

A oferta de servizos de transporte público non integrado superou en xuño de 2023 en Ourense máis de 123 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de 247 liñas dando servizo a máis de 4.500 paradas.

2.2.2.4. Provincia de Pontevedra

- **Oferta de transporte público total**

Seguidamente preséntanse os datos para observar a evolución mensual da oferta global de servizos con respecto ás liñas, paradas, circulacións anuais e quilómetros anuais percorridos polos servizos que están adscritos á provincia de Pontevedra. Ademais, na seguinte táboa móstranse os datos representativos do período anterior, até xuño de 2022, e a variación con respecto a xuño de 2023.

TRANSPORTE PÚBLICO TOTAL													
PONTEVEDRA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT	TOTAL	INT	NON INT
2022	07	1.002	686	316	14.639	6.559	8.080	672.745	271.003	401.742	12.448.414	3.352.860	9.095.554
	08	1.004	686	318	14.682	6.599	8.083	670.842	271.044	399.798	12.446.243	3.374.217	9.072.027
	09	1.004	686	318	14.694	6.608	8.086	670.842	271.044	399.798	12.451.123	3.376.411	9.074.713
	10	1.004	686	318	14.695	6.611	8.084	670.832	270.783	400.049	12.454.760	3.374.776	9.079.984
	11	1.005	685	320	14.730	6.615	8.115	672.909	271.328	401.581	12.494.189	3.384.204	9.109.986
	12	1.014	685	329	15.072	6.621	8.451	674.058	271.328	402.730	12.616.706	3.390.206	9.226.500
2023	01	1.016	685	331	15.109	6.629	8.480	674.023	271.339	402.684	12.617.918	3.391.640	9.226.278
	02	1.017	685	332	15.146	6.636	8.510	656.288	271.339	384.949	12.303.700	3.392.473	8.911.228
	03	1.017	685	332	15.148	6.638	8.510	656.288	271.339	384.949	12.306.868	3.391.705	8.915.163
	04	1.021	688	333	15.214	6.672	8.542	654.934	270.985	383.949	12.264.785	3.374.447	8.890.338
	05	1.016	680	336	15.199	6.551	8.648	653.165	267.297	385.868	12.248.586	3.291.547	8.957.038
	06	1.017	680	337	15.241	6.560	8.681	672.264	266.732	405.532	12.577.090	3.295.450	9.281.640
Período 2022 - 2023		**1.017**	**680**	**337**	**15.241**	**6.560**	**8.681**	**672.264**	**266.732**	**405.532**	**12.577.090**	**3.295.450**	**9.281.640**
Período 2021 - 2022		**1.002**	**686**	**316**	**14.635**	**6.556**	**8.079**	**671.702**	**271.003**	**400.699**	**12.419.477**	**3.352.438**	**9.067.039**
% Variación		**1,5%**	**-0,9%**	**6,6%**	**4,1%**	**0,1%**	**7,5%**	**0,1%**	**-1,6%**	**1,2%**	**1,3%**	**-1,7%**	**2,4%**

Pontevedra é a segunda provincia con maior oferta de transporte público, despois da Coruña, debido a súa maior poboación e ás necesidades de mobilidade recorrente existentes.

Do mesmo xeito que no resto das provincias, destaca unha tendencia levemente crecente que indica estabilidade na oferta de transporte público, sen grandes cambios durante os meses de estudo da presente memoria.

Como reflicte a táboa anterior, a provincia pasou de ter 1.002 liñas no mes de xuño do 2022 a 1.017 liñas en xuño de 2023. Esta variación afecta de forma desigual ás liñas integradas e ás liñas non integradas, aumentando en maior medida o número de liñas non integradas. Con todo, o número de liñas integradas ou compartidas duplica o número de liñas non integradas.

No mapa que se mostra a continuación pódense ver representadas as liñas en servizo no ano 2016 e as liñas activas tras a implantación do PTPG. Así, apréciase o incremento da rede de liñas de transporte público activas na provincia e a ampliación da cobertura territorial.

Antes da implantación do PTPG, os principais núcleos de poboación estaban conectados entre si; con todo, algúns puntos distantes das zonas urbanas carecían de servizo, quedando máis illados.



Ademais de incorporar servizos en contornas próximas, a miúdo a través de liñas integradas ou compartidas, tamén se aprecia o aumento de liñas cara ás provincias limítrofes para a conexión de toda a rede na comunidade.

Aínda que na provincia de Pontevedra, o número de liñas integradas ou compartidas duplica ao de liñas non integradas, son maiores as cifras de paradas, servizos anuais e distancia percorrida polo transporte non integrado. Isto explícase debido a que o transporte non integrado ofrece maiores frecuencias e conecta poboacións máis afastadas.

En xuño de 2023, na provincia de Pontevedra rexistráronse un total, en cómputo anual, de máis de 670.000 servizos de transporte público, que se prestan por medio dunha rede formada por máis de 1.000 liñas que atenden máis de 15.200 paradas.

- **Oferta de transporte público integrado ou compartido**

A continuación, preséntase unha análise dos datos de servizos integrados para medir a evolución mensual das liñas, paradas, servizos anuais e quilómetros anuais percorridos de servizos compartidos na provincia de Pontevedra. A seguinte táboa recolle tamén a comparativa cos datos representativos da oferta do período de análise da memoria anterior e a correspondente variación porcentual entre ambos períodos.

TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO													
PONTEVEDRA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXAS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM	TOTAL INT	FIXOS	A DEM
2022	07	686	109	577	6.559	1.074	5.485	271.003	32.348	238.655	3.352.860	392.032	2.960.827
	08	686	109	577	6.599	1.078	5.521	271.044	32.347	238.697	3.374.217	395.838	2.978.379
	09	686	109	577	6.608	1.078	5.530	271.044	32.347	238.697	3.376.411	395.838	2.980.573
	10	686	109	577	6.611	1.078	5.533	270.783	32.347	238.436	3.374.776	395.838	2.978.938
	11	685	108	577	6.615	1.076	5.539	271.328	32.314	239.014	3.384.204	397.942	2.986.262
	12	685	109	576	6.621	1.095	5.526	271.328	36.375	234.953	3.390.206	465.322	2.924.884
2023	01	685	109	576	6.629	1.095	5.534	271.339	36.375	234.964	3.391.640	465.322	2.926.318
	02	685	109	576	6.636	1.095	5.541	271.339	36.375	234.964	3.392.473	465.322	2.927.151
	03	685	109	576	6.638	1.095	5.543	271.339	36.375	234.964	3.391.705	465.322	2.926.383
	04	688	109	579	6.672	1.126	5.546	270.985	36.198	234.787	3.374.447	469.924	2.904.523
	05	680	106	574	6.551	1.020	5.531	267.297	34.279	233.018	3.291.547	403.223	2.888.324
	06	680	106	574	6.560	1.020	5.540	266.732	34.644	232.088	3.295.450	410.552	2.884.898
Período 2022 - 2023		**680**	**106**	**574**	**6.560**	**1.020**	**5.540**	**266.732**	**34.644**	**232.088**	**3.295.450**	**410.552**	**2.884.898**
Período 2021 - 2022		**686**	**109**	**577**	**6.556**	**1.074**	**5.482**	**271.003**	**32.348**	**238.655**	**3.352.438**	**392.032**	**2.960.405**
% Variación		**-0,9%**	**-2,8%**	**-0,5%**	**0,1%**	**-5,0%**	**1,1%**	**-1,6%**	**7,1%**	**-2,8%**	**-1,7%**	**4,7%**	**-2,6%**

Seguindo as tendencias observadas anteriormente no resto de provincias, en cómputo xeral, o período actual é un período de estabilidade tamén en canto á oferta de transporte público integrado na provincia de Pontevedra.

Aínda observando variacións negativas, os cambios son leves. O axuste da oferta de transporte integrado ou compartido ao longo do ano responde á adaptación continua do sistema de transporte ás necesidades de desprazamento do colectivo estudantil.

Compre lembrar que, para considerar unha liña ou un servizo baixo demanda abonda con que algunha das súas paradas se ofreza baixo esta modalidade. No caso das liñas integradas ou compartidas, todas as paradas nas que hai reservas de praza activas son fixas. As paradas que non teñen asignados/as escolares poden prestarse baixo demanda para persoas usuarias xerais si se considerase oportuno para garantir un servizo áxil.

A oferta de servizos de transporte público integrado ou compartido na provincia de Pontevedra alcanzou en xuño de 2023 uns 266 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de 680 liñas que dan servizo a máis de 6.500 paradas.

- **Oferta de transporte público non integrado**

Neste apartado, preséntase unha análise dos datos de servizos non integrados para medir a evolución mensual con respecto ás liñas, paradas, servizos anuais, e quilómetros anuais percorridos polos servizos regulares na provincia de Pontevedra. Ademais, na seguinte táboa móstranse os datos representativos do período anterior, até xuño de 2022, e a variación até xuño de 2023.

TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO													
PONTEVEDRA													
ANO	MES	LIÑAS (UDS.)			PARADAS (UDS.)			SERVIZOS (UDS.)			VEH . KM (UDS. ANO)		
		TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXAS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXOS	A DEM	TOTAL NON INT	FIXOS	A DEM
2022	07	316	281	35	8.080	7.154	926	401.742	384.068	17.674	9.095.554	8.520.573	574.981
	08	318	283	35	8.083	7.157	926	399.798	382.154	17.644	9.072.027	8.497.739	574.288
	09	318	283	35	8.086	7.158	928	399.798	382.154	17.644	9.074.713	8.498.094	576.618
	10	318	283	35	8.084	7.156	928	400.049	382.405	17.644	9.079.984	8.503.365	576.618
	11	320	283	37	8.115	7.136	979	401.581	382.937	18.644	9.109.986	8.505.917	604.068
	12	329	286	43	8.451	7.234	1.217	402.730	384.021	18.709	9.226.500	8.641.243	585.257
2023	01	331	285	46	8.480	7.187	1.293	402.684	382.897	19.787	9.226.278	8.567.865	658.413
	02	332	283	49	8.510	7.179	1.331	384.949	361.852	23.097	8.911.228	8.216.857	694.370
	03	332	283	49	8.510	7.179	1.331	384.949	361.852	23.097	8.915.163	8.220.792	694.370
	04	333	283	50	8.542	7.126	1.416	383.949	357.623	26.326	8.890.338	8.092.386	797.951
	05	336	285	51	8.648	7.230	1.418	385.868	358.753	27.115	8.957.038	8.149.935	807.104
	06	337	285	52	8.681	7.247	1.434	405.532	378.675	26.857	9.281.640	8.478.485	803.155
Período 2022 - 2023		**337**	**285**	**52**	**8.681**	**7.247**	**1.434**	**405.532**	**378.675**	**26.857**	**9.281.640**	**8.478.485**	**803.155**
Período 2021 - 2022		**316**	**281**	**35**	**8.079**	**7.153**	**926**	**400.699**	**383.025**	**17.674**	**9.067.039**	**8.492.059**	**574.981**
% Variación		**6,6%**	**1,4%**	**48,6%**	**7,5%**	**1,3%**	**54,9%**	**1,2%**	**-1,1%**	**52,0%**	**2,4%**	**-0,2%**	**39,7%**

En cómputo total, pódese observar como a oferta de transporte público non integrado en Pontevedra incrementouse de forma moderada durante estes últimos 12 meses. Así, en xuño de 2023, a rede de transporte non integrado na provincia estaba formada por 21 liñas máis que en xuño de 2022, mentres que se sumaron máis de 600 paradas, case 5.000 circulacións ao ano e máis de 200.000 quilómetros de servizo.

Analizando a modalidade de prestación desta oferta, aínda que a maior parte da oferta de transporte público non integrado se presta de forma fixa, apréciase unha acusada tendencia de migración cara a un funcionamento baixo demanda. Do mesmo xeito que nas análises previas do resto de provincias, este transvasamento segue os criterios do PTPG como solución para garantir o acceso á rede de transporte público en zonas cunha demanda limitada mediante un uso eficiente dos recursos dispoñibles.

Neste sentido, o número de liñas baixo demanda aumentou case un 50% nos últimos 12 meses, pasando de 35 liñas en xuño de 2022 a 52 en xuño do 2023, mentres que o aumento de liñas fixas neste período foi de 4 novas liñas. En canto ás paradas, servizos e quilómetros de servizo a evolución segue unha proporción similar á das liñas.

En total, a oferta de servizos de transporte público non integrado no mes de xuño de 2023 superou os 405 mil servizos ao ano, os cales se efectúan por medio de máis de 330 liñas que dan servizo a máis de 8,6 mil paradas.

2.2.3. Oferta de servicios por Área de Transporte Metropolitano

As Áreas de Transporte Metropolitano, ATM, son unha figura de fomento do transporte público nas zonas de maior influencia da maioría das cidades de Galicia.

O obxectivo fundamental das Áreas de Transporte Metropolitano é mellorar a mobilidade e a accesibilidade na contorna de todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, que a cidadanía dispoña dun mellor servizo de transporte público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

No transporte metropolitano, unha viaxe defínese polo punto de inicio e finalización deste.

Antes do PTPG, a Xunta de Galicia desenvolveu unha liña de colaboración cos concellos para definir as accións de transporte nas Áreas Metropolitanas a través do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, PTMG. O obxectivo era proporcionar un mellor servizo de transporte público colectivo á cidadanía con melloras na configuración da oferta, beneficios tarifarios e bonificacións, para ofrecer unha alternativa concorrente e funcional ás opcións de mobilidade persoal.

Este conxunto de actuacións activouse na Coruña e Ferrol no ano 2005, e en Santiago de Compostela no ano 2006. Con todo, no ano 2011 implantouse na Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela o "Novo Plan de Transporte Metropolitano", que incorporou a Lugo en 2012 e a área de Vigo en 2015.

Os tres alicerces fundamentais do PTMG foron:

INTEGRACIÓN TARIFARIA

Cambiouse o anterior modelo quilométrico a un modelo zonal. Isto supuxo pasar de prezos baseados na distancia xeográfica entre os concretos puntos de orixe e destino a unha tarifa única para cada ámbito zonal previamente definido, sen que existan diferenzas segundo o modo de transporte público utilizado, a empresa que preste o servizo, as voltas que poida dar o autobús para unir varias paradas, ou o número de autobuses que teñan que coller as persoas usuarias para chegar a destino.

MELLORA DA OFERTA DE SERVIZOS

Incrementáronse os servizos de transporte a través da implantación de aqueles servizos de interese municipal que definiron os concellos.

MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS

Melloráronse as dotacións de infraestruturas, tales como as marquesiñas e postes de parada, así como a información para a cidadanía nas terminais e puntos de parada, especialmente a través das novas ferramentas tecnolóxicas.

A oferta de servizos dentro das ATM de Galicia que se presenta nos seguintes apartados céntrase exclusivamente nos servizos que non son baixo demanda nin compartidos, é dicir, os servizos fixos e regulares que transcorren polos concellos pertencentes a cada Área de Transporte Metropolitano, debido a que o Plan de Transporte Metropolitano ten como obxectivo facilitar o desprazamento e a mobilidade de forma recorrente da poboación. Os servizos baixo demanda e integrados teñen unha menor relevancia e non están incluídos dentro dos servizos se se ten en conta o enfoque do propio PTMG.

Polo tanto, as táboas que se mostran a continuación recollen a evolución mensual da oferta de servizos de transporte metropolitano en canto a liñas, paradas e servizos dentro do período no cal se centra a memoria.

2.2.3.1. ATM de A Coruña

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á Área de Transporte Metropolitano da Coruña, que está composta por 17 concellos repartidos en 13 zonas de transporte. A continuación, amósase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en canto a diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área de Transporte Metropolitano da Coruña, en xuño de 2023 atopábanse en servizo 443 liñas de transporte.

No seguinte gráfico pódese observar como o número de liñas na ATM da Coruña se incrementou en 15 entre xullo de 2022 a xuño de 2023, practicamente a totalidade entre os meses de xullo e agosto de 2022.

A ATM da Coruña supera en número de liñas á ATM de Santiago de Compostela e sitúase como a ATM con maior oferta de liñas, aínda que as cifras de ambas son similares.



- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

Aínda que nos últimos anos supera en número de liñas á ATM de Santiago de Compostela, a Área de Transporte Metropolitano da Coruña xa contaba cun maior número de paradas en xuño de 2021. Dous anos máis tarde, segue sendo a ATM con máis paradas. Entre xullo de 2022 e xuño de 2023 pasou de ter 7.356 puntos de parada a 7.693 puntos de parada.



Pódese observar no gráfico anterior como o número de paradas da ATM da Coruña foi aumentando co paso dos meses desde xullo de 2022. Nos últimos meses a flutuación nos puntos de parada obedece a axustes puntuais e responde o comportamento propio dun ámbito maduro.

- **Número de servizos e veh.km**

A Área de Transporte Metropolitano da Coruña tamén encabeza o número de servizos ofertados en cómputo anual en xuño do 2023, cun total de 448.190 circulacións ao ano.



Pódese observar no gráfico, como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, se foi incrementando levemente ao longo do período analizado na memoria debido aos cambios na oferta dos contratos de concesión neste tempo.

Na seguinte táboa amósase a evolución mensual da oferta de servizos ao longo destes 12 meses, xunto cos quilómetros percorridos. Ambos aspectos incrementáronse levemente neste período de análise.

Mes	Circulacións anuais	Veh. Km anuais
xul-22	447.458	13.312.091
ago-22	447.458	13.311.800
set-22	447.884	13.319.011
out-22	447.884	13.319.011
nov-22	446.882	13.332.455
dec-22	446.882	13.309.577
xan-22	445.947	13.250.061
feb-23	445.565	13.237.580
mar-23	445.635	13.237.165
abr-23	445.623	13.299.775
mai-23	448.133	13.358.258
xuñ-23	448.190	13.361.972

2.2.3.2. ATM de Ferrol

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á Área de Transporte Metropolitano de Ferrol. A continuación, móstrase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, que está composta por 11 concellos repartidos en 7 zonas de transporte, hai 223 liñas de autobús en servizo en xuño de 2023.



No gráfico anterior pódese observar como aumentou o número de liñas entre xullo de 2022 e xuño de 2023, cun crecemento de 12 liñas. O maior incremento deuse entre os meses de marzo e abril de 2023, cun aumento de 10 liñas.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

A Área de Transporte Metropolitano de Ferrol conta aproximadamente coa metade de puntos de parada e servizos que a ATM da Coruña, que é a máis extensa xunto a de Santiago de Compostela.

As diferenzas entre cada Área de Transporte Metropolitano veñen determinadas principalmente pola superficie que abarca cada unha delas na comunidade autónoma, así como pola densidade de poboación e as necesidades de mobilidade en cada zona. Ademais, nos datos recompilados para a ATM de Ferrol inclúese o transporte dentro da cidade, que está cuberto a través da rede de transporte interurbano por carecer Ferrol de transporte urbano propio.



No gráfico pódese observar como o número de paradas da ATM de Ferrol foi aumentando co paso dos meses desde xullo de 2022 a xuño de 2023 pasando de 3.629 puntos de parada a 3.754.

- **Número de servizos e veh.km**

En xuño de 2023, a ATM de Ferrol sitúase en terceiro lugar en número de servizos, cun total de 236.363 servizos ao ano, superando ás áreas de Vigo e Lugo.



No gráfico anterior pódese observar como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, mantívose estable no período de análise.

Na seguinte táboa obsérvase a evolución mensual da oferta de servizos e o cómputo total de quilómetros percorridos ao longo dos 12 meses de análise.

Mes	Circulacións anuais	Veh. Km anuais
xul-22	236.952	5.530.663
ago-22	236.952	5.532.244
set-22	236.952	5.532.244
out-22	236.345	5.525.714
nov-22	236.368	5.522.963
dec-22	236.158	5.576.720
xan-22	236.158	5.576.720
feb-23	235.791	5.572.826
mar-23	235.861	5.510.499
abr-23	236.361	5.587.261
mai-23	236.361	5.587.261
xuñ-23	236.363	5.587.529

Mentres o número de circulacións anuais baixou levemente durante o período de análise, o número de quilómetros de servizo aumentou debido a procesos de adaptación da oferta nos contratos de concesión.

2.2.3.3. ATM de Lugo

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á Área de Transporte Metropolitano Lugo. A continuación, móstrase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área de Transporte Metropolitano de Lugo, que está composta por 9 concellos repartidos en 6 zonas de transporte, en xuño do 2023 había 158 liñas de autobús en servizo.

A área de Lugo é a menos poboada das cinco zonas que contan con Áreas de Transporte Metropolitano activas e, por conseguinte, a que ten unha oferta de liñas comparativamente menor.



No gráfico anterior pódese observar que o número de liñas incrementouse en 7 entre xullo de 2022 e xuño de 2023.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

Como se indica anteriormente, a menor densidade de desprazamentos e mobilidade recorrente da poboación atendida na Área de Transporte Metropolitano de Lugo en comparación co resto de ATM, motiva que a de Lugo sexa a Área de Transporte Metropolitano con menos liñas, paradas e servizos das 5 Áreas de Transporte Metropolitano. Así, dispón, aproximadamente, da metade de paradas que a ATM de Ferrol, con 1.764.



No gráfico anterior pódese observar como o número de paradas da ATM de Lugo aumentou un 4% entre os meses de xullo de 2022 e xuño de 2023.

- **Número de servizos e veh.km**

No mes de xuño de 2023, a Área de Transporte Metropolitano de Lugo era a ATM con menor número de circulacións anuais, como xa se citou anteriormente, debido á natureza da zona de estudo, con menor densidade de poboación e mobilidade recorrente que outras áreas.



O número de circulacións anuais mantense estable durante o período de análise, tal e como se pode observar no gráfico anterior.

Na seguinte táboa móstrase a evolución mensual da oferta de servizos e o cómputo total de quilómetros percorridos ao longo destes 12 meses.

Mes	Circulacións anuais	Veh. Km anuais
xul-22	88.005	5.113.251
ago-22	87.973	5.113.636
set-22	87.989	5.115.231
out-22	87.989	5.117.932
nov-22	87.989	5.124.418
dec-22	87.989	5.089.867
xan-22	87.989	5.089.867
feb-23	87.989	5.089.867
mar-23	87.989	5.089.867
abr-23	87.989	5.084.832
mai-23	87.954	5.089.840
xuñ-23	87.956	5.088.032

Tanto o número de circulacións como a distancia percorrida mantense estable no período.

2.2.3.4. ATM de Santiago de Compostela

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, que está composta por 18 concellos repartidos en 12 zonas de transporte, había 426 liñas de autobús en servicio en xuño do 2023.

O seguinte gráfico mostra a evolución do número de liñas activas durante o período de estudo da presente memoria.



Desta forma, é a segunda Área de Transporte Metropolitano con maior número de liñas entre as cinco existentes en Galicia, só por baixo da Área de Transporte Metropolitano da Coruña, que a supera por 17 liñas. No gráfico pódese observar un incremento de 3 liñas entre xullo de 2022 e xuño de 2023.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

Ademais de en número de liñas, a ATM de Santiago de Compostela segue sendo a segunda Área de Transporte Metropolitano con máis paradas e servizos das cinco áreas de transporte metropolitano de Galicia. Aínda que é a máis grande por superficie, non posúe tanta poboación con mobilidade recorrente como a ATM da Coruña.



No gráfico anterior pódese observar que o número de paradas da ATM de Santiago de Compostela foise incrementando co paso dos meses de forma gradual. A variación total no número de paradas entre xullo de 2022 e xuño de 2023 ascende a 130, o que supón un incremento de máis do 2%. Deste modo, en xuño de 2023 a ATM de Santiago de Compostela conta con 5.752 puntos de parada activos.

- **Número de servizos e veh.km**

No mes de xuño de 2023, a Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela era a segunda con maior número de servizos en comparación co resto de ATM, cun total de 352.615 circulacións ao ano.



No gráfico anterior pódese observar como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, sufriu un leve receso durante este período, representando unha variación negativa de pouco máis de 1 punto porcentual.

Na seguinte táboa móstrase a evolución mensual da oferta de servizos e o cómputo total de quilómetros percorridos ao longo do período de estudo da memoria actual.

Mes	Circulacións anuais	Veh. Km anuais
xul-22	357.013	13.235.165
ago-22	357.013	13.240.191
set-22	354.597	13.222.713
out-22	354.993	13.271.486
nov-22	354.294	13.277.108
dec-22	353.871	13.239.673
xan-22	353.443	13.226.267
feb-23	353.441	13.194.485
mar-23	353.441	13.192.366
abr-23	352.917	13.188.803
mai-23	352.917	13.188.803
xuñ-23	352.615	13.184.714

Ademais das circulacións anuais, os quilómetros de servizo tamén experimentaron un leve descenso entre xullo de 2022 e xuño de 2023. Aínda así, a variación é practicamente nula, representando menos de 0,4 puntos porcentuais.

2.2.3.5. ATM de Vigo

Neste apartado móstrase a información dispoñible dos servizos de transporte público pertencentes á Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

A continuación, amósase a evolución mensual ao longo do período no que transcorre a memoria anual en canto a diferentes aspectos.

- **Número de liñas que prestan servizo**

Na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, que está composta por 13 concellos repartidos en 13 zonas de transporte, había en servizo 281 liñas de transporte en xuño de 2023.



No gráfico obsérvase que o número de liñas desde xullo de 2022 a xuño de 2023 se incrementou en 12 liñas, un 4,5%, pasando de 269 en xullo de 2022 a un total de 281 en xuño de 2023. O maior incremento no número de liñas deuse entre novembro e decembro do 2022.

- **Número de puntos de parada que facilitan o acceso das persoas usuarias aos servizos**

No seguinte gráfico pódese observar que o número de paradas da ATM de Vigo foise incrementando entre xullo de 2022 e xuño de 2023, aumentando aproximadamente 6 puntos porcentuais durante o período de análise da memoria, até alcanzar os 2.993 puntos de parada activos en xuño do 2023.



Do mesmo xeito que no resto das ATM, no gráfico pódese observar como o número de paradas na ATM de Vigo foi aumentando nos últimos meses. As pequenas flutuacións que se observan obedecen a axustes puntuais e responden ó comportamento propio dun sistema de transporte maduro e consolidado.

- **Número de servizos e veh.km**

En canto ao número de servizos, como no resto de indicadores, a Área de Transporte Metropolitano de Vigo no mes de xuño de 2023 sumaba un total de 222.484 circulacións ao ano.



No gráfico anterior pódese observar como o número de circulacións anuais, é dicir, servizos realizados ao ano, en cómputo global, se incrementou levemente ao longo do período analizado na memoria, a pesar do descenso en agosto de 2022.

Como nos datos relativos ás liñas, o aumento principal rexistrouse entre outubro e novembro de 2022, marcando unha tendencia de crecemento lixeiro nos meses seguintes.

A continuación, amósase na táboa a evolución mensual da oferta de servizos e o cómputo total de quilómetros percorridos ao longo destes 12 meses.

Mes	Circulacións anuais	Veh. Km anuais
xul-22	220.617	5.811.191
ago-22	218.780	5.772.148
set-22	218.780	5.772.148
out-22	218.780	5.772.445
nov-22	220.463	5.804.046
dec-22	221.434	5.931.287
xan-22	221.396	5.931.214
feb-23	221.396	5.931.214
mar-23	221.396	5.929.476
abr-23	220.396	5.904.652
mai-23	220.396	5.904.652
xuñ-23	222.484	5.957.953

Os servizos anuais e os quilómetros de servicio foron variando desde xullo de 2022 por distintos axustes da oferta nos contratos de concesión ao longo destes 12 meses. Tanto os quilómetros de servizo como as circulacións anuais ofertadas aumentaron neste período.



3

A DEMANDA DE PERSOAS USUARIAS

Neste capítulo móstrase a evolución da demanda de persoas usuarias do transporte público por estrada en Galicia nos últimos 7 anos, é dicir, desde o ano 2016 ata xuño do ano 2023, tres anos despois da posta en funcionamento das novas concesións de transporte público coa implantación do PTPG.

Para empezar, realízase unha recompilación dos datos máis representativos da demanda agregados anualmente entre o 2016 e o 2023, incluíndo o período en que levou a cabo a transición e posta en marcha do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), para posteriormente centrarse nos datos referentes ao período da memoria anual actual, entre xullo de 2022 e xuño de 2023.

O obxectivo é describir a información necesaria para analizar a evolución do transporte público por estrada de Galicia e avaliar como afectou a integración e consolidación do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG), coa renovación dos contratos de concesión ata o ano 2030.

A información desagregase por tipo de servizo e ámbito territorial: Comunidade Autónoma, Provincia, Área de Transporte Metropolitano e Comarca. Os datos a nivel de comarca preséntanse en forma de fichas nun anexo ao final desta memoria.

En canto aos tipos de servizo, **reflíctese a información mantendo a estrutura utilizada na análise da oferta de transporte público de Galicia, no capítulo anterior.**

A análise da modalidade de transporte baixo demanda desenvólvese nun apartado específico dentro do presente capítulo de demanda; aínda que ademais os datos desta tipoloxía de transporte están incluídos nas cifras totais de demanda ao longo do capítulo.

Por último, inclúese unha análise da demanda desagregada por título de transporte, diferenciando se o pago se realiza en efectivo, tarxeta ou se trata de usuarios/as escolares. A tipoloxía de pago con tarxeta inclúe aqueles billetes abonados coas tarxetas de mobilidade impulsadas pola Xunta de Galicia, concretamente a TMG e a TMGXN, coas que se promociona a recorrencia e se fomenta o uso dos servizos de transporte público debido ás bonificacións polo uso das mesmas.

3.1. Antecedentes e evolución da demanda: 2016-2023

Neste apartado, móstrase unha análise da evolución da demanda en transporte público por estrada en Galicia desde o ano 2016 ata o ano 2023, co obxectivo de obter unha visión da demanda de persoas usuarias no transporte público ao longo do período previo, durante e posterior á posta en marcha das novas concesións de transporte do PTPG.

Para poder entender e analizar a evolución da demanda de persoas usuarias no transcurso destes anos, preséntanse os datos de demanda diferenciados segundo os tipos de transporte contemplados. Por tanto, a demanda total no transporte público divídese en **demanda en transporte público integrado ou compartido**, que á súa vez se divide en demanda de escolares e demanda de persoas usuarias non escolares, e **demanda no transporte non integrado**, que integra as persoas usuarias dos servizos regulares.

A demanda total de transporte público en Galicia foi aumentando paulatinamente desde o 2016 ata o 2019. No ano 2020, o impacto do COVID-19, coas respectivas restricións impostas no transporte de persoas, supuxo unha diminución na demanda que non se chegou a recuperar no ano posterior á pandemia. Aínda que, en termos globais, a demanda total incluíndo escolares sexa moito maior para os anos 2021 e 2022, hai que ter en conta a integración levada a cabo coa posta en marcha de novas concesións no ano 2020.

En total, a cifra máxima de demanda de servizos anual alcanzouse en 2022 cun total de 30,6 millóns de persoas viaxeiras, o que supón superar o dobre da demanda do ano 2016.

ANO		GALICIA				
		DEMANDA TOTAL TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA DE ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2016	Viaxes	13.663.553	0	0	0	13.663.553
	% Total	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	100,0%
2017	Viaxes	18.311.107	1.024.055	1.003.776	20.279	17.287.052
	% Total	100,0%	5,6%	5,5%	0,1%	94,4%
2018	Viaxes	21.995.153	2.754.975	2.690.691	64.284	19.240.178
	% Total	100,0%	12,5%	12,2%	0,3%	87,5%
2019	Viaxes	23.223.194	2.765.249	2.695.018	70.231	20.457.946
	% Total	100,0%	11,9%	11,6%	0,3%	88,1%
2020	Viaxes	15.760.713	4.155.080	4.123.837	31.243	11.112.965
	% Total	100,0%	26,4%	26,2%	0,2%	70,5%
2021	Viaxes	24.400.013	10.374.267	10.051.232	323.036	14.025.746
	% Total	100,0%	42,5%	41,2%	1,3%	57,5%
2022	Viaxes	30.638.627	11.392.441	10.637.311	755.130	19.246.186
	% Total	100,0%	37,2%	34,7%	2,5%	62,8%
2023 (30-xuñ)	Viaxes	18.146.877	6.788.298	6.311.462	476.836	11.358.579
	% Total	100,0%	37,4%	34,8%	2,6%	62,6%

* Corresponde coa demanda ao 30 de xuño de 2023, non coa demanda anual que se indica no resto dos anos.

A integración de escolares levada a cabo nos servizos de transporte público no ano 2017 influíu no incremento da demanda observado na táboa anterior con respecto ao ano 2016, sendo Ourense a provincia cunha integración máis pronta.

Por unha banda, obsérvase como o transporte integrado ou compartido, que ten en conta o alumnado con reserva de praza transportado ao longo do período escolar, mantén a tendencia crecente desde o ano 2016, grazas ao proceso de integración levado a cabo.

Durante o ano 2020, alcanzouse unha **demanda de 4,1 millóns de persoas usuarias no transporte integrado ou compartido**, representando un incremento do 50,2% respecto ao ano 2019 como consecuencia da implantación do PTPG.

No ano 2021 o proceso de integración do transporte escolar en Galicia comeza unha fase de consolidación, e esta modalidade de transporte alcanza os **10,3 millóns de persoas viaxeiras**, supoñendo un aumento de case o 150% con respecto ao ano anterior.

No ano 2022 a demanda de transporte escolar continuou en aumento, alcanzando os 11,3 millóns de persoas viaxeiras. Observando os datos dos 3 últimos anos analizados, **pódese considerar que o transporte integrado está finalmente consolidado.**

Doutra banda, obsérvase como do total de persoas usuarias do transporte público, o maior número de viaxes concéntrase nos servizos de transporte público non integrado, é dicir, **o transporte público regular, que chegou a representar un 90% da demanda** antes da posta en marcha do PTPG.

A porcentaxe deste tipo de transporte non integrado viuse diminuído en 2020, como consecuencia das restricións de mobilidade cidadás xeradas pola crise sanitaria do COVID-19.

Actualmente o transporte non integrado representa aproximadamente o 60% da demanda, e deixando atrás o impacto do COVID-19**,** persegue unha tendencia crecente, aínda que non se recuperou na súa totalidade. No ano 2022**, alcanzou os 19 millóns de persoas usuarias.**

A partir de xaneiro de 2022, é relevante considerar o impacto do aumento no prezo do combustible no contexto da guerra en Ucraína, situación que puido contribuír ao aumento da demanda no transporte público.

Ademais, resulta de suma importancia destacar a implantación dun desconto temporal e adicional do 50% nas tarifas a partir do 1 de setembro de 2022, feito que xerou un significativo incremento na demanda do transporte público.

O volume total de persoas usuarias do transporte público en 2022 alcanzou un total de 30,6 millóns de persoas viaxeiras, dos cales máis de 11 millóns foron escolares con reserva de praza. Ademais, débese destacar que a través dos servizos integrados ou compartidos ofreceuse unha opción de mobilidade para máis de 755 mil persoas usuarias xerais sen reserva de praza.

Concluíndo, a distribución da demanda entre as distintas tipoloxías de transporte variou durante os últimos anos, incrementándose a demanda de transporte público integrado ou compartido, pasando de representar un 5,6% no 2017 a un 37,2% en 2022.

Destaca **a cifra de demanda alcanzada a finais de xuño de 2023 para ese mesmo ano, cun total de máis de 18 millóns de persoas viaxeiras**, superando a demanda total do ano 2020 afectado pola pandemia en termos globais. Incluso a demanda de persoas usuarias xerais superou nestes 6 meses, a cifra total obtida durante o ano 2020.

A continuación, analízase de forma máis exhaustiva a evolución da demanda para o período de 2016 a 2023, desagregando os datos por tipo de transporte e por provincia, para poder avaliar a demanda de persoas usuarias en cada zona da comunidade galega.

3.1.1. Demanda total do transporte público

Neste apartado, móstrase a evolución da demanda total do transporte público para o período comprendido entre o 2016, previo á implantación do PTPG, e o 2023, período no cal se foi consolidando o PTPG na comunidade.

ANO		DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viaxes	13.663.553	8.651.908	1.148.565	340.564	3.522.516
	% Total	100,0%	63,3%	8,4%	2,5%	25,8%
2017	Viaxes	18.311.107	11.428.600	1.340.623	1.125.682	4.416.203
	% Total	100,0%	62,4%	7,3%	6,1%	24,1%
2018	Viaxes	21.995.153	12.142.980	1.631.316	2.510.012	5.710.846
	% Total	100,0%	55,2%	7,4%	11,4%	26,0%
2019	Viaxes	23.223.194	12.951.800	1.717.292	2.589.752	5.964.351
	% Total	100,0%	55,8%	7,4%	11,2%	25,7%
2020	Viaxes	15.760.713	8.125.560	1.658.176	1.599.077	4.377.900
	% Total	100,0%	51,6%	10,5%	10,1%	27,8%
2021	Viaxes	24.400.013	12.758.991	2.021.945	2.526.514	7.092.564
	% Total	100,0%	52,3%	8,3%	10,4%	29,1%
2022	Viaxes	30.638.627	16.371.719	2.537.275	3.038.451	8.691.182
	% Total	100,0%	53,4%	8,3%	9,9%	28,4%
2023 (30-xuñ)	Viaxes	18.146.877	9.724.274	1.475.634	1.802.521	5.144.448
	% Total	100,0%	53,6%	8,1%	9,9%	28,3%

* Corresponde coa demanda ao 30 de xuño de 2023, non coa demanda anual que se indica no resto dos anos.

Analizando as cifras de demanda no conxunto total de desprazamentos rexistrados en transporte público por estrada en Galicia, obsérvase como as cifras incrementáronse ano tras ano desde 2016 ata o 2019. Coa posta en marcha do PTPG e coincidindo coa pandemia do COVID-19, a demanda diminuíu no ano 2020, situándose en algo máis de 15 millóns de persoas usuarias, debido principalmente á redución dos desprazamentos da poboación polas restricións sanitarias aplicadas de forma xeral. A demanda total reduciuse un 95% nos momentos máis álxidos da emerxencia sanitaria.

No ano 2022, produciuse o pico máis alto de demanda con máis de 30,6 millóns de persoas viaxeiras, tendo en conta o proceso de integración levado a cabo, xa que a demanda de persoas usuarias xerais

segue por baixo das cifras anteriores á pandemia sanitaria.

A distribución desigual da demanda entre as distintas provincias de Galicia é consecuencia principalmente das diferenzas de poboación entre os territorios. A provincia da Coruña concentra o maior número de persoas usuarias, sendo nos últimos anos aproximadamente o 50% da demanda total en transporte público por estrada en Galicia. A provincia de Pontevedra é a segunda en número de persoas usuarias en transporte público, en torno ao 29% da demanda. Ambas son as provincias con maior poboación e, polo tanto, maiores necesidades de mobilidade, concentrando a maior parte da oferta de transporte público por estrada en Galicia.

En termos globais, a demanda de persoas usuarias aumentou proporcionalmente en todas as provincias durante os últimos anos, destacando a provincia de Ourense que duplicou a súa demanda desde o ano 2017 ao 2019 debido ao proceso de integración levado a cabo na zona, e a provincia de Pontevedra que foi a segunda onde máis se incrementou a demanda en todo este período, chegando a duplicar o número de persoas usuarias con respecto a 2016.



3.1.2. Demanda do transporte público integrado ou compartido

A demanda de transporte público integrado ou compartido incrementouse constantemente desde o ano 2017, chegando a duplicar en 2021 a demanda do ano 2020, como se observa na seguinte táboa, onde se presenta a información da evolución da demanda en transporte público integrado ou compartido para o período comprendido entre 2016 e 2023, desagregada por provincias.

ANO		DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viaxes	0	0	0	0	0
	% Total	-	-	-	-	-
2017	Viaxes	1.024.055	96.301	116.502	527.237	284.015
	% Total	100,0%	9,4%	11,4%	51,5%	27,7%
2018	Viaxes	2.754.975	238.965	306.051	1.481.564	728.396
	% Total	100,0%	8,7%	11,1%	53,8%	26,4%
2019	Viaxes	2.765.249	239.626	307.167	1.483.055	735.401
	% Total	100,0%	8,7%	11,1%	53,6%	26,6%
2020	Viaxes	4.155.080	1.091.949	713.870	1.122.512	1.226.749
	% Total	100,0%	26,3%	17,2%	27,0%	29,5%
2021	Viaxes	10.374.267	3.529.684	1.432.868	1.906.572	3.505.143
	% Total	100,0%	34,0%	13,8%	18,4%	33,8%
2022	Viaxes	11.392.441	3.737.172	1.568.390	2.088.503	3.998.376
	% Total	100,0%	32,8%	13,8%	18,3%	35,1%
2023 (30-xuñ)	Viaxes	6.788.298	2.247.594	935.938	1.225.132	2.379.634
	% Total	100,0%	33,1%	13,8%	18,0%	35,1%

* Corresponde coa demanda ao 30 de xuño de 2023, non coa demanda anual que se indica no resto dos anos.

En canto aos datos mostrados, débese ter en conta o impacto da pandemia no ano 2020, a cal afectou á tendencia crecente desta modalidade de transporte. Con todo, no ano 2022, a demanda total de transporte público integrado ou compartido alcanzou os 11,3 millóns de persoas viaxeiras, o que supón haber quintuplicado a demanda no transporte integrado do ano 2019, cifra previa á implantación do PTPG.

A distribución da demanda entre provincias é lixeiramente diferente á observada na análise dos datos de transporte público total que se mostra no apartado anterior. Neste caso, cos datos do ano en curso, a provincia de Pontevedra cun 35% supera lixeiramente á provincia da Coruña cun 33%. Séguenlle as provincias de Ourense e Lugo, sendo a provincia de Lugo a que menos persoas usuarias ten nos servizos integrados ou compartidos debido ao menor volume de poboación desta provincia.

Entre o ano 2017 e o ano 2019, Ourense concentrou a maior parte da demanda de transporte público integrado ou compartido debido ao proceso de integración levado a cabo na zona no ano 2017.

Os datos alcanzan unha distribución máis afín á repartición da demanda de transporte público total entre provincias de forma posterior á implantación do PTPG. A partir do ano 2020 increméntase notablemente a demanda de transporte público integrado ou compartido nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Na provincia de Ourense tamén se incrementa a demanda, pero faino en menor medida, debido a que xa se realizou unha parte de integración no ano 2017.

Confírmase entón, á vista dos datos de demanda, **a consolidación do proceso de integración levado a cabo, e como consecuencia deste, chégase á cantidade de 11,3 millóns de persoas usuarias de transporte compartido no ano 2022.**

A demanda de transporte público integrado ou compartido, divídese á súa vez en demanda de escolares e demanda de persoas usuarias xerais non escolares que aproveitan os servizos integrados para satisfacer as súas necesidades de desprazamento.

ANO		DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA DE ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viaxes	0	0	0	0	0
	% Total	-	-	-	-	-
2017	Viaxes	1.003.776	94.171	111.934	518.524	279.147
	% Total	100,0%	9,4%	11,2%	51,7%	27,8%
2018	Viaxes	2.690.691	233.680	294.845	1.459.130	703.036
	% Total	100,0%	8,7%	11,0%	54,2%	26,1%
2019	Viaxes	2.695.018	234.288	295.475	1.460.395	704.860
	% Total	100,0%	8,7%	11,0%	54,2%	26,2%
2020	Viaxes	4.123.837	1.088.060	709.331	1.118.772	1.207.674
	% Total	100,0%	26,4%	17,2%	27,1%	29,3%
2021	Viaxes	10.051.231	3.455.620	1.387.636	1.843.470	3.364.505
	% Total	100,0%	34,4%	13,8%	18,3%	33,5%
2022	Viaxes	10.637.311	3.571.340	1.459.921	1.945.750	3.660.300
	% Total	100,0%	33,6%	13,7%	18,3%	34,4%
2023 (30-xuñ)	Viaxes	6.311.462	2.141.867	871.594	1.144.854	2.153.147
	% Total	100,0%	33,9%	13,8%	18,1%	34,1%

* Corresponde coa demanda ao 30 de xuño de 2023, non coa demanda anual que se indica no resto dos anos.

Analizando os datos da táboa, obsérvase como nos anos 2021 e 2022 a demanda supera os 10 millóns de escolares. Isto supón un gran incremento con respecto ao ano 2020, que se explica en parte debido ao proceso de integración levado a cabo coa posta en marcha do PTPG.

Nos servizos integrados ou compartidos a demanda total no ano 2022 foi de 11.392.441 persoas usuarias, polo que o colectivo estudantil con reserva de praza correspóndese cun 93,4% da demanda desta modalidade de transporte.

O 6,6% restante correspóndese coas persoas usuarias xerais sen reserva de praza no transporte compartido, que no ano 2022 sumou un total de 755 mil persoas usuarias, supoñendo o dobre da demanda obtida en 2021.

ANO		DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viaxes	0	0	0	0	0
	% Total	-	-	-	-	-
2017	Viaxes	20.279	2.130	4.568	8.713	4.868
	% Total	100,0%	10,5%	22,5%	43,0%	24,0%
2018	Viaxes	64.284	5.285	11.206	22.434	25.360
	% Total	100,0%	8,2%	17,4%	34,9%	39,4%
2019	Viaxes	70.231	5.338	11.692	22.660	30.541
	% Total	100,0%	7,6%	16,6%	32,3%	43,5%
2020	Viaxes	31.243	3.889	4.539	3.740	19.075
	% Total	100,0%	12,4%	14,5%	12,0%	61,1%
2021	Viaxes	323.036	74.064	45.232	63.102	140.638
	% Total	100,0%	22,9%	14,0%	19,5%	43,5%
2022	Viaxes	755.130	165.832	108.469	142.753	338.076
	% Total	100,0%	22,0%	14,4%	18,9%	44,8%
2023 (30-xuñ)	Viaxes	476.836	105.727	64.344	80.278	226.487
	% Total	100,0%	22,2%	13,5%	16,8%	47,5%

* Corresponde coa demanda ao 30 de xuño de 2023, non coa demanda anual que se indica no resto dos anos.

A pesar da baixa cifra obtida en 2020 debido á COVID-19, as cifras anteriores eran dun 70 mil persoas usuarias anuais, cifra inferior á obtida nos anos posteriores ao impacto da pandemia. Esta variación é resultado, fundamentalmente, da consolidación desta modalidade de transporte no PTPG.

Ademais, outra das claves do incremento de persoas usuarias xerais no transporte integrado ou compartido foron as bonificacións introducidas coa tarxeta Xente Nova (TMGXN), posibilitando o desprazamento gratuíto dos menores de 21 anos. Co uso da TMGXN, os escolares sen reserva de praza poden desprazarse de forma gratuíta para asistir a clases de ensino non obrigatorio, que xeralmente se ofertan nos mesmos centros aos que se dirixen os servizos integrados trasladando escolares de ensino obrigatorio, con reserva de praza.

Destaca que a demanda de persoas usuarias xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos incrementouse desde o ano 2017 ao ano 2019, obtendo a cifra máxima de demanda destas persoas viaxeiras en 2022 con máis de 755 mil persoas usuarias na devandita modalidade de transporte compartido.

Doutra banda, este tipo de modalidade asociado ao transporte integrado con persoas usuarias xerais en autobús compartido supón unha alternativa relevante de transporte público por estrada para as zonas máis rurais de Galicia. A implantación deste modelo de transporte supuxo un acerto do propio proceso de integración realizado en Galicia, xa que, coa baixa demanda destes servizos, non sería viable ofrecer unha oferta de transporte diferenciada para as máis de 755.000 persoas que en 2022 utilizaron estes servizos. Co proceso de integración posibilítase a oferta deste servizo público, e desta forma, unha maior cobertura territorial da rede de transporte público no territorio.

En canto á distribución entre provincias neste caso, a provincia con maior demanda é Pontevedra, representando un 44,8% da demanda total de Galicia no ano 2022. A Coruña e Ourense representan preto do 20% da demanda total respectivamente, e Lugo o 14% restante, o que pon de manifesto a gran acollida na provincia de Pontevedra dos servizos integrados ou compartidos pola correcta adaptación da devandita modalidade ás necesidades da poboación.

3.1.3. Demanda do transporte público non integrado

A continuación, neste apartado preséntase a información da evolución da demanda en transporte público non integrado desde o ano 2016 ata 2023, desagregada por provincias. O transporte público non integrado é a modalidade de transporte que máis sufriu as consecuencias do impacto da COVID-19.

Aínda que no ano 2020 a pandemia tivese especial repercusión na demanda de transporte público non integrado, pódese observar unha tendencia crecente na demanda de 2021 cara á actualidade. Xa nos primeiros 6 meses de 2023 practicamente alcánzase a cifra obtida para o total de 2020.

Observando os datos da demanda do transporte público non integrado desde 2016, resalta o incremento das persoas usuarias nos servizos regulares ata o ano 2019, producíndose durante ese ano a maior demanda de persoas viaxeiras en servizos non integrados ata o momento cun total de 20,4 millóns de persoas usuarias.

ANO		DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viaxes	13.663.553	8.651.908	1.148.565	340.564	3.522.516
	% Total	100,0%	63,3%	8,4%	2,5%	25,8%
2017	Viaxes	17.287.052	11.332.299	1.224.121	598.444	4.132.188
	% Total	100,0%	65,6%	7,1%	3,5%	23,9%
2018	Viaxes	19.240.178	11.904.015	1.325.265	1.028.448	4.982.450
	% Total	100,0%	61,9%	6,9%	5,3%	25,9%
2019	Viaxes	20.457.946	12.712.174	1.410.125	1.106.697	5.228.950
	% Total	100,0%	62,1%	6,9%	5,4%	25,6%
2020	Viaxes	11.605.633	7.033.611	944.306	476.565	3.151.151
	% Total	100,0%	60,6%	8,1%	4,1%	27,2%
2021	Viaxes	14.025.746	9.229.306	589.077	619.942	3.587.421
	% Total	100,0%	65,8%	4,2%	4,4%	25,6%
2022	Viaxes	19.246.186	12.634.547	968.885	949.948	4.692.806
	% Total	100,0%	65,6%	5,0%	4,9%	24,4%
2023 (30-xuñ)	Viaxes	11.358.579	7.476.680	539.696	577.389	2.764.814
	% Total	100,0%	65,8%	4,8%	5,1%	24,3%

* Corresponde coa demanda ao 30 de xuño de 2023, non coa demanda anual que se indica no resto dos anos.

En canto á distribución da demanda entre provincias, obsérvase como a maior parte da demanda de persoas usuarias xerais corresponde á provincia da Coruña, alcanzando o 65,6% do total de demanda non integrada en 2022, seguida da provincia de Pontevedra cun 24,4%.

Igual que nos anos anteriores, Ourense e Lugo son as provincias con menor demanda, debido ás diferenzas de poboación entre provincias e, como conseguinte, ás necesidades de desprazamento nestes territorios.

Paulatinamente todo parece indicar que se está recuperando a demanda anterior ao impacto da pandemia. As variacións experimentadas entre xullo de 2022 e xuño de 2023 analizaranse máis en profundidade no seguinte apartado.



3.2. Demanda de persoas usuarias no período da memoria anual: xullo do 2022 a xuño de 2023

Os datos presentados nos apartados anteriores móstrannos a situación e distribución da demanda das persoas usuarias no transporte público por estrada de Galicia ao longo dun período extenso, que abarca desde antes da implantación do PTPG ata os anos posteriores da consolidación do PTPG, así como o efecto da pandemia na demanda do transporte público de Galicia.

A análise cuantitativa dos resultados obtidos na demanda coa implantación do PTPG complétase cunha avaliación cualitativa do escenario que propiciou tales resultados.

A continuación, analizarase a demanda de transporte público en Galicia desagregando a información nas catro provincias galegas e nas Áreas de Transporte Metropolitano, así como nas diferentes tipoloxías de transporte, profundando no período de análise da presente memoria, que comprende desde xullo do 2022 a xuño do 2023.

Na **metodoloxía seguida** para esta análise, a efectos da repartición de información por provincia, tívose en conta o responsable de cada contrato de concesión, é dicir, o Servizo de Mobilidade (SM) ao que está adscrito cada contrato. Os datos das ATM corresponden coa información extraída do sistema tecnolóxico da Xunta de Galicia.

Por último, para a repartición da demanda a nivel de comarca, contabilízanse os datos de servizos e persoas usuarias tendo en conta a parada de orixe da viaxe en función da zona xeográfica. Estes datos preséntanse no anexo correspondente da presente memoria.

3.2.1. Demanda de persoas usuarias

Do mesmo xeito que nos puntos anteriores, neste apartado realizarase unha análise da evolución mensual da demanda desagregada entre as diferentes tipoloxías de servizo que ofrece o PTPG en Galicia.

Os datos preséntanse da mesma forma que no apartado anterior, por unha banda, a demanda total de servizos, e por outro, os servizos integrados ou compartidos, que á súa vez se dividen en demanda de escolares e non escolares, e, por último, demanda de servizos non integrados.

Os servizos baixo demanda analizaranse, máis adiante, no apartado 3.3 deste documento, engadindo un nivel maior de análise para as persoas usuarias xerais. Os datos correspondentes co transporte baixo demanda inclúense nas cifras totais de demanda presentadas.

3.2.1.1. Demanda total de persoas usuarias.

GALICIA						
ANO	MES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA DE ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2022	07	1.640.619	7.992	0	7.992	1.632.627
	08	1.626.233	6.506	0	6.506	1.619.727
	09	2.955.851	1.065.206	985.763	79.443	1.890.645
	10	3.136.602	1.263.063	1.163.929	99.134	1.873.539
	11	3.253.020	1.374.858	1.265.392	109.466	1.878.162
	12	2.526.358	876.451	808.536	67.915	1.649.907
2023	01	2.848.540	1.120.493	1.032.044	88.449	1.728.047
	02	2.871.670	1.114.330	1.027.571	86.759	1.757.340
	03	3.468.225	1.452.485	1.341.543	110.942	2.015.740
	04	2.668.743	894.335	825.353	68.982	1.774.408
	05	3.317.488	1.295.603	1.212.841	82.762	2.021.885
	06	2.972.211	911.052	872.110	38.942	2.061.159
Total período 2022 - 2023		**33.285.560**	**11.382.374**	**10.535.082**	**847.292**	**21.903.186**
Total período 2021 - 2022		**27.643.307**	**10.938.110**	**10.296.417**	**641.693**	**16.705.197**
Variación %		**20,4%**	**4,1%**	**2,3%**	**32,0%**	**31,1%**

O feito de que a demanda de persoas usuarias non escolares en expedicións integradas ou compartidas para os meses de xullo e agosto non sexa nula débese a que existen servizos integrados durante o curso escolar que se manteñen durante o período estival, aínda que sen reservas de praza para escolares. Aínda así, a demanda nestes meses é baixa debido a que se trata de meses non lectivos, e unha parte importante da demanda de persoas usuarias sen reserva de praza, está representada por persoas mozas que se dirixen aos centros escolares facendo uso da tarxeta TMGXN.

A demanda total de persoas usuarias do transporte público en Galicia entre xullo de 2022 e xuño de 2023 é practicamente constante, despois de pasar por un período de consolidación do PTPG e a normalización da situación causada pola pandemia onde houbo restricións de mobilidade que afectaron á demanda do transporte público en Galicia. O número de escolares transportados en cada mes varían en función dos días lectivos de cada período mensual.

En comparación co período de análise da memoria anual anterior, que abarcaba desde xullo do 2021 a xuño de 2022, a demanda de persoas usuarias non escolares nas liñas integradas ou compartidas incrementouse nun 32% durante o período actual. Este incremento é indicativo da progresiva consolidación desta tipoloxía de transporte.

A **demanda de transporte público integrado ou compartido** en Galicia entre xullo de 2022 e xuño de 2023 superou os **11,3 millóns de persoas usuarias**. A **demanda de transporte público non integrado**, durante este período, supuxo **21,9 millóns de persoas viaxeiras no territorio galego, sendo xuño de 2022 o mes con maior demanda obtida con máis de 1,5 millóns de usuarios/as**

A continuación, móstrase nun gráfico a distribución entre transporte público non integrado e transporte público integrado ou compartido con respecto ao total desagregado por meses durante o período de estudo da memoria actual.



Durante este período, a demanda total ha alcanzado unha suma de 33,2 millóns de persoas usuarias nestes 12 meses de análises na memoria, dos cales un 65,8% dos servizos correspóndense con servizos regulares non integrados e o 34,2% restante aos servizos integrados ou compartidos con escolares.

Observando a distribución da demanda total representada ao longo do ano, pódese percibir un comportamento característico do transporte público de Galicia, localizando tres picos de demanda, nos meses de outubro-novembro, marzo e maio, debido principalmente aos días lectivos destes meses, onde máis escolares se transportan, así como a ausencia de días festivos, que reducen a demanda xeralmente. Nos meses restantes, destacan principalmente os meses de verán, onde as cifras de demanda son menores por ser meses non lectivos, e o mes de decembro correspondendo cos festivos da época do Nadal. No mes de abril a baixada débese principalmente polos días festivos de semana santa, onde a demanda de persoas viaxeiras é menor. Esta tendencia do transporte explica que as persoas usuarias utilízano en maior medida en días laborables que en épocas estivais, para acudir aos seus centros de traballo, así como o alumnado que asiste aos centros escolares en días lectivos.

Comparando os datos deste período coa memoria anterior, a demanda incrementouse un 20,4% en termos globais, aumentando o transporte integrado nun 4,1% e o non integrado nun 31,1% no período analizado, destacando unha notable melloría da demanda con respecto ao período inmediatamente posterior ao impacto da pandemia. Durante os últimos 12 meses de estudo a demanda supera a cifra obtida durante o ano 2019, incluso analizando de forma illada a demanda de transporte non integrado, co que se pode considerar recuperada.



En canto á demanda do transporte público integrado ou compartido en Galicia, incrementouse progresivamente no período que comprende a memoria como se percibe na seguinte gráfica, cun notable aumento en novembro, marzo e maio correspondéndose con meses con maior número de días lectivos. **A demanda do transporte integrado ou compartido alcanzou os máis de 11,3 millóns de persoas usuarias no período de análise.**



A continuación, móstranse os datos da demanda total mensual de servizos de transporte por provincia para o período da presente memoria, e a súa correspondente variación con respecto á demanda da anterior memoria.

ANO	MES	DEMANDA TOTAL DE TRANSPORTE PÚBLICO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2022	07	1.640.619	1.062.391	111.657	72.606	393.965
	08	1.626.233	1.021.460	91.146	74.484	439.143
	09	2.955.851	1.586.954	245.264	291.142	832.491
	10	3.136.602	1.640.218	272.972	327.581	895.831
	11	3.253.020	1.693.266	283.693	339.601	936.460
	12	2.526.358	1.385.663	201.486	243.242	695.967
2023	01	2.848.540	1.509.231	227.311	284.755	827.243
	02	2.871.670	1.522.828	229.502	293.013	826.327
	03	3.468.225	1.811.239	296.307	367.224	993.455
	04	2.668.743	1.467.466	210.883	253.581	736.813
	05	3.317.488	1.758.138	279.557	335.626	944.167
	06	2.972.211	1.655.372	232.074	268.322	816.443
Total período 2022 - 2023		**33.285.560**	**18.114.226**	**2.681.852**	**3.151.177**	**9.338.305**
Total período 2021 - 2022		**27.643.307**	**14.594.864**	**2.257.500**	**2.803.298**	**7.987.645**
Variación %		**20,4%**	**24,1%**	**18,8%**	**12,4%**	**16,9%**

Obsérvase como a demanda total de transporte público incrementouse en maior medida na provincia da Coruña con respecto ao período da memoria anual anterior cun incremento do 24,1%. Séguelle Lugo cun 18,8%, Pontevedra cun 16,9%, e por último Ourense cun 12,4% de variación positiva. Estas variacións son menores que as experimentadas entre os dous períodos de análises anteriores (entre o período de xullo de 2020 e xuño de 2021 e o período de xullo de 2021 e xuño de 2022), o que pon de manifesto unha oferta máis consolidada.



Examinando os gráficos, obsérvase que o 54% da demanda total de transporte público no período comprendido entre xullo de 2022 e xuño de 2023 corresponde á provincia da Coruña, seguida dun 28% das persoas usuarias da provincia de Pontevedra. Ás provincias de Lugo e Ourense correspóndenlle o 18% da demanda de usuarios/as restante.



3.2.1.2.Demanda de transporte integrado ou compartido

Neste apartado preséntase a información da demanda en transporte público integrado ou compartido para o período de análise comprendida na memoria, desagregando a información por provincias.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2022	07	7.992	1.391	1.145	782	4.674
	08	6.506	288	229	995	4.994
	09	1.065.206	349.794	145.038	196.811	373.563
	10	1.263.063	413.920	171.200	231.962	445.981
	11	1.374.858	455.731	193.116	245.619	480.392
	12	876.451	287.024	123.320	159.910	306.197
2023	01	1.120.493	374.820	150.025	196.115	399.533
	02	1.114.330	367.572	152.751	201.315	392.692
	03	1.452.485	478.408	202.298	264.658	507.121
	04	894.335	291.036	124.225	164.037	315.037
	05	1.295.603	431.208	178.736	233.529	452.130
	06	911.052	304.550	127.903	165.478	313.121
Total período 2022 - 2023		**11.382.374**	**3.755.742**	**1.569.986**	**2.061.211**	**3.995.435**
Total período 2021 - 2022		**10.938.110**	**3.582.237**	**1.508.602**	**2.013.038**	**3.834.233**
Variación %		**4,1%**	**4,8%**	**4,1%**	**2,4%**	**4,2%**

Como xa se citou anteriormente, durante os meses de xullo e agosto, contabilízanse persoas viaxeiras na modalidade de transporte compartido debido ao mantemento de expedicións en período non lectivo para dar resposta ás necesidades de transporte que existen no ámbito rural, na súa maioría.

Comparando os datos da demanda do transporte público integrado ou compartido de forma mensual, percíbese un incremento da demanda na devandita modalidade de transporte dun 4,1% con respecto ao ano pasado en todo o curso escolar, aínda que a demanda por meses varía en función dos días lectivos de cada mes.

En todas as provincias incrementouse a demanda de persoas usuarias de transporte integrado ou compartido con respecto ao período da memoria anterior. Na provincia da Coruña incrementouse un 4,8%, en Lugo un 4,1%, en Ourense un 2,4% e en Pontevedra un 4,2%, sendo a provincia na que máis aumentou esta tipoloxía de transporte.

A distribución do transporte integrado ou compartido entre as catro provincias galegas móstrase nas seguintes gráficas.



Doutra banda, as provincias de Pontevedra e A Coruña representan máis do 68% da demanda desta modalidade de transporte, con maior porcentaxe na provincia de Pontevedra. Séguenlle as provincias de Lugo e Ourense que entre as dúas suman un 32% da demanda de transporte público integrado ou compartido con respecto ao total.

Confírmase entón, á vista dos datos de demanda, a consolidación do proceso de integración levado a cabo, cun total de máis de 10,5 millóns de persoas usuarias nestes servizos integrados ou compartidos.

Como xa se comentou anteriormente, a demanda do transporte público integrado ou compartido, divídese á súa vez, na demanda de escolares e a demanda de usuarios/as xenerais non escolares que aproveitaron os servizos integrados para satisfacer as súas necesidades de desprazamento.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA DE ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2022	07	0	0	0	0	0
	08	0	0	0	0	0
	09	985.763	332.716	134.717	182.311	336.019
	10	1.163.929	391.721	158.121	214.170	399.917
	11	1.265.392	430.241	177.394	226.006	431.751
	12	808.536	272.127	113.303	147.985	275.121
2023	01	1.032.044	354.415	137.881	181.742	358.006
	02	1.027.571	347.942	141.082	186.859	351.688
	03	1.341.543	453.647	187.247	245.952	454.697
	04	825.353	276.083	115.212	152.743	281.315
	05	1.212.841	412.850	167.898	218.811	413.282
	06	872.110	296.930	122.274	158.747	294.159
Total período 2022 - 2023		**10.535.082**	**3.568.672**	**1.455.129**	**1.915.326**	**3.595.955**
Total período 2021 - 2022		**10.296.417**	**3.442.180**	**1.410.651**	**1.885.183**	**3.558.403**
Variación %		**2,3%**	**3,7%**	**3,2%**	**1,6%**	**1,1%**

O número de escolares transportados en termos xerais aumentou un 2,3% con respecto ao período de análise da memoria anual anterior. O crecemento máis pronunciado dáse na provincia da Coruña, cun 3,7% sobre o total do período anterior. Que esta variación sexa pequena implica a consolidación do transporte público integrado na comunidade.

A continuación, móstrase a distribución da demanda de desprazamentos escolares entre as catro provincias galegas.



Móstrase nas gráficas que as porcentaxes de demanda de cada provincia no período analizado son practicamente os mesmos que a demanda total do transporte integrado ou compartido, debido a que o número de escolares representa máis do 90% da devandita modalidade de transporte.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO				
		DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2022	07	7.992	1.391	1.145	782	4.674
	08	6.506	288	229	995	4.994
	09	79.443	17.078	10.321	14.500	37.544
	10	99.134	22.199	13.079	17.792	46.064
	11	109.466	25.490	15.722	19.613	48.641
	12	67.915	14.897	10.017	11.925	31.076
2023	01	88.449	20.405	12.144	14.373	41.527
	02	86.759	19.630	11.669	14.456	41.004
	03	110.942	24.761	15.051	18.706	52.424
	04	68.982	14.953	9.013	11.294	33.722
	05	82.762	18.358	10.838	14.718	38.848
	06	38.942	7.620	5.629	6.731	18.962
Total período 2022 - 2023		**847.292**	**187.070**	**114.857**	**145.885**	**399.480**
Total período 2021 - 2022		**641.693**	**140.057**	**97.951**	**127.855**	**275.830**
Variación %		**32,0%**	**33,6%**	**17,3%**	**14,1%**	**44,8%**

Como xa se comentou de forma previa, a demanda de persoas usuarias xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos creceu notablemente con respecto á demanda do período da anterior memoria anual. A demanda incrementouse nun 32,0%, pasando de 641.693 persoas usuarias no período anterior a 847.292 viaxeiros/as no período de xullo 2022 a xuño 2023 poñendo en valor o fomento do transporte compartido ou integrado.

Obsérvase que, en cada unha das provincias galegas, a demanda evoluciona a un ritmo diferente, aínda que a tendencia global é crecente. O maior incremento de demanda percíbese na provincia de Pontevedra, cun 44,8% con respecto ao período anterior. Séguelle, en segundo lugar, A Coruña, cun 33,6% de crecemento. E por último as provincias de Lugo e Ourense, que experimentaron incrementos dun 17,3% e un 14,1% respectivamente en relación coa o período anterior.



Do mesmo xeito que no período da memoria anual anterior, a provincia con menor número de usuarios/as sen reserva de praza nestes servizos é a provincia de Lugo, cun 14% da demanda total de persoas usuarias non escolares en liñas compartidas en Galicia. Séguenlle as provincias de Ourense e A Coruña cun 17% e un 22%, respectivamente. A provincia de Pontevedra conta cunha demanda notablemente superior ao resto de provincias, representando o 47% do total.

O proceso de integración do transporte compartido dota á rede de transporte público dunha maior cobertura no territorio da comunidade. Á vista das porcentaxes de repartición entre provincias, en Pontevedra esta modalidade de transporte tivo unha acollida especialmente boa entre as persoas usuarias.

As cifras de demanda alcanzadas reflicten o esforzo realizado pola Administración no proceso de integración levado a cabo, ademais da importante mellora que ten o transporte compartido para a mobilidade das persoas usuarias nalgunhas zonas, que representan unha relevante porcentaxe das viaxes.

3.2.1.3. Demanda de transporte non integrado

Neste apartado preséntase a información mensual da demanda en transporte público non integrado para o período comprendido entre xullo de 2022 e xuño de 2023, desagregada por provincias.

ANO	MES	DEMANDA DE TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2022	07	1.632.627	1.061.000	110.512	71.824	389.291
	08	1.619.727	1.021.172	90.917	73.489	434.149
	09	1.890.645	1.237.160	100.226	94.331	458.928
	10	1.873.539	1.226.298	101.772	95.619	449.850
	11	1.878.162	1.237.535	90.577	93.982	456.068
	12	1.649.907	1.098.639	78.166	83.332	389.770
2023	01	1.728.047	1.134.411	77.286	88.640	427.710
	02	1.757.340	1.155.256	76.751	91.698	433.635
	03	2.015.740	1.332.831	94.009	102.566	486.334
	04	1.774.408	1.176.430	86.658	89.544	421.776
	05	2.021.885	1.326.930	100.821	102.097	492.037
	06	2.061.159	1.350.822	104.171	102.844	503.322
Total período 2022 - 2023		**21.903.186**	**14.358.484**	**1.111.866**	**1.089.966**	**5.342.870**
Total período 2021 - 2022		**16.705.197**	**11.012.627**	**748.898**	**790.260**	**4.153.412**
Variación %		**31,1%**	**30,4%**	**48,5%**	**37,9%**	**28,6%**

Analizando os datos da demanda do transporte público non integrado, obsérvanse variacións diversas entre cada unha das provincias galegas. Na provincia de Lugo a demanda aumentou case un 50% con respecto ao período da memoria anual anterior. Séguelle a provincia de Ourense con case un 40% de variación positiva. E, por último, as provincias da Coruña e Pontevedra cun incremento de ao redor do 30%.

A demanda total de transporte público non integrado durante o período de análise da presente memoria, que abarca desde xullo de 2022 e xuño de 2023, foi de 21,9 millóns de persoas usuarias, das cales un 66% pertencen á provincia da Coruña, un 24% á de Pontevedra, e o 10% restante repártese entre as provincias de Lugo e Ourense, sendo as que menor número de persoas usuarias alcanzaron en servizos non integrados regulares.



Cabe sinalar que a demanda crecente durante os meses do período analizado reflicte o éxito na integración e consolidación do PTPG, mantendo a oferta de servizos e incrementando nas zonas que demandaban en maior medida as persoas usuarias do transporte público, para ofrecer unha maior cobertura da rede de transporte a nivel autonómico.





3.2.2. Demanda de persoas usuarias por provincia

Da mesma forma que os apartados anteriores, neste punto profúndase na análise da evolución mensual da demanda diferenciada por cada tipoloxía de servizo que ofrece o PTPG desagregada por provincias no período da presente memoria, entre xullo de 2022 e xuño de 2023.

Ao desagregar os datos de demanda por tipo de servizo e provincia, pódense apreciar diferenzas significativas do uso por parte das persoas usuarias de cada tipo de servizo en función da provincia.

Neste caso, pódese observar como na Coruña e Pontevedra rexístrase unha maior demanda de transporte de uso xeral, sendo especialmente relevante na Coruña, onde representa o 54% do total das viaxes. Nestas dúas provincias, o transporte integrado ou compartido tamén é alto en comparación coas provincias de Lugo e Ourense, principalmente por posuír unha maior

poboación estas provincias costeiras. Nas provincias de Lugo e Ourense, adquire unha maior relevancia o transporte integrado ou compartido que o transporte non integrado como reflicten os datos de demanda. Nestas dúas provincias, estes servizos integrados teñen unha alta representatividade debido ao proceso de integración de escolares nas liñas de transporte. Ademais, nestas dúas provincias os niveis de mobilidade recorrente da poboación son menores xeralmente se o comparamos coas provincias da Coruña e Pontevedra.

3.2.2.1. Provincia da Coruña

Como se comentaba ao comezo deste apartado, na provincia da Coruña durante o período que se analiza na presente memoria anual, correspondente con xullo do 2022 a xuño do 2023, a demanda foi de 18,1 millóns de persoas usuarias, que corresponde cun 54% da demanda total de Galicia.

ANO	MES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	A CORUÑA			
			TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA DE ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2022	07	1.062.391	1.391	0	1.391	1.061.000
	08	1.021.460	288	0	288	1.021.172
	09	1.586.954	349.794	332.716	17.078	1.237.160
	10	1.640.218	413.920	391.721	22.199	1.226.298
	11	1.693.266	455.731	430.241	25.490	1.237.535
	12	1.385.663	287.024	272.127	14.897	1.098.639
2023	01	1.509.231	374.820	354.415	20.405	1.134.411
	02	1.522.828	367.572	347.942	19.630	1.155.256
	03	1.811.239	478.408	453.647	24.761	1.332.831
	04	1.467.466	291.036	276.083	14.953	1.176.430
	05	1.758.138	431.208	412.850	18.358	1.326.930
	06	1.655.372	304.550	296.930	7.620	1.350.822
Total período 2022 - 2023		**18.114.226**	**3.755.742**	**3.568.672**	**187.070**	**14.358.484**
Total período 2021 - 2022		**14.594.864**	**3.582.237**	**3.442.180**	**140.057**	**11.012.627**
Variación %		**24,1%**	**4,8%**	**3,7%**	**33,6%**	**30,4%**

Destaca que dos máis de 18,1 millóns de usuarios/as no período actual, un 79,3% corresponde con viaxes en servizos non integrados, é dicir, a servizos regulares que conectan os diversos municipios da provincia. Na provincia da Coruña, ao coexistir as cidades de Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña, tres das sete grandes cidades de Galicia, a demanda de mobilidade en servizos non integrados é maior que nas restantes provincias.

O 20,7% restante da demanda de persoas usuarias correspóndese coa demanda dos servizos integrados ou compartidos, dos cales o 95,0% corresponde coa demanda de escolares, é dicir, unha partida moi alta dos servizos integrados ou compartidos é de usuarios/as con reserva de praza fixa.



Aínda que do transporte público integrado ou compartido, a maior parte da demanda corresponda con escolares pola natureza do servizo, no último ano incrementouse a demanda de persoas usuarias non escolares pasando de 140 mil persoas usuarias no período da memoria anual anterior a 187 mil durante o presente período, incrementándose nun 33,6%. A demanda foi crecendo co paso dos meses poñendo en manifesto o acerto no proceso de integración realizado na provincia da Coruña, así como no resto de Galicia, que posibilita a oferta deste servizo público, e desta forma, unha maior cobertura territorial da rede de transporte público no territorio.

A cifra máis alta de escolares transportada durante este período foi o mes de marzo de 2023 cun total de máis de 478 mil usuarios/as. Ademais, o número de persoas usuarias xerais en servizos non integrados incrementouse chegando á cifra de 1.350.822 persoas usuarias no mes en xuño de 2023, valor superior os rexistrados nos meses do período da memoria anterior.

3.2.2.2. Provincia de Lugo

Neste apartado analízanse os datos de demanda de persoas usuarias da provincia de Lugo. Durante o período que comprende a memoria anual desde xullo do 2022 a xuño de 2023, en Lugo houbo unha demanda de case 2,7 millóns de persoas usuarias, representando o 8% da demanda total de Galicia.

ANO	MES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	LUGO			
			TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA DE ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2022	07	111.657	1.145	0	1.145	110.512
	08	91.146	229	0	229	90.917
	09	245.264	145.038	134.717	10.321	100.226
	10	272.972	171.200	158.121	13.079	101.772
	11	283.693	193.116	177.394	15.722	90.577
	12	201.486	123.320	113.303	10.017	78.166
2023	01	227.311	150.025	137.881	12.144	77.286
	02	229.502	152.751	141.082	11.669	76.751
	03	296.307	202.298	187.247	15.051	94.009
	04	210.883	124.225	115.212	9.013	86.658
	05	279.557	178.736	167.898	10.838	100.821
	06	232.074	127.903	122.274	5.629	104.171
Total período 2022 - 2023		**2.681.852**	**1.569.986**	**1.455.129**	**114.857**	**1.111.866**
Total período 2021 - 2022		**2.257.500**	**1.508.602**	**1.410.651**	**97.951**	**748.898**
Variación %		**18,8%**	**4,1%**	**3,2%**	**17,3%**	**48,5%**

É a provincia xunto a Ourense, con menor número de persoas usuarias transportadas, debido á menor poboación con necesidades de desprazamento en comparación coas outras dúas provincias. A oferta de servizos tamén é menor que nas outras dúas provincias.

Na provincia de Lugo, a demanda total permaneceu máis ou menos constante ao longo dos meses do período analizado, con picos de demanda en función das necesidades de transporte do alumnado. Con respecto ao período de análise anterior, a demanda total incrementouse un 18,8%. A modalidade de transporte que máis creceu durante este período foi o transporte non integrado, cun aumento do 48,5% sobre o período anual anterior.

Dos case 2,7 millóns de persoas usuarias no período de xullo do 2022 a xuño de 2023, un 41,5% corresponde con viaxes en servizos non integrados, é dicir, en servizos regulares que conectan os diversos municipios da provincia.

O 58,5% restante da demanda correspóndense con viaxes en servizos integrados ou compartidos, sendo a modalidade de transporte máis utilizada na provincia, dos cales o 92,7% corresponde coa demanda de escolares, é dicir, unha partida moi alta dos servizos integrados ou compartidos é de usuarios/as con reserva de praza fixa tal e como se mostra no seguinte gráfico.



A cifra máis alta de escolares transportada durante este período foi o mes de marzo de 2023 cun total de case 190 mil persoas usuarias mensuais.

Durante os períodos de estudo das memorias anuais anteriores, a demanda de persoas usuarias xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos crecera notablemente coa posta en marcha e proceso de consolidación das novas concesións a partir de finais de 2020.

Durante o período de análise actual, a oferta de transporte integrado pódese considerar xa consolidada e só é modificada para pequenas adecuacións ás necesidades de transporte das persoas usuarias. Aínda así, a demanda de persoas usuarias sen reserva de praza en transporte integrado segue subindo na provincia, o que pon en manifesto o acerto co proceso de integración realizado na provincia de Lugo.

3.2.2.3. Provincia de Ourense

Neste apartado analízanse os datos da demanda de persoas usuarias de transporte público en Ourense. Durante o período que comprende a memoria anual desde xullo do 2022 a xuño de 2023, houbo unha demanda en Ourense de máis de 3,1 millóns de persoas usuarias, representando o 10% da demanda total de Galicia.

É a provincia xunto con Lugo, con menor número de persoas usuarias transportadas, debido á menor poboación con necesidades de desprazamento en comparación coas outras dúas provincias.

En Ourense, a principal demanda de persoas usuarias dáse en servizos integrados, correspondéndose co 65,4% da demanda total da provincia.

ANO	MES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	OURENSE			
			TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OO COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA DE ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2022	07	72.606	782	0	782	71.824
	08	74.484	995	0	995	73.489
	09	291.142	196.811	182.311	14.500	94.331
	10	327.581	231.962	214.170	17.792	95.619
	11	339.601	245.619	226.006	19.613	93.982
	12	243.242	159.910	147.985	11.925	83.332
2023	01	284.755	196.115	181.742	14.373	88.640
	02	293.013	201.315	186.859	14.456	91.698
	03	367.224	264.658	245.952	18.706	102.566
	04	253.581	164.037	152.743	11.294	89.544
	05	335.626	233.529	218.811	14.718	102.097
	06	268.322	165.478	158.747	6.731	102.844
Total período 2022 - 2023		**3.151.177**	**2.061.211**	**1.915.326**	**145.885**	**1.089.966**
Total período 2021 - 2022		**2.803.298**	**2.013.038**	**1.885.183**	**127.855**	**790.260**
Variación %		**12,4%**	**2,4%**	**1,6%**	**14,1%**	**37,9%**

A cifra de escolares transportados máis alta durante este período foi no mes de marzo de 2023 cun total de case 246 mil escolares mensuais.

O 34,6% restante da demanda corresponde coas persoas usuarias xerais dos servizos non integrados. As provincias de Ourense e Lugo alcanzan cifras de demanda en transporte non integrado moi similares.



Do mesmo xeito que nas outras provincias, o crecemento da demanda de persoas usuarias xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos foise consolidando durante os últimos meses. Comparando as variacións obtidas entre os períodos das memorias anuais anteriores pódese observar como durante este período a tendencia é moito máis estable. Isto pon de manifesto a correcta consolidación e o acerto co proceso de integración realizado na provincia de Ourense.

3.2.2.4. Provincia de Pontevedra

Como se comentaba ao comezo deste punto, na provincia de Pontevedra durante o período que analiza a memoria anual, desde xullo do 2022 a xuño de 2023, houbo unha demanda de máis de 9 millóns de persoas usuarias, que corresponde cun 28% da demanda total de Galicia.

No período analizado, en comparación co da memoria anual anterior, mantense unha tendencia á alza, onde a demanda é un 16,9% superior en termos globais. A demanda de transporte non integrado experimentou unha variación positiva do 28,6%.

Destaca que, dos máis de 9 millóns de persoas usuarias no período de xullo do 2022 a xuño de 2023, un 57,2% corresponde con viaxes en servizos non integrados, é dicir, os servizos regulares que conectan os diversos municipios da provincia. Na provincia de Pontevedra, ao coexistir as cidades de Pontevedra e Vigo, dúas das sete grandes cidades de Galicia, a demanda de mobilidade en servizos non integrados é maior que nas provincias de Lugo e Ourense, e por detrás da provincia da Coruña.

PONTEVEDRA						
ANO	MES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO	TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO			TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
			DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO INTEGRADO OU COMPARTIDO	DEMANDA DE ESCOLARES	DEMANDA USUARIOS NON ESCOLARES	DEMANDA TRANSPORTE PÚBLICO NON INTEGRADO
2022	07	393.965	4.674	0	4.674	389.291
	08	439.143	4.994	0	4.994	434.149
	09	832.491	373.563	336.019	37.544	458.928
	10	895.831	445.981	399.917	46.064	449.850
	11	936.460	480.392	431.751	48.641	456.068
	12	695.967	306.197	275.121	31.076	389.770
2023	01	827.243	399.533	358.006	41.527	427.710
	02	826.327	392.692	351.688	41.004	433.635
	03	993.455	507.121	454.697	52.424	486.334
	04	736.813	315.037	281.315	33.722	421.776
	05	944.167	452.130	413.282	38.848	492.037
	06	816.443	313.121	294.159	18.962	503.322
Total período 2022 - 2023		**9.338.305**	**3.995.435**	**3.595.955**	**399.480**	**5.342.870**
Total período 2021 - 2022		**7.987.645**	**3.834.233**	**3.558.403**	**275.830**	**4.153.412**
Variación %		**16,9%**	**4,2%**	**1,1%**	**44,8%**	**28,6%**

O 42,8% restante da demanda de persoas usuarias correspóndese coa demanda dos servizos integrados ou compartidos, dos cales o 90,0% corresponde coa demanda de escolares, é dicir, unha partida moi alta dos servizos integrados ou compartidos é de persoas usuarias con reserva de praza fixa.

A cifra máis alta de escolares transportada durante este período deuse no mes de marzo de 2023 con máis de 454 mil escolares mensuais.

Do mesmo xeito que nas outras provincias, o crecemento da demanda de persoas usuarias xerais sen reserva de praza nos servizos integrados ou compartidos foise consolidando durante os

últimos meses. Comparando as variacións obtidas entre os períodos das memorias anuais anteriores pódese observar como durante este período a tendencia é moito máis estable. Isto pon de manifesto o acerto co proceso de integración realizado na provincia de Pontevedra.



3.2.3. Demanda de persoas usuarias por Área de Transporte Metropolitano

Da mesma forma que os apartados anteriores, neste apartado profúndase na análise da evolución mensual da demanda de persoas usuarias que se benefician dos servizos das Áreas de Transporte Metropolitano no período da presente memoria.

En Galicia, o obxectivo fundamental das Áreas de Transporte Metropolitano, ATM, é mellorar a mobilidade e a accesibilidade na contorna de todas as áreas metropolitanas e, por tanto, que os/as cidadáns/as dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo para que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

É un escenario común nas Áreas de Transporte Metropolitano que parte da poboación que traballa, estuda ou realiza actividades de lecer na cidade, emprácese en concellos limítrofes, funcionando estas zonas como "cidades dormitorio" e dando lugar a unhas necesidades de transporte recorrentes na área metropolitana.

A demanda de persoas usuarias dentro das ATM de Galicia que se presenta neste capítulo céntrase exclusivamente nos servizos que non son baixo demanda nin compartidos, é dicir, todos os servizos fixos e regulares que transcorren polos Concellos pertencentes a cada Área de Transporte Metropolitana, debido a que o Plan de Transporte Metropolitano ten como obxectivo facilitar o desprazamento e a mobilidade de forma recorrente da poboación.

Hai que destacar que a demanda nas ATM foi aumentando de maneira constante e xeneralizada durante os últimos anos, alcanzando un máximo de 16 millóns de persoas usuarias en 2019. Con todo, coa emerxencia sanitaria derivada da pandemia do COVID-19 e as restricións impostas no transporte de persoas viaxeiras, a demanda de persoas usuarias reduciuse á metade no ano 2020. Nos anos 2021 e 2022, a demanda nas ATM segue unha tendencia crecente, pero non se recuperou totalmente en comparación coas cifras anteriores á pandemia.

O incremento progresivo de persoas usuarias entre 2017 e 2019 débese a que as persoas usuarias posúen un mellor coñecemento das prestacións do servizo dentro das ATM e polo propio acerto das medidas adoptadas, especialmente as referentes á integración e ás bonificacións tarifarias, o cal é un claro indicador da boa acollida por parte das persoas usuarias e da consolidación desta proposta.

ANO		VIAXES TOTAIS DE TRANSPORTE PÚBLICO NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO					
		Galicia	ATM A Coruña	ATM Ferrol	ATM Lugo	ATM Santiago de Compostela	ATM Vigo
2017	Viaxes	14.285.581	6.186.145	2.351.411	129.970	2.745.979	2.872.076
	% Total	100,0%	43,0%	16,0%	1,0%	19,0%	20,0%
2018	Viaxes	14.937.051	6.422.488	2.442.386	116.347	2.899.846	3.055.984
	% Total	100,0%	43,0%	16,0%	1,0%	19,0%	20,0%
2019	Viaxes	16.084.779	7.018.226	2.655.908	124.427	3.038.040	3.248.178
	% Total	100,0%	44,0%	17,0%	1,0%	19,0%	20,0%
2020	Viaxes	8.923.040	4.084.271	1.381.264	62.829	1.571.965	1.822.711
	% Total	100,0%	46,0%	15,0%	1,0%	18,0%	20,0%
2021	Viaxes	10.592.354	4.817.592	1.623.990	87.989	1.803.734	2.259.049
	% Total	100,0%	45,5%	15,3%	0,8%	17,0%	21,3%
2022	Viaxes	13.581.410	6.191.004	1.964.718	113.066	2.441.692	2.870.930
	% Total	100,0%	45,6%	14,5%	0,8%	18,0%	21,1%

No ano 2020, como xa se comenta anteriormente, a demanda en todas as provincias baixou practicamente á metade, sendo a ATM de Lugo onde maior caída se produciu cun 49,5%. En todas as Áreas de Transporte a diminución da demanda foi superior ao 42%.

Durante os anos 2021 e 2022, a demanda empeza a incrementarse en todas as áreas, pero non se recupera totalmente en comparación ás cifras anteriores á pandemia. Se se mantén esta tendencia positiva, nos próximos meses recuperarase a demanda perdida debido á emerxencia sanitaria polo COVID-19.

En canto ás diferentes ATM, apréciase que, no 2022, a ATM da Coruña cun total de 6,2 millóns de persoas usuarias é o que ten a maior demanda, situándose ao redor do 45,6% do total no ano 2022. A demanda da ATM de Vigo é a seguinte con maior número de persoas viaxeiras, cun 21,1% da demanda total, con 2,8 millóns de persoas usuarias. Séguelle a ATM de Santiago de Compostela cun total de 2,4 millóns de persoas usuarias e a ATM de Ferrol con 1,9 millóns de persoas usuarias, correspondéndose co 18,0% e o 14,5% da demanda, respectivamente, nas Áreas de Transporte Metropolitano de Galicia. A ATM de Lugo, cun 0,8%, é a que menor cantidade de persoas usuarias obtén.

As relacións entre ATM variaron lixeiramente na análise mensual que se pode observar no seguinte gráfico. A Coruña segue sendo a ATM con maior demanda, distanciándose do resto das ATM. Con todo, entre as ATM de Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol, os datos móvense nun intervalo similar.

DEMANDA TOTAL TRANSPORTE PÚBLICO NAS ÁREAS DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA



A demanda na ATM de Vigo representa un caso particular, tendo en conta a alta densidade de poboación do territorio en comparación co resto de Galicia. A diferenza na demanda de persoas usuarias existente entre a ATM de Vigo e as demais prodúcese por diversos motivos, entre os que destaca a non integración do transporte urbano da cidade de Vigo na ATM pola negativa do Concello de Vigo a integrarse no Plan.

Doutra banda, débese puntualizar, que a ATM con maior número de concellos adheridos é a de Santiago de Compostela, que, doutra banda, non é a que máis persoas usuarias ten. En canto a Ferrol, débese ter en conta que carece de autobús urbano, a pesar de ser un servizo público que debería ser prestado por ter unha poboación superior a 50.000 habitantes. Por tanto, o transporte interurbano suple esa carencia municipal.

Por último, a ATM de Lugo situaríase ao redor das 125.000 viaxes no ano 2019, sendo a única que experimentou un descenso entre os anos 2017 e 2019. No ano 2020 a demanda diminuíu ata a metade aproximadamente, co efecto da pandemia. Apréciase como, do mesmo xeito que no resto das Áreas de Transporte Metropolitano, durante os anos 2021 e 2022 responde a unha tendencia crecente que parece indicar que recuperará cifras anteriores ao impacto do COVID-19 nos próximos anos.

A continuación, analízanse os datos de demanda de viaxes bonificadas para as distintas ATM para o período de xullo do 2022 a xuño de 2023 desagregados por meses, co fin de poder analizar máis ao detalle a súa evolución durante o último ano.

3.2.3.1. ATM da Coruña

Como se comentaba anteriormente, esta é a ATM con maior demanda de persoas usuarias de Galicia, alcanzando os 6,8 millóns de persoas viaxeiras no período de xullo do 2022 a xuño de 2023.

ANO	MES	VIAXES TRANSPORTE PÚBLICO NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM A Coruña
2022	07	1.085.167	501.856
	08	1.205.137	532.870
	09	1.304.949	597.281
	10	1.299.769	581.797
	11	1.281.689	582.936
	12	1.217.417	557.482
2023	01	1.193.431	537.679
	02	1.161.680	492.855
	03	1.476.335	703.767
	04	1.214.637	549.300
	05	1.344.302	603.525
	06	1.382.306	622.993
Total período 2022 - 2023		**15.166.819**	**6.864.341**
Total período 2021 - 2022		**10.975.080**	**5.097.778**
Variación %		**38,2%**	**34,7%**

Durante o último ano a demanda na ATM da Coruña aumentou nun 34,7% con respecto ao período de análise da memoria anterior, incrementándose en máis de 1,8 millóns de persoas viaxeiras.

Esta Área de Transporte Metropolitano representa o 45,3% da demanda das cinco ATM de Galicia. Aínda que as cifras aínda se atopan por baixo da demanda do 2019, período anterior ao impacto na mobilidade provocado pola pandemia, obsérvase unha progresiva melloría e espérase que nos próximos anos se recupere na súa totalidade.

3.2.3.2. ATM de Ferrol

Nesta Área de Transporte Metropolitana, rexistrouse unha demanda de 2,2 millóns de persoas usuarias durante este período, situándose aínda por baixo das cifras de 2019, previas á pandemia.

ANO	MES	VIAXES TRANSPORTE PÚBLICO NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Ferrol
2022	07	1.085.167	159.887
	08	1.205.137	158.197
	09	1.304.949	186.779
	10	1.299.769	194.924
	11	1.281.689	189.333
	12	1.217.417	176.034
2023	01	1.193.431	182.621
	02	1.161.680	181.338
	03	1.476.335	214.569
	04	1.214.637	189.815
	05	1.344.302	204.586
	06	1.382.306	212.775
Total período 2022 - 2023		**13.744.489**	**2.250.858**
Total período 2021 - 2022		**10.975.080**	**1.803.305**
Variación %		**25,2%**	**24,8%**

Do mesmo xeito que nas anteriores Áreas de Transporte Metropolitano analizadas, a demanda durante o último ano aumentou notablemente e, aínda que aínda non alcanza cifras anteriores ao impacto da pandemia, durante o período de análise alcanzou os 2,2 millóns de desprazamentos. Isto supón un incremento do 24,8% con respecto ao período de análise anterior.

A demanda da ATM de Ferrol representa o 16,4% da demanda das cinco ATM de Galicia.

3.2.3.3. ATM de Lugo

Na liña das anteriores ATM, a demanda na ATM de Lugo situouse por baixo das cifras de 2019, antes do impacto na mobilidade provocado pola pandemia.

ANO	MES	VIAXES TRANSPORTE PÚBLICO NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Lugo
2022	07	1.085.167	6.937
	08	1.205.137	7.321
	09	1.304.949	10.557
	10	1.299.769	11.074
	11	1.281.689	12.017
	12	1.217.417	10.125
2023	01	1.193.431	9.927
	02	1.161.680	7.858
	03	1.476.335	13.937
	04	1.214.637	9.626
	05	1.344.302	11.401
	06	1.382.306	10.323
Total período 2022 - 2023		**13.744.489**	**121.103**
Total período 2021 - 2022		**10.975.080**	**102.463**
Variación %		**25,2%**	**18,2%**

Analizando a demanda entre xuño de 2022 e xullo de 2023, a demanda na ATM de Lugo experimentou unha clara subida durante este período, alcanzando as 121 mil persoas viaxeiras neste período. Esta cifra supón un incremento do 18,2% con respecto ao período de análise anterior.

A demanda nesta ATM pasou de roldar os 9.000 viaxeiros/as mensuais a roldar os 10.000 viaxeiros/as por mes durante practicamente todo o período analizado. A demanda da ATM de Lugo correspóndese con menos do 1% da demanda das cinco ATM de Galicia.

3.2.3.4. ATM de Santiago de Compostela

Nesta Área de Transporte Metropolitano, rexistrouse unha demanda de máis de 2,7 millóns de persoas usuarias durante este período. Como no resto das ATM, apréciase unha clara tendencia positiva.

ANO	MES	VIAXES TRANSPORTE PÚBLICO NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Santiago de Compostela
2022	07	1.085.167	169.739
	08	1.205.137	149.649
	09	1.304.949	238.055
	10	1.299.769	251.334
	11	1.281.689	248.591
	12	1.217.417	217.695
2023	01	1.193.431	217.218
	02	1.161.680	234.428
	03	1.476.335	271.648
	04	1.214.637	219.210
	05	1.344.302	242.688
	06	1.382.306	247.442
Total período 2022 - 2023		**13.744.489**	**2.707.697**
Total período 2021 - 2022		**10.975.080**	**2.136.842**
Variación %		**25,2%**	**26,7%**

Seguindo a tendencia xeral, a demanda na ATM de Santiago de Compostela aumentou nun 26,7% con respecto á demanda obtida no período de análise da memoria anterior. Con todo, observando a demanda total anual, no 2021 non se alcanzaron aínda cifras anteriores ao impacto da pandemia.

A tendencia crecente durante o período de estudo actual parece indicar que no 2023 poderase empezar a superar as cifras anteriores ao COVID-19.

A demanda da ATM de Santiago de Compostela correspóndese co 19,7% da demanda das cinco ATM de Galicia.

3.2.3.5. ATM de Vigo

Os datos que presenta a ATM de Vigo poden considerarse máis baixos do esperado por diversas causas xa comentadas anteriormente. Aínda así, as cifras de demanda aumentaron considerablemente con respecto ao período anterior.

ANO	MES	VIAXES TRANSPORTE PÚBLICO NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO	
		Galicia	ATM Vigo
2022	07	1.085.167	246.748
	08	1.205.137	357.100
	09	1.304.949	272.277
	10	1.299.769	260.640
	11	1.281.689	248.812
	12	1.217.417	256.081
2023	01	1.193.431	245.986
	02	1.161.680	245.201
	03	1.476.335	272.414
	04	1.214.637	246.686
	05	1.344.302	282.102
	06	1.382.306	288.773
Total período 2022 - 2023		**13.744.489**	**3.222.820**
Total período 2021 - 2022		**10.975.080**	**1.834.692**
Variación %		**25,2%**	**75,7%**

A cifra de demanda de persoas viaxeiras neste período supón un repunte do 75,7% con respecto ao período anterior. Isto parece indicar que ao longo dos próximos anos recuperaranse as cifras anteriores ao impacto da pandemia na devandita Área e posiblemente en toda a comunidade galega.

O número de viaxeiros/as entre xullo de 2022 e xuño de 2023, na ATM de Vigo, sitúase ao redor dos 3,2 millóns, correspondéndose co 23,4% da demanda total de persoas usuarias nas ATM de Galicia.

3.3. Transporte baixo demanda

Os servizos de transporte público baixo demanda puxéronse en marcha coa intención de mellorar a conexión do rural coas grandes urbes. Están especialmente deseñados para cubrir as necesidades de desprazamento da realidade territorial galega, adaptándose ao alto nivel de dispersión e envellecemento da poboación desta comunidade.

É outra das modalidades creadas polo PTPG para liquidar un dos principais retos da mobilidade en Galicia: atender ás persoas usuarias que requiren desprazamentos individuais e sen frecuencia fixa, especialmente naquelas zonas do rural menos conectadas e lograr que ninguén quede sen servizo de transporte, evitando a circulación de autobuses baleiros ou con moitas prazas dispoñibles.

O mes de xuño de 2023 había en Galicia 2.226 liñas a demanda, dando servizo a máis de 27 mil puntos de parada para atender solicitudes que permiten realizar máis de 917 mil circulacións desta modalidade ao ano.

Para considerar unha liña baixo demanda non fai falta que todas as paradas do itinerario sexan a demanda, senón que é suficiente con que unha delas se atenda do devandito modo.

As persoas usuarias en servizos baixo demanda foron incrementándose de forma paralela ao aumento da demanda de transporte público integrado ou compartido. Isto débese a que a maioría dos servizos baixo demanda derivan de liñas integradas que realizan servizo en horas non lectivas.

Deste xeito, a demanda desta modalidade de transporte aumentou nos últimos anos en todas as provincias, exceptuando no ano 2020 debido ao impacto da pandemia no número de desprazamentos ou na mobilidade xeral de Galicia. Aínda así, debido á natureza do servizo, este tipo de transporte representa unha pequena proporción do total da demanda de transporte público do territorio galego.

Como se comentará posteriormente noutro capítulo, as reservas de viaxes nos servizos baixo demanda pódense realizar ata as 19 horas do día laborable anterior ao que se desexa viaxar a través da páxina de **bus.gal**, a aplicación móbil de transporte público ou mediante unha chamada telefónica ao 988 687 800.

Na seguinte táboa móstrase unha evolución das viaxes realizadas polas persoas usuarias dos servizos baixo demanda.

ANO		TRANSPORTE BAIXO DEMANDA				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2018	Viaxes	798	0	54	742	2
	% Total	100,0%	0,0%	6,8%	93,0%	0,3%
2019	Viaxes	7.725	96	183	7.444	2
	% Total	100,0%	1,2%	2,4%	96,4%	0,0%
2020	Viaxes	889	32	5	841	11
	% Total	100,0%	3,6%	0,6%	94,6%	1,2%
2021	Viaxes	3.791	1.265	259	1.967	300
	% Total	100%	33%	7%	52%	8%
2022	Viaxes	7.897	2.369	585	3.879	1.065
	% Total	100%	30%	7%	49%	13%

Entre os anos 2018 e 2019 percíbese un gran incremento das viaxes realizadas en servizos baixo demanda, principalmente en Ourense, sendo a provincia onde máis servizos desta modalidade existen, igual que ocorre na actualidade. Estas cifras responden ao temperán proceso de integración do transporte compartido na provincia de Ourense, que comezou durante o ano 2017.

En termos xerais, a tendencia crecente viuse interrompida durante o ano 2020, do mesmo xeito que o resto da demanda, debido ao impacto da pandemia na mobilidade. Con todo, as cifras obtidas durante o ano 2022 superan xa cifras anteriores á caída da demanda debida ao COVID-19.

Analizando a evolución das viaxes realizadas polas persoas usuarias deste servizo, obsérvase que os datos non seguen un patrón estable ao longo dos anos. Con todo, entre 2021 e 2020 a repartición entre provincias mantense similar, podendo indicar unha tendencia á estabilización e unha posible consolidación da oferta. En termos xerais, a demanda desta modalidade de servizo segue crecendo ano a ano.

ANO	MES	TRANSPORTE PÚBLICO BAIXO DEMANDA				
		DEMANDA TOTAL	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2021	07	260	86	52	116	6
	08	395	106	35	226	28
	09	910	505	32	281	92
	10	549	275	28	144	102
	11	439	164	44	161	70
	12	400	153	49	175	23
2022	01	538	177	35	247	79
	02	502	154	36	232	80
	03	624	216	74	312	22
	04	410	148	16	217	29
	05	411	189	18	164	40
	06	613	147	62	358	46
Total período 2021 - 2022		**6.051**	**2.320**	**481**	**2.633**	**617**
Total período 2020 - 2021		**1.197**	**245**	**20**	**926**	**6**
% Variación		**405,5%**	**846,9%**	**2305,0%**	**184,3%**	**10183,3%**

A demanda en provincia de Ourense representa un 49% do total do transporte público baixo demanda de Galicia, sendo a provincia con maior demanda do servizo. Estas cifras na provincia de Ourense, tendo en conta a súa realidade socio demográfica, débense á temperá integración do transporte. Cabe lembrar que o transporte baixo demanda está intimamente relacionado cos servizos de transporte integrado ou compartido que se prestan ás persoas usuarias xerais.

Á provincia de Ourense, séguelle de preto A Coruña, que representa un 30% do total de persoas usuarias de transporte baixo demanda. Pontevedra e Lugo, pola súa banda, sufriron o maior incremento na demanda do servizo con referencia aos datos obtidos no período de análise da

memoria anual anterior, pero seguen representando unha porcentaxe menor con respecto ao total da comunidade.

Durante o último ano houbo un total de **7.897 persoas usuarias que solicitaron a modalidade de transporte baixo demanda.**



Estes datos **tradúcense nunha media mensual de 650 viaxes realizadas polas persoas usuarias que utilizan os servizos baixo demanda en 2022**. Os datos referentes ao ano anterior reflectían unha media de 500 viaxes ao mes, co que se incrementou o uso en global do servizo.

Doutra banda, móstrase a cantidade de chamadas recibidas por parte das persoas usuarias para informarse sobre este servizo. Visualizando a distribución temporal das chamadas realizadas a través do centro de chamadas desde o seu lanzamento, pódese observar como este número experimentou un aumento xeneralizado ata finais de 2019, como se aprecia no gráfico seguinte. Desde o ano 2020 incrementouse o seu uso novamente, superando durante os últimos meses de estudo as cifras anteriores ao impacto da COVID-19.



O incremento puntual no número de solicitudes de reserva en setembro do ano 2021 débese principalmente ao comezo da época lectiva, onde se poñen en funcionamento liñas integradas ou compartidas e, por tanto, o funcionamento de moitas expedicións a demanda que cobren as necesidades de transporte dos/as galegos/as.

Por último, móstranse as chamadas realizadas á central de chamadas por parte das persoas usuarias no período que comprende a memoria anual.



En setembro de 2022 o incremento do número de chamadas á central para informarse sobre o servizo ou realizar reserva deste, coincidiu co aumento de solicitudes na provincia da Coruña. Durante o resto dos meses de estudo, o número de chamadas á central foi máis estable, cunha **media de 1.500 chamadas ou solicitudes ao mes.**

3.4. Demanda de persoas usuarias por título de transporte

Neste apartado analízase a evolución da demanda desagregando os datos entre os diferentes medios de pago dispoñibles para as persoas usuarias do transporte público en Galicia.

Seguindo a estrutura dos apartados anteriores, móstranse os datos de evolución xerais desde o ano 2016 ata a actualidade e posteriormente preséntase a análise no período de estudo da presente memoria. Desta forma, poderase analizar a posta en marcha do PTPG, así como o proceso de integración e a consolidación do mesmo, englobando así os acontecementos máis importantes dos últimos anos referentes ao transporte público galego.

Nesta análise van diferenciar tres tipos de forma de pago de billete, tanto se se realizou en efectivo (billete sinxelo ou ordinario), con tarxeta (TMG e TMGXN), e gratuíto para o estudantado con reserva de praza. A continuación, detállanse brevemente os títulos de transporte que se inclúen en cada modo de pago:

- **Pago en efectivo**
  - Billete ordinario: con este modo de pago obtense o título de transporte sen ningún desconto aplicado.
  - Viaxes escolares: este título de transporte é gratuíto para o colectivo estudantil que teña asignada unha praza nos servizos integrados do PTPG.
- **Pago con tarxeta**
  - Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG): este medio de pago permite obter descontos no prezo dos servizos de transporte público da ATG.
  - Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN): a través deste medio de pago garántese a gratuidade do billete aos menores de 21 anos.

O uso da TMGXN estendeuse en maio do 2021 a toda a comunidade de Galicia, que, xunto cos diferentes medios de pago e títulos de transporte existentes, achegan unha maior flexibilidade e comodidade ás persoas usuarias. Estas actuacións melloran a calidade do servizo, adaptándose ás novas necesidades e resultando máis atractivo o transporte para as persoas usuarias.

Resulta necesario destacar o incremento da demanda de persoas usuarias da tarifa escolar desde a súa implantación no ano 2017, situándose nos últimos dous anos por encima dos 10 millóns de viaxeiros/as. **Isto representou en 2022 o 34,7% do total das viaxes de transporte público por estrada en Galicia, que alcanzou os 30,6 millóns de desprazamentos en total.**



ANO		DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARJETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**13.663.553**	5.979.742	7.683.811	0
	% Total	100,0%	44,0%	56,0%	0,0%
2017	Viaxes	**18.311.107**	5.970.536	11.336.795	1.003.776
	% Total	100,0%	33,0%	62,0%	5,0%
2018	Viaxes	**21.995.153**	7.459.287	11.845.175	2.690.691
	% Total	100,0%	34,0%	54,0%	12,0%
2019	Viaxes	**23.223.194**	7.604.151	12.924.025	2.695.018
	% Total	100%	33%	56%	12%
2020	Viaxes	**15.760.713**	3.177.398	8.459.478	4.123.837
	% Total	100%	20%	54%	26%
2021	Viaxes	**24.400.014**	5.170.141	9.178.641	10.051.231
	% Total	100,0%	21,2%	37,6%	41,2%
2022	Viaxes	**30.638.627**	6.340.820	13.660.496	10.637.311
	% Total	100,0%	20,7%	44,6%	34,7%

A compra de billetes en efectivo tamén foi crecendo anualmente ata o 2019 con 7,6 millóns de viaxes, experimentándose unha caída en 2020 motivada polo impacto sobre a mobilidade da pandemia do COVID-19 e continuando en 2022 por baixo desta cifra, non recuperándose totalmente. En termos xerais, a demanda deste tipo de título de transporte representa en torno ao 20,7% do total de desprazamentos.

Tamén se consolidou a evolución do pago con tarxeta, aumentando un 68% desde o 2016 ata o 2019, cun total de 12,9 millóns de viaxes. Do mesmo xeito que cos billetes en efectivo, en 2020 diminuíu sensiblemente o seu uso debido á caída da demanda no contexto da crise sanitaria. A porcentaxe de viaxes pagas con tarxeta representa en torno ao 45% do total dos títulos de transporte adquiridos.

Especificamente no período desta memoria, desde xullo do 2022 ata xuño de 2023, a demanda de títulos de transporte obtidos mediante pago con tarxeta experimentou unha tendencia crecente, absorbendo parte das viaxes abonadas en efectivo en anos anteriores. En 2022, o pago con tarxeta supera cifras previas ao impacto da pandemia.

AÑO	MES	DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2022	07	1.640.619	712.257	928.362	0
	08	1.626.233	725.720	900.513	0
	09	2.955.851	604.455	1.365.633	985.763
	10	3.136.602	498.044	1.474.629	1.163.929
	11	3.253.020	431.531	1.556.097	1.265.392
	12	2.526.358	389.335	1.328.487	808.536
2023	01	2.848.540	374.327	1.442.169	1.032.044
	02	2.871.670	360.941	1.483.158	1.027.571
	03	3.468.225	393.533	1.733.149	1.341.543
	04	2.668.743	380.220	1.463.170	825.353
	05	3.317.488	427.070	1.677.577	1.212.841
	06	2.972.211	467.299	1.632.802	872.110
Total período 2022 - 2023		**33.285.560**	**5.764.732**	**16.985.746**	**10.535.082**
Total período 2021 - 2022		**27.643.307**	**6.000.611**	**11.346.279**	**10.296.417**
% Variación		**20,4%**	**-3,9%**	**49,7%**	**2,3%**

A porcentaxe de títulos de transporte relativos á tarifa escolar aumentou un 2,3% con respecto ao período anterior. Este incremento é o resultado de axustes nas liñas existentes. A pequena variación reflicte que a consolidación do proceso de integración de servizos que antes formaban parte do transporte escolar.

Así mesmo, destaca o progresivo aumento das viaxes pagas con tarxeta, alcanzando un valor máximo de emprego deste medio no mes de marzo de 2023, con máis de 1,7 millóns de viaxes durante ese mes en toda Galicia. Este valor parece estar relacionado coa consolidación do uso da TMGXN entre as persoas máis novas da comunidade autónoma, alcanzando un valor de **máis de 16,9 millóns de persoas usuarias** que pagaron con tarxeta no período da memoria.

Evolución da demanda por título de transporte (Xullo 2022 - Xuño 2023)



3.4.1. Datos de evolución da demanda por título de transporte por provincia

Neste apartado móstranse a evolución da demanda desagregada por provincias, onde se poden apreciar notables diferenzas de peso de cada título de transporte sobre o total das viaxes efectuadas en cada provincia. Móstrase unha evolución anual entre o 2016 e o 2022 e posteriormente profúndase no período de análise da memoria actual, con datos mensuais entre xullo de 2022 e xuño de 2023.

Provincia da Coruña

Para empezar a análise, podemos observar a evolución dos distintos medios de pago que se empregaron nas viaxes da provincia da Coruña desde o ano 2016 ata o 2022.

ANO		DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE			
		A CORUÑA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**8.651.908**	2.901.964	5.749.944	0
	% Total	100,0%	33,5%	66,5%	0,0%
2017	Viaxes	**11.428.600**	2.045.883	9.288.546	94.171
	% Total	100,0%	17,9%	81,3%	0,8%
2018	Viaxes	**12.142.980**	2.223.330	9.685.970	233.680
	% Total	100,0%	18,3%	79,8%	1,9%
2019	Viaxes	**12.951.800**	2.117.035	10.600.477	234.288
	% Total	100,0%	16%	82%	2%
2020	Viaxes	**8.125.560**	1.019.314	6.018.186	1.088.060
	% Total	100,0%	13%	74%	13%
2021	Viaxes	**12.758.991**	2.437.980	6.865.390	3.455.620
	% Total	100,0%	19,1%	53,8%	27,1%
2022	Viaxes	**16.371.719**	3.047.904	9.752.475	3.571.340
	% Total	100,0%	18,6%	59,6%	21,8%

Na provincia da Coruña o modo de pago máis empregado é o pago con tarxeta, motivado pola envergadura que presentan as tres áreas de transporte metropolitano consolidadas na provincia, chegando ao valor máximo de uso desta forma de pago no ano 2019, no que superan o 80% do total de venda de billetes. Estes datos relaciónanse coa súa concentración de poboación, polo tanto, maior cantidade de persoas usuarias e número de servizos.

Resulta particular a escasa porcentaxe de viaxes abonadas por medio da tarifa escolar, sendo esta a provincia co índice máis baixo das catro provincias galegas. A Coruña é a provincia con maior demanda de toda Galicia, representando un 53% do total, polo que esta diferenza débese principalmente a que as persoas usuarias xerais, non escolares, do transporte público realizan o pago con tarxeta ou efectivo. En calquera caso, as viaxes de escolares vanse incrementando a medida que se poñen en marcha novas liñas de transporte integrado ou compartido que recollen servizos integrados que anteriormente formaban parte do transporte escolar.

O número de viaxes con tarifa escolar alcanzou no ano 2020 o millón de escolares, quintuplicando as persoas usuarias do ano 2019. A pesar do impacto do COVID-19, a demanda deste servizo seguiu a súa tendencia crecente debido á integración levada a cabo co PTPG. **Durante o ano 2022 a demanda da Coruña superou os 3,5 millóns de escolares transportados nestas liñas.**

De forma máis detallada, para o período de estudo desta memoria, a demanda de persoas usuarias por título de transporte na provincia da Coruña é a que segue:

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (XULLO 2022 - XUÑO 2023) A CORUÑA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2022	07	1.062.391	345.055	717.336	0
	08	1.021.460	346.961	674.499	0
	09	1.586.954	294.090	960.148	332.716
	10	1.640.218	236.668	1.011.829	391.721
	11	1.693.266	202.083	1.060.942	430.241
	12	1.385.663	179.144	934.392	272.127
2023	01	1.509.231	171.239	983.577	354.415
	02	1.522.828	164.348	1.010.538	347.942
	03	1.811.239	181.307	1.176.285	453.647
	04	1.467.466	176.982	1.014.401	276.083
	05	1.758.138	199.320	1.145.968	412.850
	06	1.655.372	215.678	1.142.764	296.930
Total período 2022 - 2023		**18.114.226**	**2.712.875**	**11.832.679**	**3.568.672**
Total período 2021 - 2022		**14.594.864**	**2.885.461**	**8.267.223**	**3.442.180**
% Variación		**24,1%**	**-6,0%**	**43,1%**	**3,7%**

O pago de billete con tarxeta continúa o seu crecemento superando os 11,8 millóns de billetes vendidos mediante esta modalidade no período da memoria. No período actual da memoria, a demanda de persoas usuarias incrementouse un 24,1%, sendo o maior aumento o de pago con tarxeta cun 43,1%.

Así pois, pódese comprobar que **o medio de pago máis empregado na provincia da Coruña resulta ser a tarxeta**, que alcanza o 65% do total. Os billetes abonados en efectivo representan o 15%, e o 20% restante corresponde coa tarifa escolar.



Provincia de Lugo

Do mesmo xeito que no caso anterior, na seguinte táboa obsérvase a evolución dos distintos medios de pago que se empregaron nas viaxes da provincia de Lugo desde o ano 2016 ata o 2022.

ANO		DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE LUGO			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**1.148.565**	1.054.375	94.190	0
	% Total	100,0%	92,0%	8,0%	0,0%
2017	Viaxes	**1.340.623**	1.142.105	86.584	111.934
	% Total	100,0%	85,2%	6,5%	8,3%
2018	Viaxes	**1.631.316**	1.258.339	78.132	294.845
	% Total	100,0%	77,1%	4,8%	18,1%
2019	Viaxes	**1.717.292**	1.342.086	79.731	295.475
	% Total	100,0%	78,2%	4,6%	17,2%
2020	Viaxes	**1.658.176**	577.027	371.818	709.331
	% Total	100,0%	34,8%	22,4%	42,8%
2021	Viaxes	**2.021.945**	441.683	192.626	1.387.636
	% Total	100,0%	21,8%	9,5%	68,6%
2022	Viaxes	**2.537.275**	648.879	428.475	1.459.921
	% Total	100,0%	25,6%	16,9%	57,5%

Na provincia de Lugo, o uso do pago en efectivo representa unha porcentaxe importante, sendo o título de transporte de maior adquisición por parte das persoas usuarias e chegando a situarse por encima do 85% en 2017. A partir do 2019, obsérvase un incremento do uso da tarxeta na provincia de Lugo, resultado buscado que representa unha alta fidelización das persoas usuarias do transporte público.

Con todo, a pesar da pandemia, entre 2019 e 2020 obsérvase un crecemento no uso do pago do billete con tarxeta, polo simple feito da posta en marcha de novas concesións co PTPG. O uso de pago con tarxeta aumentou de notablemente tamén entre 2021 e 2022 nesta provincia, superando os 400 mil viaxes abonados por medio deste método de pago en 2022.

A continuación, preséntanse os datos referentes aos meses do período de estudo da memoria anual actual por título de transporte para a provincia de Lugo.

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (JULIO 2022 - JUNIO 2023) LUGO			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2022	07	111.657	95.010	16.647	0
	08	91.146	75.776	15.370	0
	09	245.264	66.098	44.449	134.717
	10	272.972	57.950	56.901	158.121
	11	283.693	45.000	61.299	177.394
	12	201.486	40.154	48.029	113.303
2023	01	227.311	36.077	53.353	137.881
	02	229.502	34.491	53.929	141.082
	03	296.307	41.158	67.902	187.247
	04	210.883	43.753	51.918	115.212
	05	279.557	49.956	61.703	167.898
	06	232.074	55.282	54.518	122.274
Total período 2022 - 2023		**2.681.852**	**640.705**	**586.018**	**1.455.129**
Total período 2021 - 2022		**2.257.500**	**523.696**	**323.153**	**1.410.651**
% Variación		**18,8%**	**22,3%**	**81,3%**	**3,2%**

O número de persoas usuarias que empregou a tarifa escolar, asociada ao transporte integrado ou compartido, ascende a máis de 1,4 millóns de escolares, o que supón un 54% do total de billetes expedidos no período de análise.

Por outra banda, **máis de 600 mil persoas usuarias adquiriron o seu billete en efectivo na provincia de Lugo**, e máis de medio millón de persoas empregaron como método de pago a tarxeta, representando preto dun 22% do total.



Destaca no período analizado, o crecemento no uso do pago con tarxeta, que se incrementou nun 81,3% con respecto ao período de análise anterior. Nas provincias de Lugo e Ourense o pago en efectivo é tipicamente superior ao pago con tarxeta, aínda que nos últimos anos a tendencia está a cambiar, consolidándose o uso da TMG e TMGXN entre a poboación impulsado pola implantación da Área de Transporte de Galicia (ATG).

Provincia de Ourense

A seguinte táboa recolle os datos dos distintos medios de pago que se empregaron nas viaxes da provincia de Ourense desde o ano 2016 ata o 2022.

ANO		DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE			
		OURENSE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**340.564**	340.564	0	0
	% Total	100,0%	100,0%	0,0%	0,0%
2017	Viaxes	**1.125.682**	607.158	0	518.524
	% Total	100,0%	53,9%	0,0%	46,1%
2018	Viaxes	**2.510.012**	1.050.882	0	1.459.130
	% Total	100,0%	41,9%	0,0%	58,1%
2019	Viaxes	**2.589.752**	1.129.357	0	1.460.395
	% Total	100,0%	43,6%	0,0%	56,4%
2020	Viaxes	**1.599.077**	434.374	45.931	1.118.772
	% Total	100,0%	27,2%	2,9%	70,0%
2021	Viaxes	**2.526.514**	398.482	284.562	1.843.470
	% Total	100,0%	15,8%	11,3%	73,0%
2022	Viaxes	**3.038.451**	564.057	528.644	1.945.750
	% Total	100,0%	18,6%	17,4%	64,0%

Na provincia de Ourense, **o uso da tarxeta increméntase en maior medida a partir do ano 2020**, coa implantación dos novos contratos do PTPG, o que resulta particular debido a que nas outras provincias o seu uso xa estaba estendido anteriormente pola existencia das ATM.

Do mesmo xeito que en Lugo, **na provincia Ourense pódese observar como o pago en efectivo tivo ao longo dos anos maior peso que o uso de tarxeta, cuestión que se pode explicar pola inexistencia dunha ATM na área metropolitana de Ourense**. Con todo, a cifra de viaxeiros/as que utilizaron a tarxeta durante o ano 2022 achégase ao número de usuarios que pagaron con efectivo. Más de medio millón de persoas viaxeiras utilizaron cada unha das modalidades de pago citadas. Polo momento, o método de pago predominante entre as persoas usuarias xerais segue sendo o uso de efectivo tamén nesta provincia.

Por outra banda, **é importante destacar o feito de que, en Ourense, a tarifa escolar representa o maior número de viaxes**, chegando no ano 2021 a representar o 73% do total de billetes expedidos na provincia. En 2022, este título de transporte representaba o 64% do total de billetes vendidos en Ourense.

Os datos correspondentes cos meses do período de estudo da memoria anual actual para a provincia de Ourense móstranse na seguinte táboa:

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (XULLO 2022 - XUÑO 2023) OURENSE			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2022	07	72.606	51.882	20.724	0
	08	74.484	54.473	20.011	0
	09	291.142	54.245	54.586	182.311
	10	327.581	48.025	65.386	214.170
	11	339.601	43.402	70.193	226.006
	12	243.242	38.861	56.396	147.985
2023	01	284.755	37.892	65.121	181.742
	02	293.013	37.961	68.193	186.859
	03	367.224	39.287	81.985	245.952
	04	253.581	35.501	65.337	152.743
	05	335.626	39.856	76.959	218.811
	06	268.322	41.639	67.936	158.747
Total período 2022 - 2023		**3.151.177**	**523.024**	**712.827**	**1.915.326**
Total período 2021 - 2022		**2.803.298**	**504.410**	**413.705**	**1.885.183**
% Variación		**12,4%**	**3,7%**	**72,3%**	**1,6%**

Na provincia de Ourense, o transporte integrado ou compartido representa unha gran porcentaxe con respecto ao transporte total na provincia, mostra diso é que a tarifa de escolares supera o 61% dos billetes expedidos no período, colocándose como a tarifa máis empregada do último ano, dando lugar a unha situación similar á existente na provincia de Lugo.

Por outra banda, **o pago con tarxeta supera o pago en efectivo ao longo deste período,** representando o 23% do total. O pago con tarxeta creceu con respecto ao período anual anterior nun 72,3%, alcanzando así o 712 mil viaxes abonados por medio deste método de pago.





Provincia de Pontevedra

Na seguinte táboa obsérvase a evolución dos medios de pago empregados para abonar as viaxes realizadas na provincia de Pontevedra desde o ano 2016 ata o 2022.

ANO		DEMANDA DE USUARIOS POR TÍTULO DE TRANSPORTE			
		PONTEVEDRA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2016	Viaxes	**3.522.516**	1.682.839	1.839.677	0
	% Total	100,0%	47,8%	52,2%	0,0%
2017	Viaxes	**4.416.203**	2.175.391	1.961.665	279.147
	% Total	100,0%	49,3%	44,4%	6,3%
2018	Viaxes	**5.710.846**	2.926.737	2.081.073	703.036
	% Total	100,0%	51,2%	36,4%	12,3%
2019	Viaxes	**5.964.351**	3.015.674	2.243.817	704.860
	% Total	100,0%	50,6%	37,6%	11,8%
2020	Viaxes	**4.377.900**	1.146.683	2.023.543	1.207.674
	% Total	100,0%	26,2%	46,2%	27,6%
2021	Viaxes	**7.092.564**	1.891.996	1.836.063	3.364.505
	% Total	100,0%	26,7%	25,9%	47,4%
2022	Viaxes	**8.691.182**	2.079.980	2.950.902	3.660.300
	% Total	100,0%	23,9%	34,0%	42,1%

Na provincia de Pontevedra o número de persoas usuarias que utilizan como método de pago a tarxeta mantívose constante, por encima dos 2 millóns anuais, ata o ano 2021, ano no que se igualou a porcentaxe de pago con tarxeta e efectivo, e incrementouse a tarifa escolar, pola posta en marcha a finais de 2020 de novas concesións con liñas integradas. No ano 2021, a tarifa escolar superou os 3 millóns de escolares transportados; cifra que se mantivo no ano 2022.

En 2022 na provincia de Pontevedra o pago con tarxeta foi notablemente superior ao pago en efectivo, representando o 34% do total.

De maneira máis detallada, e para o período analizado nesta memoria, expóñense os datos desagregados por meses na seguinte táboa:

ANO	MES	EVOLUCIÓN DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE (XULLO 2022 - XUÑO 2023) PONTEVEDRA			
		TOTAL	BILLETE EFECTIVO	TARXETA	TARIFA ESCOLARES
2022	07	393.965	220.310	173.655	0
	08	439.143	248.510	190.633	0
	09	832.491	190.022	306.450	336.019
	10	895.831	155.401	340.513	399.917
	11	936.460	141.046	363.663	431.751
	12	695.967	131.176	289.670	275.121
2023	01	827.243	129.119	340.118	358.006
	02	826.327	124.141	350.498	351.688
	03	993.455	131.781	406.977	454.697
	04	736.813	123.984	331.514	281.315
	05	944.167	137.938	392.947	413.282
	06	816.443	154.700	367.584	294.159
Total período 2022 - 2023		**9.338.305**	**1.888.128**	**3.854.222**	**3.595.955**
Total período 2021 - 2022		**7.987.645**	**2.087.044**	**2.342.198**	**3.558.403**
% Variación		**16,9%**	**-9,5%**	**64,6%**	**1,1%**

Neste período, **a tarifa escolar presenta máis do 39% do total dos billetes vendidos na provincia**, seguido polo pago con tarxeta que durante os últimos meses superou e chegou a duplicar a cifra de viaxes abonadas en efectivo. Pódese observar unha migración entre os billetes pagos en efectivo e os billetes abonados con tarxeta. Actualmente o pago con tarxeta é utilizado máis do dobre que o pago en efectivo, tal como se pode observar na seguinte figura.



En resumo, da anterior análise de títulos de transporte por provincia, conclúese que **A Coruña é o territorio con maior uso da tarxeta como método de pago**, asociado á importancia que as áreas de transporte metropolitano presentan nesta provincia, que conta ca ATM de Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña. Nesta provincia o uso de tarxeta como medio de pago superou varios anos o 80% do total, alcanzando os 10,5 millóns de viaxes en 2019, véndose reducida a menos da metade en 2020 debido ao impacto da crise sanitaria producida pola COVID-19. No 2022 vaise recuperando paulatinamente a utilización da tarxeta nas viaxes realizadas na Coruña.

Historicamente **na provincia de Pontevedra, o uso da tarxeta como forma de pago** tamén é alto, con todo, coa consolidación do proceso de integración do PTPG, as tarifas escolares han aumentado considerablemente, ata superar no 2021 e 2022 aos outros métodos de pago.

Paralelamente, **as provincias de Lugo e Ourense presentan unhas porcentaxes de uso de tarxeta máis baixos**. Durante o período de estudo da memoria actual en Ourense, a pesar de ser a única provincia que non conta con ningunha ATM, o pago con tarxeta superou o pago de billete en efectivo.



3.4.2. Datos de evolución da demanda por título de transporte por ATM

Neste apartado móstrase a evolución da demanda desagregada por título de transporte en cada unha das Áreas de Transporte Metropolitano entre os anos 2017 e 2022.

En todas as ATM o uso de tarxeta é maioritario con respecto ao abono dos billetes en efectivo, como se poden observar nos datos desagregados por título de transporte. Un dos motivos que sustentan este feito é a aplicación de descontos asociados ao uso da Tarxeta de Mobilidade de Galicia TMG, tanto en viaxes individuais como na adquisición de diferentes bonos.

Ademais, este método de pago implantouse nas ATM con anterioridade á extensión do seu uso por todo o territorio galego, polo que está consolidado a súa utilización pola maioría das persoas viaxeiras nestas áreas. O número de viaxes foi aumentando de maneira sostida e xeneralizada a medida que as persoas usuarias foron coñecendo mellor as prestacións do servizo dentro da súa ATM, o que supón un claro indicador da boa acollida por parte dos viaxeiros/as.

Do mesmo xeito que no resto do territorio galego, nos datos de demanda por ATM obsérvase o impacto da pandemia debida ao COVID-19 durante o ano 2020. Aínda que os datos obtidos para o 2022 mostran unha gran recuperación nas cifras de demanda.

A efectos de computación da demanda total, os datos que se mostran nas seguintes táboas non inclúen o alumnado con reserva de praza que utilizan tarifa escolar na ATM.

ATM da Coruña

A ATM da Coruña é a área de Transporte Metropolitano con maior número de persoas usuarias de Galicia, **alcanzando os 7 millóns de persoas usuarias en 2019**. Co impacto da pandemia en 2020, a demanda caeu un 42% aproximadamente. **No 2022, alcanzáronse 6,1 millóns de persoas usuarias na ATM da Coruña**, polo que aínda non se recuperou totalmente a demanda de cifras anteriores á pandemia.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA		
		A CORUÑA		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**6.186.145**	949.905	5.236.240
	% Total	100,0%	15,4%	84,6%
2018	Viaxes	**6.422.488**	959.073	5.463.415
	% Total	100,0%	14,9%	85,1%
2019	Viaxes	**7.018.226**	1.026.822	5.991.404
	% Total	100,0%	14,6%	85,4%
2020	Viaxes	**4.084.271**	541.940	3.542.331
	% Total	100,0%	13,3%	86,7%
2021	Viaxes	**4.817.592**	631.081	4.186.511
	% Total	100,0%	13,1%	86,9%
2022	Viaxes	**6.191.004**	757.072	5.433.932
	% Total	100,0%	12,2%	87,8%

Na ATM da Coruña, en 2021 o 87,8% dos desprazamentos foron abonados mediante pago con tarxeta. Este medio de pago ofrece diversas vantaxes na súa utilización nas Áreas de Transporte Metropolitano, onde as tarifas son máis baratas con respecto ao pago en efectivo.

O pago con tarxeta TMG na ATM da Coruña incrementouse ao longo dos anos, polo que este método de pago está á alza debido a todos os beneficios que ten para as persoas usuarias.

ATM de Ferrol

A porcentaxe de uso de tarxeta na ATM de Ferrol mantén unhas cifras similares desde o ano 2017, superando sempre o 80% dos abonos.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA		
		FERROL		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**2.351.411**	412.611	1.938.800
	% Total	100,0%	17,5%	82,5%
2018	Viaxes	**2.442.386**	463.965	1.978.421
	% Total	100,0%	19,0%	81,0%
2019	Viaxes	**2.655.908**	430.122	2.225.786
	% Total	100,0%	16,2%	83,8%
2020	Viaxes	**1.381.264**	208.952	1.172.312
	% Total	100,0%	15,1%	84,9%
2021	Viaxes	**1.623.900**	262.701	1.361.289
	% Total	100,0%	16,2%	83,8%
2022	Viaxes	**1.964.718**	267.813	1.696.905
	% Total	100,0%	13,6%	86,4%

No ano 2022, dos case 2 millóns de desprazamentos realizados polas persoas usuarias, case 1,7 millóns foron abonados con tarxeta. O 13,6% restante da demanda total han pagado en efectivo.

Analizando a evolución da demanda en termos xerais, esta mantívose en constante crecemento ata o ano 2020, ano da pandemia sanitaria, coa que a demanda diminuíu en todo Galicia. En 2019 alcanzáronse os 2,6 millóns de persoas usuarias, proba da consolidación do método de pago. No ano 2022, pódese afirmar que se incrementou a demanda con respecto ao ano anterior, pero non se recuperou totalmente con respecto ás cifras anteriores á pandemia.

ATM de Lugo

A ATM de Lugo ten a menor porcentaxe de pago con tarxeta de todas as ATM de Galicia, cun 67,1% dos desprazamentos pagos con este título de transporte no ano 2022. Aínda así, segue sendo o método de pago máis utilizado, case duplicando o uso de efectivo.

A ATM de Lugo é a que menor demanda posúe en termos globais. O número total de viaxes sitúase ao redor dos 125.000 no ano 2019, o que supón un incremento das persoas usuarias respecto a 2018, pero caendo a demanda en 2020 debido principalmente á pandemia do COVID-19, como se analizou anteriormente. En 2022, a demanda creceu, pero non se recuperou totalmente con respecto ás cifras obtidas previo á pandemia.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA		
		LUGO		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**129.970**	43.386	86.584
	% Total	100,0%	33,4%	66,6%
2018	Viaxes	**116.347**	38.215	78.132
	% Total	100,0%	32,8%	67,2%
2019	Viaxes	**124.427**	44.692	79.731
	% Total	100,0%	35,9%	64,1%
2020	Viaxes	**62.829**	22.243	40.586
	% Total	100,0%	35,4%	64,6%
2021	Viaxes	**87.989**	28.671	59.318
	% Total	100,0%	32,6%	67,4%
2022	Viaxes	**113.066**	37.196	75.870
	% Total	100,0%	32,9%	67,1%

Esta área de Transporte Metropolitano, é a ATM con maior porcentaxe de pago en efectivo das cinco existentes en Galicia.





ATM de Santiago de Compostela

A continuación, móstranse os datos de demanda desagregados por título de transporte na ATM de Santiago de Compostela.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SANTIAGO DE COMPOSTELA		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**2.745.979**	632.473	2.113.506
	% Total	100,0%	23,0%	77,0%
2018	Viaxes	**2.899.846**	655.712	2.244.134
	% Total	100,0%	22,6%	77,4%
2019	Viaxes	**3.038.040**	654.753	2.383.287
	% Total	100,0%	21,6%	78,4%
2020	Viaxes	**1.571.965**	268.422	1.303.543
	% Total	100,0%	17,1%	82,9%
2021	Viaxes	**1.803.734**	254.129	1.549.605
	% Total	100,0%	14,1%	85,9%
2022	Viaxes	**2.441.692**	335.123	2.106.569
	% Total	100,0%	13,7%	86,3%

Seguindo a tendencia das ATM da Coruña e Ferrol, ambas as da provincia da Coruña, na ATM de Santiago de Compostela o uso do pago a través de tarxeta foise incrementado, despois do impacto da pandemia, ata alcanzar o 86,3% en 2022, datos que reflicten o coñecemento da poboación dos beneficios deste método de pago con respecto ao pago en efectivo.

Do mesmo xeito que no resto das ATM, e en xeral en todo o territorio galego, a demanda tiña unha tendencia crecente antes da pandemia do COVID-19 en 2020, en cuxo ano decreceu a demanda global. A partir dese ano, a tendencia volve ser positiva, pero a demanda aínda non alcanzou as cifras anteriores á pandemia.

ATM de Vigo

Na ATM de Vigo, o 72,5% das persoas usuarias abonaron os seus billetes con tarxeta durante o ano 2022, sendo a segunda ATM con maior porcentaxe de pagos en efectivo de todo o territorio galego.

ANO		EVOLUCIÓN DA DEMANDA POR TÍTULO DE TRANSPORTE NAS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA		
		VIGO		
		TOTAL	EFECTIVO	TARXETA
2017	Viaxes	**2.872.076**	910.411	1.961.665
	% Total	100,0%	31,7%	68,3%
2018	Viaxes	**3.055.984**	974.911	2.081.073
	% Total	100,0%	31,9%	68,1%
2019	Viaxes	**3.248.178**	1.004.361	2.243.817
	% Total	100,0%	30,9%	69,1%
2020	Viaxes	**1.822.711**	491.592	1.331.119
	% Total	100,0%	27,0%	73,0%
2021	Viaxes	**2.259.049**	672.554	1.586.495
	% Total	100,0%	29,8%	70,2%
2022	Viaxes	**2.870.930**	788.181	2.082.749
	% Total	100,0%	27,5%	72,5%

A baixa porcentaxe de uso de tarxeta con referencia a outros territorios débese a unha falta de información con relación ás bonificacións que implica a utilización deste método de pago.

Doutra banda, como nas demais ATM, a demanda caeu no ano 2020 polo impacto da pandemia, aínda que en 2022, apréciase como se está recuperando a tendencia crecente de uso do transporte público nesta área ata os 2,8 millóns de persoas usuarias, pero non chega aínda ás cifras de demanda anteriores á pandemia.



3.4.3. Demanda de persoas usuarias coa Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN)

Ademais da Tarxeta de Mobilidade de Galicia, TMG, o PTPG incorpora como ferramenta de título de transporte a **Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova**, **TMGXN**.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, un dos eixos de actuación prioritarios do PTPG é o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias polo que a Xunta de Galicia procedeu á implantación da **tarifa Xente Nova**, que ten como obxectivo inmediato aliviar a economía das familias facilitando o acceso aos centros de formación, e de forma máis xeral, fomentar o transporte público e a mobilidade limpa e sostible entre a poboación máis nova.

Esta tarifa **permite aos menores de 21 anos viaxar de forma gratuíta no transporte público interurbano, competencia da Xunta de Galicia, incluíndo de forma adicional o transporte de ría en Vigo e no tren de ancho métrico en Ferrol**.

O acceso gratuíto da mocidade ao transporte público de Galicia coa extensión das vantaxes da TMGXN supón un avance social que reflicte a aposta de futuro decidida do Goberno galego pola poboación máis nova e a economía das familias. Nesta liña, Galicia está a situar o transporte público galego nun camiño de transición cara a unha mobilidade máis sostible, tal como avoga a Unión Europea.

A Xunta de Galicia puxo en marcha esa iniciativa no ano 2016 nas ATM e a comezos do ano 2020 ampliouse a cobertura da tarxeta Xente Nova desde os 19 aos 21 anos.

Nos 7 anos que leva funcionando a TMGXN, os máis de 144 mil titulares deste dispositivo realizaron, ata xuño de 2023, máis de 18,5 millóns de viaxes gratuítas no transporte público por estrada a cargo da Xunta de Galicia, os cales se traducen máis de 20,1M€ que se aforraron as familias dos beneficiarios.

O ano da súa posta en funcionamento entregáronse case 30.000 TMGXN, cifra superada no ano 2021 con máis de 32.600 tarxetas emitidas. Este fenómeno observouse tamén cando os servizos se ampliaron a Ourense e Pontevedra, conseguindo 21.002 beneficiarios máis. En maio de 2021 supuxo tamén un incremento na emisión das mesmas coincidindo coa extensión do seu uso a toda a comunidade galega.

No período actual, a **comarca de Vigo** con 4.175 foi a comarca con maior número de altas novas de TMGXN, seguida de preto pola **comarca da Coruña** con 4.114 altas. Por franxas de idade, as **persoas de 16 anos** foron as que máis solicitaron dita tarxeta.

Desde os primeiros pasos da implantación da TMGXN no ano 2016, o seu uso non deixou de crecer en toda Galicia, e en maior medida nos últimos dous anos, coa expansión das bonificacións derivadas do uso da tarxeta a todo o territorio.

ANO		DEMANDA USUARIOS EN GALICIA - TARXETA XENTE NOVA (TMGXN)				
		GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2016	Viaxes	537.726	439.754	13.130	968	83.874
	% Total	100,0%	81,8%	2,4%	0,2%	15,6%
2017	Viaxes	1.652.236	1.345.853	32.301	2.188	271.894
	% Total	100,0%	81,5%	2,0%	0,1%	16,5%
2018	Viaxes	1.771.828	1.468.187	28.280	2.486	272.875
	% Total	100,0%	82,9%	1,6%	0,1%	15,4%
2019	Viaxes	1.880.053	1.566.620	25.058	2.666	285.709
	% Total	100,0%	83,3%	1,3%	0,1%	15,2%
2020	Viaxes	1.543.652	1.129.122	18.487	33.637	362.406
	% Total	100,0%	73,1%	1,2%	2,2%	23,5%
2021	Viaxes	3.130.445	1.915.941	97.579	160.217	956.708
	% Total	100,0%	61,2%	3,1%	5,1%	30,6%
2022	Viaxes	5.097.860	2.838.590	258.874	302.512	1.697.884
	% Total	162,8%	90,7%	8,3%	9,7%	54,2%

Tal como se mostra na táboa anterior, o número de viaxes realizadas coa Tarxeta Xente Nova (TMGXN) incrementouse ano a ano desde o 2016 a excepción do ano 2020, por impacto do COVID-19 no transporte público de Galicia. **En 2022 estableceuse un máximo en Galicia, con máis de 5 millóns de persoas usuarias utilizando este método de pago**, sendo a provincia da Coruña con máis de 2,8 millóns de persoas viaxeiras, a provincia con maior utilización desta.

É importante ter en conta que durante o ano 2020 **produciuse a ampliación da cobertura da tarxeta TMGXN a persoas usuarias desde os 19 aos 21 anos**, co que o impacto da pandemia na demanda non tivo tanta repercusión coma se analízase a demanda xeral do transporte público de Galicia.

O maior incremento que se aprecia na táboa prodúcese na provincia de Ourense entre 2019 e 2020, onde a demanda de persoas usuarias que viaxan con TMGXN pasa de 2.600 persoas usuarias en 2019 a máis de 33 mil en 2020 de forma aproximada.

Nos anos 2021 e 2022, prodúcese un incremento xeneralizado no uso da tarxeta por parte das persoas usuarias menores de 21 anos, duplicando a demanda total entre 2020 e 2021 e mantendo a tendencia crecente o ano posterior. En todas as provincias o aumento de uso foi notable, con especial mención a Lugo e Ourense. Ademais, no caso de Lugo este incremento no número de persoas usuarias que utilizan dita tarxeta é relevante, xa que a demanda nesta provincia decrecera nos dous anos anteriores.



Os datos de demanda asociados á TMGXN obtidos para o ano 2022 mostran unha clara melloría con respecto ao ano anterior. Isto responde á consolidación da TMGXN como método de pago debido á ampliación realizada para todo o territorio galego e á recuperación lenta da demanda no transporte público.



ANO		DEMANDA USUARIOS EN GALICIA - TARXETA XENTE NOVA (TMGXN)				
		GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
2022	07	258.290	162.704	6.603	8.006	80.977
	08	254.263	145.682	6.492	7.750	94.339
	09	535.616	295.444	27.202	31.673	181.297
	10	595.111	318.163	34.133	37.321	205.494
	11	616.032	325.075	36.742	39.179	215.036
	12	463.069	253.493	25.188	28.305	156.083
2023	01	511.509	269.656	29.293	31.945	180.615
	02	527.836	281.564	28.489	32.424	185.359
	03	616.517	326.583	34.947	39.633	215.354
	04	464.374	253.693	23.185	27.356	160.140
	05	526.240	281.890	27.255	32.008	185.087
	06	435.161	248.906	18.864	22.012	145.379
Total período 2022 - 2023		**5.804.018**	**3.162.853**	**298.393**	**337.612**	**2.005.160**
Total período 2021 - 2022		**4.315.991**	**2.484.687**	**207.161**	**255.558**	**1.368.585**
% Variación		**34,5%**	**27,3%**	**44,0%**	**32,1%**	**46,5%**

Visualizando os datos da táboa anterior, a demanda de persoas usuarias que abonaron a viaxe por medio da Tarxeta Xente Nova (TMGXN) incrementouse nun 34,5% con respecto ao período de estudo anterior. A provincia que maior variación experimentou foi Pontevedra, cun aumento do 46,5% do uso da TMGXN.

Con todo, as viaxes pagadas coa TMGXN durante o período comprendido na memoria de xullo do 2022 ata xuño de 2023 foron diferentes en función da provincia, debido principalmente ás diferentes situacións sociodemográficas de cada unha. As provincias da Coruña e Pontevedra, por exemplo, concentran en maior parte a súa demanda en zonas urbanas e núcleos máis poboados, o que xustifica a alta demanda de persoas usuarias neses territorios.



En xullo e agosto, ao non ser período lectivo, a demanda de persoas usuarias que realizan o pago con TMGXN baixa en comparación co resto do ano. Isto débese a que esta tarxeta é utilizada por menores de 21 anos, e realizan as súas viaxes maioritariamente na época lectiva para acudir ao ensino non obrigatorio. Esta demanda está relacionda co incremento no último ano dos desprazamentos de persoas usuarias sen reserva de praza no transporte integrado ou compartido.

Doutra banda, dos máis de 5,8 millóns de persoas usuarias que viaxaron neste período con este método de pago, o 54% corresponde á provincia da Coruña, o 35% á provincia de Pontevedra, o 6% a Ourense e o 5% restante a Lugo.

Ao longo das memorias anuais anteriores púidose apreciar unha melloría nas cifras de viaxes abonadas por medio deste método de pago nas 4 provincias. Nos datos traballados na memoria de xullo do 2020 a xuño de 2021 pódese apreciar como se consolida esta tipoloxía de pago a partir de marzo e abril de 2021. Coa análise dos datos obtidos verifícase que nos últimos anos as persoas usuarias están a apostar por este método de pago.

Valorando por parte das persoas usuarias, en termos xerais, as bonificacións, a fiabilidade, o funcionamento e o proceso de adquisición e carga, **pódese considerar a utilización das tarxetas, ben sexa TMG ou TMGXN, un medio de pago con moi boa aceptación entre as persoas usuarias de Galicia**, con valoracións positivas no 97-98% dos casos nos que se utiliza, segundo se mostra na memoria dos traballos de campo realizados no marco do PTPG.

Isto é un claro indicador de que cada vez son máis as persoas que utilizan a TMGXN para desprazarse por todo o territorio galego, consolidando esta aposta integradora pola gratuidade do transporte público da Xunta de Galicia para as persoas menores de 21 anos en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.




transporte público
de Galicia



4

O NOVO SISTEMA TARIFARIO, MÁIS ECONÓMICO, UNIFORME E VERSÁTIL

A implantación do PTPG leva a adopción dun novo sistema tarifario máis económico e uniforme para toda Galicia, apoiado por ferramentas e solucións tecnolóxicas que facilitan a súa xestión e impulsan o uso dun transporte público eficaz e adaptado á actual realidade socioeconómica.

Para facer máis atractivo o transporte público e conseguir captar a cada vez máis viaxeiros e viaxeiras, o novo transporte público de Galicia tivo en conta os retos económicos, sociais e ambientais que debe afrontar Galicia e os seus habitantes.

Un dos aspectos máis destacados do PTPG foi a creación dun **novo sistema tarifario homoxéneo e uniforme** para toda Galicia, apoiado por ferramentas e solucións tecnolóxicas que facilitan e promoven a xestión e o uso do transporte público.

4.1. Antecedentes

Para entender a evolución do sistema tarifario do transporte público de Galicia ata chegar ao vixente, hai que tomar en conta algúns antecedentes que explican como se calcularon as tarifas, antes e durante o proceso de implantación do PTPG.

É necesario coñecer os conceptos tarifarios que se foron adaptando aos diferentes modelos de servizos e estiveron convivindo durante o proceso de modernización do transporte público.

Sistema tarifario quilométrico.

Ata o ano 2020, momento de implantación do PTPG, o sistema tarifario quilométrico era o sistema vixente en Galicia, fóra das Áreas de Transporte Metropolitano, nas que xa se aplicaba desde 2011 (na Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela), 2012 en Lugo, e 2015, na ATM de Vigo, o sistema por saltos que se describe no punto seguinte.

O sistema tarifario quilométrico caracterízase por que a tarifa depende, de forma proporcional, da distancia percorrida pola persoas usuarias na súa viaxe, de forma que, canto maior sexa a distancia no traxecto entre as paradas de orixe e destino, maior será o prezo que deberá ser abonado.

Este sistema presentaba deficiencias, xa que era posible a existencia de tarifas diferentes entre os mesmos puntos de orixe e destino da viaxe se o autobús realizaba percorridos intermedios distintos ou, mesmo, pola simple utilización de diferentes infraestruturas.

Sistema tarifario zonal ou "por saltos".

Fixado a partir da implantación das Áreas de Transporte Metropolitano, ATM, e convivinte co sistema quilométrico vixente ata entón, este sistema baséase na definición dunha serie de zonas de transporte, formadas por un ou máis concellos dentro da ATM.

A viaxe queda definida polas zonas nas que empeza e remata a mesma, e a tarifa asociada dependerá do número de saltos definidos entre a zona de orixe e destino, así como o medio de pago utilizado (en efectivo ou TMG).

Adicionalmente, establecéronse novos descontos para as persoas usuarias recorrentes, aquelas que realicen máis de 40 viaxes ao mes, cun aforro do 15% do gasto mensual.

A modo de exemplo, a continuación, móstranse as zonas definidas na ATM da Coruña, así como o cadro cos saltos entre zonas que determinarán as tarifas.



Zonas	Concellos
C-Ber0	A Laracha
C-Ber1	Carballo
C-Ber0	Betanzos
C-Ber1	Oza-Cesures
C-Ber2	Miño
C-Ber3	Curtis
C-Cor0	A Coruña
C-Cor1	Arteixo
C-Cor2	Cambre - Culleredo - Oleiros
C-Cor3	Bergondo - Sada
C-Cor4	Abegondo - Carral
C-Ord2	Cerceda
C-Ord3	Ordes

Desta forma, por exemplo, unha viaxe entre os concellos de Arteixo e A Coruña levará asociado un só salto, e polo tanto un importe, mentres que unha viaxe entre Carral e A Coruña levará asociados 2 saltos, e, polo tanto, outro importe diferente.

Zonas	Concellos	C-Ber0	C-Ber1	C-Ber0	C-Ber1	C-Ber2	C-Ber3	C-Cor0	C-Cor1	C-Cor2	C-Cor3	C-Cor4	C-Ord2	C-Ord3	Concellos	Zonas
C-Ber0	A Laracha	0	2	5	6	7	8	3	2	4	5	5	1	7	A Laracha	C-Ber0
C-Ber1	Carballo	2	0	7	8	9	10	5	4	6	7	7	2	9	Carballo	C-Ber1
C-Ber0	Betanzos	5	7	0	1	2	2	2	3	1	1	1	5	3	Betanzos	C-Ber0
C-Ber1	Oza-Cesures	6	8	1	0	3	1	3	4	2	2	1	6	2	Oza-Cesures	C-Ber1
C-Ber2	Miño	7	9	2	3	0	9	4	5	3	2	3	7	8	Miño	C-Ber2
C-Ber3	Curtis	8	10	2	1	9	0	5	6	4	3	2	8	9	Curtis	C-Ber3
C-Cor0	A Coruña	3	5	2	3	4	5	0	1	1	2	2	3	4	A Coruña	C-Cor0
C-Cor1	Arteixo	2	4	3	4	5	6	1	0	1	3	3	4	5	Arteixo	C-Cor1
C-Cor2	Cambre - Culleredo - Oleiros	4	6	1	2	3	4	1	1	0	1	1	2	3	Cambre - Culleredo - Oleiros	C-Cor2
C-Cor3	Bergondo - Sada	5	7	1	2	2	3	2	3	1	0	1	5	6	Bergondo - Sada	C-Cor3
C-Cor4	Abegondo - Carral	5	7	1	1	3	2	2	3	1	1	0	1	2	Abegondo - Carral	C-Cor4
C-Ord2	Cerceda	1	2	5	6	7	8	3	4	2	5	1	0	2	Cerceda	C-Ord2
C-Ord3	Ordes	7	9	3	2	8	9	4	5	3	6	2	2	0	Ordes	C-Ord3
Zonas	Concellos	C-Ber0	C-Ber1	C-Ber0	C-Ber1	C-Ber2	C-Ber3	C-Cor0	C-Cor1	C-Cor2	C-Cor3	C-Cor4	C-Ord2	C-Ord3	Concellos	Zonas

Sistema tarifario zonal quilométrico.

É o modelo que introduce o PTPG vixente. É unha integración do sistema zonal por saltos, con prezos igualitarios para o mesmo concello, e o sistema quilométrico, xa que a tarifa non se vincula mediante saltos, senón cos quilómetros existentes entre o concello de orixe e o de destino da viaxe

.



OS OBXECTIVOS DO NOVO SISTEMA TARIFARIO

O sistema tarifario das anteriores concesións de transporte establecía unha tarifa quilométrica en función da distancia percorrida, o que xeraba unha gran heteroxeneidade de prezos xa que, ademais, a tarifa base variaba con cada concesión. O novo sistema tarifario permite **unha maior homoxeneidade** nos prezos do transporte público e cumpre os seguintes obxectivos:

1

Unha mellor comprensión do sistema tarifario, xa que se establece un único prezo para cada zona que coincide cos termos municipais, sen diferenzas por concesión e coa aplicación da bonificación nos transbordos, ou segundo define o PTPG, nos "saltos".

2

Homoxeneizar as tarifas en toda a comunidade autónoma. Agora os prezos dos billetes e as bonificacións xa non dependen da concesión ou do operador titular, senón que se fixan para todo o territorio.

3

Abaratar o prezo do billete. Con carácter xeral logrouse unha rebaixa significativa nos prezos dos billetes e introducíronse bonificacións que favorecen a recorrencia, así como una bonificación do 50% no prezo do billete, que se explica con maior detalle no capítulo 8. Polo tanto, aplícase un desconto do 50% naqueles desprazamentos nos que se utilice a **Tarxeta de Mobilidade de Galicia** e completouse a implantación da **Tarxeta Xente Nova** en toda Galicia, co cal, esténdense as vantaxes económicas que achega a tarifa Xente Nova para o conxunto de persoas usuarias menores de 21 anos en todo o territorio galego, sen diferenciación entre medio rural ou urbano.

Algúns exemplos destas melloras tarifarias:

- O billete sinxelo entre A Coruña e Ferrol baixou aproximadamente dos 7,50 € ata os 4,60€ vixentes en 2023. Un desconto de case o 40%.
- En Ribeira a nova concesión reduciu o prezo do billete dos 8,76 € que chegaba a custar o traxecto Ribeira – Santiago, ata 6,10 € en 2023, o que supón un 30% menos.
- Na conexión con Vigo, desde a zona do Rosal á cidade, o billete sinxelo baixou dos 6,75 € aos 4,60 € de 2023 (un 30% menos). Desde Tomiño, as persoas usuarias pagan en efectivo en 2023 3,55 €, fronte aos 5,00 € previos (un 30% menos).
- A viaxe entre Verín e Ourense pasou de custar 7,45 € aos 6,10 € que custa en 2023, supondo un aforro de case un 20% ás persoas usuarias do servizo.

4

Optimización da xestión do sistema tarifario, homoxeneización das bonificacións e tarifas. Para iso incorporáronse equipos monetarios e intelixentes que facilitan o pago mediante a utilización da tarxeta TMG e demais tarxetas intelixentes.

A MELLORA DAS TARIFAS INTRODUCIDA POLO PTPG TRADÚCESE EN AFORROS DE ATA UN 60% NO PREZO DOS BILLETES SINXELOS EN COMPARACIÓN COAS TARIFAS ANTIGAS.

4.2. Tarifas

Homoxeneización de tarifas base do transporte público.

Para poder calcular e aplicar as melloras no sistema tarifario que introduce o PTPG, foi necesario un estudo previo mediante o que se fixou unha relación de prezos entre as concesionarias e a Administración que se estableceu como **tarifa base**, o que permitiu homoxeneizar o cálculo de tarifas para calquera das relacións de tráfico en Galicia, dando lugar á definición do concepto de **tarifa empresa**.

A partir desta tarifa base, para estimar o que debe aboar a persoa usuaria polo servizo, súmase a esta un prezo asociado ao desprazamento segundo varios condicionantes (ámbito xeográfico da viaxe, métodos de pago empregados e aplicación de bonificacións dispoñibles no traxecto realizado), resultando a partir de aí a **tarifa usuario/a**.

El PTPG distingue, por tanto, as seguintes tarifas:

- **Tarifas empresa**: son os importes que ten dereito a percibir o operador por cada usuario/a e relación de tráficos que realice, independentemente de que os perciba da propia persoa usuaria, ou ben, total ou parcialmente, da Administración.
- **Tarifas usuario/a**: trátase dos importes que deben aboar as persoas usuarias, e que poden coincidir ou non coas tarifas empresa. Estes son fixados pola Administración segundo condicións particulares de cada concesión. Naqueles casos nos que o prezo a pagar pola persoa usuaria sexa inferior ás tarifas empresa, a Administración aboaralle á operadora o importe restante.

Estes conceptos permiten entender como se realizan os cálculos de prezos das tarifas de cada concesión, sobre os que posteriormente se aplicarán os descontos e as bonificacións que existen actualmente no PTPG, como poden ser as das ATM ou o desconto do 50%, certas bonificacións promovidas polos propios concellos e outros beneficios tarifarios que se incorporarán coa implantación da ATG, e que serán detallados máis adiante.

As **tarifas en efectivo vixentes no PTPG** establecéronse aplicando os seguintes criterios:

- Tarifa empresa mínima de 1,409 € (sen IVE) para calquera das concesións.
- En viaxes con orixe e destino no mesmo termo municipal, a tarifa en efectivo corresponderase coa tarifa empresa fixada na concesión.
- En viaxes con orixe e destino en termos municipais diferentes, a tarifa en efectivo corresponderase cunha tarifa empresa na que se terá en conta a distancia existente entre os núcleos de poboación máis habitados de ambos os termos municipais.

AS TARIFAS AQUÍ DESCRITAS FAN REFERENCIA AO PAGO EN EFECTIVO DOS BILLETES, PERO É NECESARIO INDICAR QUE ACTUALMENTE APLÍCASE UN 10% DE DESCONTO NOS MESMOS SE O PAGO SE FAI MEDIANTE A TARXETA DE MOBILIDADE DE GALICIA, TMG. POR OUTRO LADO, GRAZAS Á MEDIDA TEMPORAL DE BONIFICACIÓN DO 50% FINANCIADA POLO ESTADO E A XUNTA DE GALICIA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2023, APLÍCASE UN 50% DE DESCONTO A MAIORES NAS TARIFAS SE SE REALIZA O PAGO COA TARXETA TMG.

4.3. Bonificacións e vantaxes das novas tarxetas de transporte

Como mellora introducida no sistema de tarificación do PTPG, ademais de homoxeneizar a tarifa base para os servizos de transporte público, fóronse incorporando progresivamente novos sistemas de pago e bonificacións para obter **unha significativa redución no importe**, co fin de que as persoas usuarias poidan escoller a fórmula que mellor se adapte ás súas necesidades.

No referente ás **bonificacións**, o PTPG incorpora diferentes tipos de descontos para ofrecer cada vez máis alternativas de aforro nos desprazamentos.

Búscase así facer do transporte público por estrada **unha alternativa real, cómoda e eficaz de mobilidade para toda a cidadanía de Galicia.**

O PTPG recolle dous grupos de bonificacións que detallaremos neste capítulo. Por unha banda, atopamos unha serie de descontos que se aplican por parte da Administración con carácter xeral para todos os servizos e, de forma complementaria, existe outro grupo de descontos, que se aplican a determinados servizos e/ou colectivos, ofertados polos operadores para casos concretos.

Ademais, o 30 de agosto de 2022 publicase unha Orde que regula a implantación dunha redución adicional e temporal nas tarifas bonificadas do transporte público interurbano baixo a competencia da Xunta de Galicia.

Esta medida orixinase a raíz do Real Decreto Lei 11/2022, que establece a concesión de axuda directa ás comunidades autónomas que ofrezan un desconto do 30% nos abonos e títulos multiviaxe para o transporte terrestre entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de decembro de 2023.

Ademais, é importante destacar que este desconto aplícase tanto ás tarxetas moedeiro TMG como á TMGXN.

Non obstante, para manter a coherencia esencial no sistema de transporte, considerouse necesario estender este desconto a outros modos de transporte, como o marítimo ou ferroviario, que ofrecen servizos coincidentes.

Neste sentido, a Xunta de Galicia ampliou a aplicación desta bonificación temporal aos servizos de transporte marítimo que conectan Cangas e Moaña coa cidade de Vigo na ría de Vigo, así como aos servizos ferroviarios de Renfe que operan na área de transporte metropolitano (ATM) de Ferrol.

En resumo, a orde establece unha redución adicional e temporal das tarifas bonificadas no transporte público interurbano de Galicia, ampliando o desconto ao 50% e aplicándoo a varios modos de transporte, todo isto co fin de facilitar a mobilidade e abordar o incremento de prezos, en resposta a disposicións previas do Real Decreto Lei 11/2022.

As bonificacións establecidas pola Administración que están aplicadas a todos os servizos do PTPG de forma xeral son:

TMG

Efectuar o pago con esta tarxeta actualmente supón un 10% de desconto sobre a tarifa en efectivo, calculada segundo o indicado no apartado anterior. A maiores, mentres estea vixente a medida temporal da bonificación do 50%, efectuar o pago con esta tarxeta supón unha redución do 50% do prezo da viaxe. Ademais da propia tarxeta TMG, aplicarase o mesmo desconto no caso de que o pago se realice coa tarxeta TMGXN ou coas tarxetas do transporte urbano das cidades da Coruña e Lugo.
Estas ferramentas aplicáronse por primeira vez nas ATM, nas que as tarifas de servizos se caracterizan por que inclúen todas as relacións de orixe e destino que forman parte da concesión
A TMG é unha resposta para facilitar o cálculo de prezos e integrar as tarifas do transporte público interurbano co urbano.

BONIFICACIÓN POR RECURRENCIA

Aplicarase un desconto do 25% para o volume de viaxes comprendido entre 21 e 40 que sexan realizadas no mesmo mes natural, e dun 50% de desconto para as viaxes producidas, baixo estas condicións, a partir das 40 viaxes. Esta bonificación é aplicable a viaxes entre os mesmos concellos de orixe e/ou destino, dentro da mesma concesión, a condición de que o pago se aboe con tarxeta TMG.

TARIFICACIÓN E PAGO DE RESERVA DE PRAZA

Nos servizos integrados ou comaprtidos.

Da mesma forma que o PTPG fixou un sistema tarifario máis homoxéneo, tamén introduciu **un sistema de bonos con criterios comúns** segundo as circunstancias de demanda e recorrencia previstas en cada proxecto de explotación, outorgando así **un carácter universal aos bonos, obrigatorios para o contratista.**

Neste caso, nos bonos tamén se aplicou dende setembro de 2022 a bonificación do 50% no prezo das viaxes, medida temporal ata o 31 de decembro de 2023.

DESTA FORMA, TODAS AS CONCESIÓNS CONTAN CUNHAS TARIFAS BONIFICADAS ESTABLECIDAS CON CARÁCTER DE MÍNIMOS NOS SEUS RESPECTIVOS PROXECTOS DE EXPLOTACIÓN, QUE SE COMERCIALIZAN E SE APLICAN NOS SERVIZOS DE CADA UNHA DELAS.

As bonificacións están indicadas nos proxectos de explotación de cada concesión, segundo as súas características particulares:

- **BONO mensual, con orixe e destino en calquera concello dentro da mesma concesión.** Este bono está incluído nos proxectos de explotación de todas as concesións do PTPG, aínda que se aplica por separado para cada unha delas. Permite realizar ata 50 viaxes ao mes cun 50% de desconto e un prezo mínimo de 50 € en traxectos de ida e/ou volta entre paradas de orixe e destino dos mesmos concellos. Ao adquirir este bono, as persoas usuarias poden elixir un só concello ou calquera par de concellos dentro da mesma concesión.
- **BONO mensual de uso ilimitado para algunhas** concesións con tráficos cara a ou desde algunha das localidades con hospitais **cabeceira dos distritos sanitarios**, cun desconto do 75% sobre o importe do billete en efectivo correspondente a 44 viaxes e un prezo mínimo de 50 €. É un bono moi importante que facilita unha tarifa moi reducida entre as principais capitais da comunidade autónoma e as localidades intermedias.

- **BONOS para relacións de tráfico determinadas.** Os proxectos de explotación dalgunhas concesións establecen bonos específicos para relacións de tráfico concretas nas que existe unha demanda elevada e unha utilización recorrente por parte das persoas usuarias, xeralmente, por motivos laborais ou de estudos.

ADEMAIS DE ESTAR DISPOÑIBLES PARA AS RELACIÓNS DE TRÁFICO EXPRESAMENTE PREVISTAS NOS PROXECTOS DE EXPLOTACIÓN**, ESTES BONOS PODEN ADQUIRIRSE TAMÉN PARA CALQUERA TRAXECTO INTERMEDIO** ENTRE AMBOS OS MUNICIPIOS DE ORIXE E DESTINO. NESTE CASO, O CUSTO DO BONO CORRESPONDE AO DA RELACIÓN DE TRÁFICO INCLUÍDA NO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN.

Os bonos mensuais para relacións de tráfico determinadas poden ser:

- **Bonos de 100 viaxes** cun prezo fixo de 75 €, que están activos, por exemplo, entre Marín e Pontevedra, entre Barbadás e Ourense ou entre A Coruña e Cambre.
- **Bonos de 26 e 46 viaxes**. Algunhas concesións contan con bonos de 26 e/ou de 46 viaxes, con desconto do 75% sobre o importe de 24 ou 44 viaxes pagadas en efectivo, respectivamente. Son, xunto co bono mensual ilimitado, os bonos que ofrecen un maior desconto por viaxe. O título de transporte de 26 viaxes foi o máis adquirido polas persoas usuarias durante o período que abarca a memoria, porque se adecúa a distintas necesidades de recorrencia das persoas usuarias.

Con estes descontos, a unha persoa que realice 46 viaxes ao mes entre Santiago e Lugo, cada viaxe cústalle a menos de 2,18 €; mentres entre A Coruña e Ferrol, o mesmo número de desprazamentos resulta en menos de 1,09 € por traxecto.

Débese ter en conta, que mentres que estea vixente a medida temporal de redución adicional das tarifas bonificadas no transporte público interurbano de Galicia, aos prezos indicado débeselle establecer a bonificación do 50% nas tarifas en cada caso.

Desta forma, dende setembro de 2022 e ata decembro de 2023, a unha persoa que adquira o bono mensual de 46 viaxes, e realice o traxecto entre Santiago e Lugo, o prezo da viaxe é de 1,09 €; mentres que entre Coruña e Ferrol o prezo por traxecto sería de 0,55€.

Ademais destas bonificacións, tal e como se mencionaba anteriormente, o PTPG incorpora a posibilidade de que as empresas operadoras poidan ofertar outros descontos e bonos para as persoas usuarias, unha mellora que se introduciu como motivación para fomentar a política comercial das empresas concesionarias, un aspecto que se tomou en conta como condición favorable nas ofertas presentadas durante a licitación de servizos.

A información sobre a oferta de bonos vixente en cada concesión pode consultarse desde o buscador da páxina web www.bus.gal. Ao realizar unha procura dos servizos existentes entre unha orixe e un destino nunha data determinada e seleccionar unha expedición, ábrese unha xanela informativa onde as persoas usuarias poden descargar un ficheiro cos bonos desa concesión picando no enlace que se atopa na parte superior dereita da dita xanela.



Para poder aplicar todas as bonificacións e descontos que ofrece o PTPG e que se comentaron anteriormente, foi necesario o desenvolvemento dun **soporte tecnolóxico compatible con todos os modos e operadores con tráfico en Galicia**, que facilite a integración dos sistemas de pago para todos os servizos de transporte público e optimice a xestión destes.

Este sistema de pagos permite acceder directamente ao conxunto de bonificacións establecidas nos proxectos de explotación, salvo aos bonos mensuais, que, con carácter xeral, administran directamente as empresas concesionarias cos seus propios sistemas tecnolóxicos.

4.3.1. TIPOS DE TÍTULOS DE TRANSPORTE: BONOS

A continuación, recóllense os datos das bonificacións que foron comercializadas no período de análise desta memoria, segundo a información remitida polos concesionarios.

É relevante sinalar que os datos corresponden ás 20 concesións nas que se venderon os bonos (100, 50, 46 ou 26 viaxes, bonos ilimitados ou mensuais) no período analizado: 7 na provincia de Ourense, 4 na Coruña, 7 en Pontevedra e 2 en Lugo. Asemade, existen outras 82 concesións que venderon bonos de outra tipoloxía (bono 40, 30, 20 ou 10 viaxes, bonos de traballadores, etc.). Neste sentido, cabe explicar que, pola propia natureza dos bonos, títulos de transporte que se adquiren por adiantado para realizar un número de viaxes previstas nun mes natural, estes ofrecen as maiores vantaxes ás persoas usuarias con maior mobilidade recorrente. Desta forma, a comercialización de bonos ten máis incidencia nas concesións que atenden tráficos nos que se dá servizo a desprazamentos vinculados ao ámbito laboral e educativo, mentres que nas concesións que atenden zonas con menor mobilidade recorrente, os bonos teñen un menor atractivo fronte a outras bonificacións e/ou descontos.



Na gráfica obsérvase unha tendencia clara a partir de decembro na venda de bonos de 26 viaxes, 46 viaxes e bonos ilimitados, cuxa venda é máis baixa que no semestre anterior. Estes tres bonos no mes de decembro sofren unha baixada na súa venta que se volve a recuperar no mes de xaneiro e febreiro. Este feito está intimamente relacionado co comportamento da demanda observado no capítulo anterior, onde se concluíu que unha gran parte dos desprazamentos no transporte público de Galicia son viaxes de mobilidade obrigada, a centros de estudo e a centros de traballo, polo que estes bonos, nas concesións nas que están dispoñibles, adáptanse ás distintas circunstancias de recorrencia das persoas usuarias.

Asemade, a partir de setembro coa entrada da bonificación do 50% no prezo das viaxes no transporte público co uso da tarxeta e o incremento da demanda, a venta de bonos sufriu unha pequena baixada, incrementándose a venta dos bonos de 50 viaxes.

Ao fío do anterior, compróbase que a tipoloxía de bonos que presenta unha maior venda é a de 26 viaxes, que alcanzou o seu valor máximo no mes de xullo de 2022, cun total de 1.137 bonos vendidos deste tipo. Con todo, nos meses nos que non houbo períodos festivos neste período analizado, tamén se superaron os 1.000 bonos vendidos. Pola súa banda, os bonos de 46 viaxes, presentes para as mesmas relacións de tráfico que os de 26 viaxes, reflicten un comportamento similar ao longo do tempo. Aínda que as súas cifras de vendas son menores, porque implican un uso máis intensivo do transporte público, nos meses de maior demanda beneficiáronse deste bono unhas 400 persoas usuarias.

No relativo aos bonos ilimitados, son os segundos máis adquiridos polas persoas usuarias, xa que ofrecen un desconto de ata o 75%, como os de 26 e 46 viaxes. Aínda que o seu prezo pode ser maior que o dun bono de 46 viaxes, ao ter un importe mínimo de 50 euros, superan en vendas a estes ao estar dispoñibles para un maior número de relacións de tráfico. Non obstante, a partir de febreiro, esta tendencia cambia, sendo os bonos de 50 viaxes máis vendidos que os de 46 viaxes ou os ilimitados. A media de vendas nos meses analizados supera os 450 bonos por mes, acadando un máximo de 923 bonos vendidos, co dobre do valor medio, no mes de novembro de 2022.

Como se pode observar na gráfica anterior, a venda de bonos de 100 viaxes mantívose practicamente constante nos meses analizados, de xullo de 2022 a xuño de 2023. Os seus valores non son elevados debido a que, aínda que se atopan dispoñibles para conexións con alta demanda, son adecuados para as persoas usuarias que realizan un gran número de viaxes ao mes.

Cabe resaltar tamén a relevancia da venda de bonos identificados no gráfico como "Outros", que ao final do período achegáronse ás cifras dos bonos ilimitados, aínda que a partir de febreiro baixaron notablemente a súa venda. Nesta categoría atópanse as distintas tipoloxías de bonos que establecen os proxectos de explotación das concesións e aqueles ofertados polas empresas concesionarias, específicos para as distintas concesións.

A continuación, represéntanse os datos de evolución de venda de bonos desde xaneiro de 2022 ata a data final del período analizado nesta memoria, xuño de 2023, polo que podemos concluír que os meses nos que se realiza un máximo de venda nos bonos son os meses de marzo e maio de 2022. Con respecto a 2023, neste primeiro semestre, o mes de xaneiro é onde máis bonos se venderon.

Así mesmo, e tal e como xa se mencionou anteriormente, o mes no que se produce a menor venda de bonos é o mes de decembro de 2022, o que se xustifica pola menor necesidade de desprazamentos por mobilidade obrigada dos usuarios, ao ser un mes con menos días laborais.

EVOLUCIÓN DA VENDA DE BONOS



No seguinte gráfico pódese visualizar a recadación xeral por venda de bonos naquelas concesións que reportaron a súa comercialización dende xullo de 2022 ata xuño de 2023.



Na provincia de A Coruña rexistrouse unha recadación notablemente maior que no resto das provincias, seguida de Pontevedra, Lugo e Ourense, nesa orde.

Existen varios factores que determinan a venda de cada un dos tipos de bonos, pero un dos máis significativos é o cambio na mobilidade cidadá derivado das tempadas lectivas e de vacacións, xa que os desprazamentos de estudantes e persoas traballadoras vese afectado durante estes períodos. Ao incrementarse a demanda nos últimos meses, unha gran porcentaxe de usuarios cambiaron o bono de 26 viaxes polo de 50 viaxes, o cal se incrementou a súa venda.

4.3.2. TIPOS DE TÍTULOS DE TRANSPORTE: TARXETAS TMG e TMGXN

O PTPG estableceu como medio de pago xeral dúas ferramentas ou títulos de transporte que facilitan o transporte público: a **Tarxeta de Mobilidade de Galicia, TMG**, e a tarxeta **de Mobilidade de Galicia Xente Nova, TMGXN**. Todas achegan numerosas vantaxes para as persoas usuarias e fan máis dinámica a xestión do transporte público galego.

Estas formas de pago baséanse nunha tecnoloxía sen contacto que mellora a cantidade e calidade de información existente sobre as persoas usuarias da rede de transporte de Galicia. Estas actualizacións tecnolóxicas planificáronse como unha das medidas que permiten non só aplicar as melloras tarifarias impulsadas polo PTPG, senón que serán pezas clave para xestionar a posta en marcha da nova Área de Transporte de Galicia.

Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG):

Permite obter **descontos no prezo dos** servizos de transporte público. A TMG permite que todas as persoas usuarias en Galicia poidan acceder a un **desconto do 10% sobre a tarifa correspondente en efectivo**. Adicionalmente, nas ATM incorporase o sistema tarifario por saltos, nos que se estableceron outros descontos, coas bonificacións asociadas ás concesións que prestan servicios nestas.

A maiores, dende setembro de 2022 estableceuse unha redución adicional e temporal das tarifas bonificadas no transporte público interurbano de Galicia, ampliando o desconto ao 50% e aplicándoo a varios modos de transporte, todo elo co fin de facilitar a mobilidade e abordar o incremento dos prezos. Estímase que estea vixente ata o 31 de decembro de 2023.

Por outro lado, achega tamén o **bono de recorrencia**, que consiste na devolución do 25% do custo da viaxe a partir do desprazamento número 21 no mes, dentro da mesma concesión e para o mesmo municipio de orixe e destino, e do 50% a partir da viaxe número 41 para as viaxes con estas características. Este desconto opera de forma diferente nas ATM.

Tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova (TMGXN):

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, un dos eixos de actuación prioritarios do PTPG é o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias, polo que a Xunta de Galicia procedeu á implantación da tarifa Xente Nova.

Esta tarifa ten como reto inmediato aliviar a economía das familias facilitando o acceso aos centros de formación, e un obxectivo latente que consiste no fomento do transporte público e da mobilidade limpa e sustentable entre a poboación máis nova.

Así, a TMGXN é o mecanismo establecido pola Xunta de Galicia para aplicar os descontos da Tarifa "Xente Nova" nos servizos de transporte. Esta tarifa **permite aos menores de 21 anos viaxar de forma gratuíta no transporte público interurbano competencia da Xunta de Galicia**, incluíndo de forma adicional o transporte de ría en Vigo e o tren de ancho métrico en Ferrol.

Esta ferramenta permite acceder a 60 viaxes gratuítas ao mes, incluíndo desprazamentos interurbanos e tamén os urbanos, cando formen parte dunha viaxe metropolitana.

O acceso gratuíto da mocidade ao autobús coa extensión das vantaxes da TMGXN a toda Galicia supón unha conquista social que reflicte a aposta de futuro decidida do Goberno galego pola poboación máis nova, as familias e por unha mobilidade máis verde. Nesta liña, Galicia sitúase decididamente na transición cara á mobilidade sustentable que propugna a Unión Europea.

No seguinte gráfico podemos observar o número de desprazamentos que foron aboados coa tarxeta TMGXN nos últimos anos, detallando a cifra de viaxes da primeira metade do ano 2023:



* Corresponde coa demanda a 30 de xuño de 2023, non coa demanda anual que se inclúe no resto dos anos.

No que respecta aos meses de estudo de 2023, equivalentes ao primeiro semestre do ano, rexistráronse case 1,6 millóns de desprazamentos na provincia da Coruña e máis da metade, preto de 1,1 millóns de desprazamentos, na provincia de Pontevedra.

Resulta destacable a cifra de case 2,9 millóns de viaxes aboadas mediante a tarxeta TMGXN na provincia da Coruña no ano 2022, seguida con máis da metade, aproximadamente 1,7 millóns, na provincia de Pontevedra. Tendo en conta que na gráfica se mostran cifras correspondentes co primeiro semestre para 2023, agárdase que, en cómputo total para este ano, se supere a cifra de desprazamentos do ano anterior.

Para contextualizar o gráfico anterior, hai que destacar como factor condicionante nos datos de evolución de uso da tarxeta TMGXN nos últimos anos, a redución dos servizos de transporte público e as limitacións existentes durante a pandemia do COVID 19, que comezou en marzo de 2020.



* Corresponde coas bonificacións a 30 de xuño de 2023, non coa bonificación anual que se inclúe no resto dos anos.

Neste gráfico pódese apreciar o valioso investimento que realizou a Xunta de Galicia na aposta pola mobilidade das persoas menores de 21 nas 4 provincias galegas nestes últimos 7 anos, desde 2016 ata xuño de 2023. Concretamente, no ano 2021, a bonificación total por concepto de TMGXN realizada pola Administración foi de 4.300.972,94 €. Na primeira metade do ano 2023, este investimento alcanzou un total de 2.299.605,78 €.

NOS 7 ANOS QUE LEVA FUNCIONANDO A TMGXN, OS TITULARES DESTE DISPOSITIVO REALIZARON CASE 19 MILLÓNS DE VIAXES GRATUÍTAS NO TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA A CARGO DA XUNTA DE GALICIA, AS CALES SE TRADUCEN EN MÁIS DE 20,1 M € QUE AFORRARON AS FAMILIAS DOS BENEFICIARIOS.

O éxito da tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova

O éxito deste tarxeta compróbase cos resultados obtidos nas sondaxes de satisfacción do PTPG realizadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que serán detalladas nun capítulo específico desta memoria.

O uso da tarxeta de Mobilidade de Galicia Xente Nova é un dos principais motivos de satisfacción co transporte público entre menores de 21 anos e afianza a aposta da Xunta de Galicia por establecer condicións económicas máis vantaxosas no transporte público.

O Goberno galego puxo en marcha esa iniciativa no ano 2016 nas ATM, e a comezos do ano 2020 ampliouse a cobertura da tarxeta Xente Nova desde os 19 aos 21 anos.

O ano da súa posta en funcionamento entregáronse case 30.000 TMGXN e, xunto co ano 2021, resultaron ser os momentos nos que máis tarxetas se distribuíron. Este fenómeno observouse tamén cando os servizos se ampliaron a Ourense e Pontevedra, conseguindo 21.002 beneficiarios máis.

En total, desde a súa posta en marcha en agosto do 2016, ata xuño do 2023, o investimento total achegado pola Administración para aboar as viaxes pagadas coa TMGXN supera os 20,1 millóns de euro

ETAPAS NA IMPLANTACIÓN DA TMGXN

A tarifa "Xente Nova" regulouse en agosto de 2016 para menores de 19 anos. Na súa primeira implantación no ámbito das ATM, conforme co indicado na Orde do 8 de agosto de 2016, a tarifa "Xente Nova" aplicouse naquelas áreas constituídas polo conxunto de concellos situados nas contornas das cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo, que entón decidiron incorporarse ao Plan de Transporte Metropolitano impulsado pola Xunta de Galicia.

En 2019, unha vez que grazas á licitación das novas concesións se garantiu a dotación de sistemas tecnolóxicos precisos, acórdase que no 2020 se producirá a ampliación do marco de aplicación da tarifa Xente Nova para estender o abano de idade (ata os menores de 21 anos).

Posteriormente, o 4 de xuño de 2020, como parte da expansión progresiva que estaba prevista, publicouse no Diario Oficial de Galicia a primeira expansión territorial do ámbito de aplicación da tarifa "Xente Nova" en dúas fases: incluíndo a provincia de Ourense e a zona de Pontevedra en 2020, e a expansión plena a toda Galicia en 2021. O prazo establecido para completar a expansión territorial a toda a Comunidade Autónoma de Galicia tivo que ser atrasado polas restricións derivadas por mor da pandemia en 2020.

A partir do 21 de maio de 2021, como se indica no apartado inicial desta memoria, a Xunta de Galicia estendeu a gratuidade do transporte público aos menores de 21 anos de todas as provincias galegas, incluíndo as viaxes en barco na ría de Vigo e no ferrocarril de vía estreita na área ferrolá, cun máximo de 60 viaxes interurbanas gratuítas ao mes.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a traballar nestes momentos para que as persoas usuarias poidan levar esta tarxeta directamente no teléfono móbil. A través dunha nova aplicación que se atopa en desenvolvemento, entre outras funcionalidades, introducirase un novo sistema de pagos que permitirá a posibilidade de viaxar sen anticipar ningún importe nin cargalo na tarxeta.

Proximamente realizarase unha proba piloto para comprobar a súa efectividade e acollida

Outros títulos:

Doutra banda, tamén se acordou a ordenación e simplificación doutros títulos comercializados polos diferentes modos de transporte dos que é titular a Xunta de Galicia, como son, o billete único (pago en efectivo) válido só para unha etapa e non permite o transbordo e as tarxetas de pago integradas que permiten desprazarse por diversos medios ou modos de transporte. Neste caso establécese un sistema de compensación entre as distintas administracións públicas en virtude dos diferentes convenios.

O RESULTADO DA POLÍTICA TARIFARIA IMPLANTADA POLO PTPG É UNHA MELLORA DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS NAS QUE VIAXA A CIDADANÍA, FACENDO O TRANSPORTE PÚBLICO MÁIS ATRACTIVO E ACCESIBLE PARA TODA A POBOACIÓN GALEGA.

4.4. Tarifas sociais e axudas

Dentro do conxunto de obxectivos do PTPG existe un claro interese en aplicar as políticas sociais da Xunta de Galicia. De feito, a tarxeta TMG permite a entes públicos e privados xestionar bonificacións sociais, entre as que se atopan:

Descontos a familias numerosas entre o 20 e o 50%

Os descontos por familia numerosa aplicáronse ininterrompidamente no transporte interurbano de toda Galicia. A bonificación por familia numerosa é aplicable hoxe en día en todos os servizos de transporte independentemente que sexan pagados coa TMG, indispensable só cando se trate do pago dentro do ámbito das ATM.

Calquera persoa que sexa parte dunha familia numerosa de Galicia, maior de 5 anos, pode ser beneficiaria desta axuda. Só necesita cumprir os requisitos necesarios para estar incluída dentro do título oficial de familia numerosa e solicitar a súa alta na aplicación social na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, responsable destas xestións.

Actualmente, os niveis de desconto son: un 20% para as familias numerosas de categoría xeral e un 50% para as de categoría especial.

Con carácter xeral, son as concesionarias as que deben asumir o custo deste desconto, que é aplicable a calquera relación de tráfico con importe superior ao mínimo de percepción, importe que se equipara co prezo mínimo de 1,50 € en efectivo ou 1,35 € con TMG. A partir dese importe, o desconto aplícase coa exhibición do libro de familia e, no seu caso, a xustificación da identidade da persoa usuaria como unha das incluídas no dito libro de familia.

Así pois, o PTPG inclúe tamén a obrigación por parte das empresas concesionarias á aplicación das bonificacións aos membros de familias numerosas aos que fai referencia o artigo 10 do Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 40/2003, de 18 de protección ás familias numerosas.

No ámbito das ATM, as tarifas bonificadas constitúen o importe mínimo de percepción aplicable pola empresa, polo que o desconto por familia numerosa é asumido pola Administración. Para a súa xestión requírese a utilización da TMG que, previamente, debe ser activada con este perfil social por parte da Consellería de Política Social.

Neste sentido, o día 7/11/2014 estableceuse un acordo entre a entón Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Consellería de Política Social coa firma do convenio de colaboración para estender os descontos establecidos na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, para o transporte interurbano de persoas viaxeiras no campo do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia nas ATM de: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo.

Descontos promovidos polos concellos

No ámbito das ATM, varios municipios estableceron bonificacións adicionais que son aplicables a grupos con condicións específicas. Aínda que cada concello establece cales son os colectivos beneficiarios, en xeral están dirixidos a maiores de 65 anos sen actividade laboral, a persoas desempregadas, persoas con discapacidade e a persoas en situación de emerxencia social ou precariedade persoal.

Para solicitar e tramitar estes descontos específicos a persoa usuaria debe dirixirse aos Servizos Sociais do Concello no que resida para asesorarse e tramitar estas axudas. Son os Servizos Sociais os que determinan quen son aquelas persoas beneficiarias destas axudas, atendendo a razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal.

Os concellos que ofrecen este tipo de descontos adicionais nas diferentes ATM consolidadas en Galicia son os seguintes:

- Na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, o concello de Mugardos ofrece bonificacións do 100% do importe da viaxe, nun máximo de 10 viaxes mensuais, para persoas en situación de risco social e/ou dificultade socioeconómica, e do 25% importe da viaxe, nun máximo de 41 viaxes mensuais, para estudantes.
- Na Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela, os concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Oroso, O Pino, Teo, Touro, Val do Dubra e Vedra presentan bonificacións do 50% do importe da viaxe, nun máximo de 20 viaxes mensuais, para persoas maiores de 65 anos, en situación de desemprego e con discapacidade, e dun 100% do importe da viaxe, nun máximo de 30 viaxes mensuais, para persoas en situación de risco social.

Descontos promovidos pola Universidade da Coruña

O PTPG tamén contempla convenios de colaboración con organismos e institucións como a Universidade da Coruña, coa que a Xunta de Galicia asinou un convenio o 23 de novembro de 2020, con vixencia durante catro anos, para facilitar o desprazamento dos estudantes dos campus da Coruña e Ferrol aos centros de estudos que esta institución xestiona en diferentes zonas da provincia da Coruña.

A Universidade da Coruña contempla distintas modalidades de axudas ao transporte, para estudantes que empreguen o autobús urbano da Coruña ou para o alumnado maior de 21 anos que se desprace no autobús interurbano, onde os menores de 21 anos viaxan gratis.

O alumnado debe solicitar a tarxeta correspondente segundo a súa residencia durante o curso académico, nos lugares que se establecidos segundo a modalidade.

Para solicitar estas axudas, débese xustificar a súa residencia co empadroamento ou co contrato de aluguer da vivenda durante o curso.

Estas son as categorías de axudas para o transporte contempladas pola UDC para o curso 2022/2023:



Respecto das bonificacións concretas asumidas pola UDC nesta última categoría, establecéronse os valores de desconto segundo o número de saltos que se realicen na viaxe:

- Viaxes con 0 e 1 saltos, terán unha bonificación do 50% do prezo do billete.
- Viaxes con 2 saltos, terán unha bonificación do 40% do prezo do billete.
- Viaxes con 3 ou máis saltos, terán unha bonificación do 35% do prezo do billete.

Outros descontos sociais

O PTPG establece un sistema homoxéneo de descontos e bonificacións, como se explica ao longo deste capítulo. Ademais, para favorecer o acceso ao transporte público de toda a cidadanía, de forma xeral para todo o sistema, o PTPG incorpora unha medida específica destinada a persoas con discapacidade.

DESTA FORMA, INCORPOROUSE A OBRIGACIÓN PARA TODOS OS CONTRATISTAS DE PERMITIR QUE CADA PERSOA USUARIA DO SERVIZO QUE PRESENTE UN GRAO DE **DISCAPACIDADE SUPERIOR AO 33% VIAXE GRATUITAMENTE UNHA PERSOA EN CONDICIÓN DE ACOMPAÑANTE.**

Ademais, existen outras rebaixas tarifarias de carácter social dispoñibles para as persoas usuarias que se inclúen na lista de **beneficios ofertados polas empresas no proceso de licitación**.

Cada concesión ofrece un tipo de desconto adaptado ás características dos servizos ofertados con condicións específicas para a súa aplicación.

De forma xeral, os descontos de carácter social ofertados polos operadores clasifícanse nos seguintes grupos:

Descontos a persoas con mobilidade reducida (PMR) e discapacidade.

Son varias as opcións de bonificacións á disposición das persoas con mobilidade reducida, en adiante PMR, e aquelas que presenten algún tipo de discapacidade, que dependen da concesión, por ser estas ofertadas polos operadores que prestan o servizo.

Atópanse a disposición das persoas usuarias en función da concesión, e entre elas atopamos algunhas de ata un 80% de bonificación para persoas cun grao de discapacidade maior ao 75%, un 65% de bonificación para persoas con discapacidade maior a un 65%, e bonificacións de ata un 50% para persoas cun grao de discapacidade maior ao 33%.

Descontos a persoas maiores de 65 anos e xubilados/as.

As rebaixas ofertadas para este grupo de persoas ofrecen descontos de 5%, 10%, 15%, 35% ata un 40% do total do prezo do billete, dependendo da concesión que as comercialice. Estas bonificacións aplícanse para todas as expedicións e sen límites de viaxes ou validez para estes. Igual que no caso anterior, persoas vítimas de violencia de xénero e persoas desempregadas, con bonificacións entre un 10% e un 50%, a disposición das persoas usuarias en función da concesión, en case un 20% das que prestan os servizos.

- Ofertas de verán para estudantes, con descontos do 50% nalgunha concesión para os meses de xullo e agosto.
- Servizos especiais nocturnos, cunha bonificación do 25% do prezo do billete dispoñible en 45 concesións.
- Descontos para turistas e peregrinos, con bonificacións entre un 10% e un 50%, dispoñibles en máis dun 20% das concesións.

Todos os detalles destas poden ser consultados nas canles de información que as concesionarias pon a disposición das persoas usuarias.

4.5. Emisión e distribución dos sistemas de pago

As Tarxetas de Mobilidade de Galicia, TMG e TMGXN, poden adquirirse en ata 213 oficinas de Abanca habilitadas nas catro provincias. O sistema de emisión e distribución das ferramentas de pago previstas no PTPG está xestionado por Abanca, a entidade bancaria colaboradora da Xunta de Galicia.

Na páxina web www.bus.gal ofrécese toda a información relativa para a tramitación destes dispositivos e as vantaxes que levan consigo, así como a listaxe de todas as sucursais habilitadas para a súa expedición.

Ambas as dúas tarxetas emítense e distribúense a todas aquelas persoas que a soliciten nas oficinas da entidade bancaria colaboradora. A TMG ten un custo bonificado de emisión de 2,00€; pola súa banda, a bonificación da TMGXN facilita que se expida gratuitamente.

É importante destacar que para o caso da tarxeta TMG Xente Nova, esta pode ser solicitada por calquera persoa menor de 21 anos, independentemente do municipio no que estea empadroada. Polo tanto, mesmo aquelas persoas usuarias que só a van utilizar por unha tempada curta, como vacacións, poderán acceder ás vantaxes que ofrece.

Os tarxetas poden obterse ata en 213 oficinas comercializadoras de Abanca.

Para facilitar a propia obtención da tarxeta, poderase pedir cita previa en calquera das oficinas de Abanca en Galicia habilitadas para este trámite e na web da entidade: https://solicitudonline.abanca.com/Tarjetas/es/txn

Evolución da expedición dos dispositivos TMG e TMGXN

As cifras de emisión das TMGXN por ATM denotan a crecente aceptación do dispositivo até maio de 2021 cando se estendeu o seu uso a toda Galicia.

Nos seguintes gráficos pódese apreciar a evolución da TMGXN desde a súa posta en marcha en 2016, primeiro nas ATM, onde a súa aceptación tradúcese no volume de tarxetas emitidas.

Durante o primeiro ano da súa aplicación, destaca a emisión de até 20.000 tarxetas Xente Nova na Coruña.

Aínda que o crecemento deste tarxeta foi progresivo, o factor demográfico é un condicionante da emisión de novas tarxetas, xa que debe considerarse a taxa de natalidade como determinante da poboación menor de 21 anos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ata xuño de 2023, máis de 144 mil novos menores de 21 anos gozaron dos beneficios de viaxar coas bonificacións da TMGXN nos autobuses interurbanos da Xunta de Galicia a través do emprego desta tarxeta.

Por provincias, A Coruña é a que máis tarxetas emitiu, con 75.823 ata finais de xuño de 2023, seguida de Pontevedra (50.008), Lugo (9.538) e Ourense (8.396). Ademais, expedíronse 444 documentos para persoas non asociadas a ningunha das provincias, xa que calquera menor de 21 anos, por exemplo, xente doutros territorios que veñen cursar os seus estudos universitarios a Galicia ou mesmo persoas portadoras do NIE, poden adquirila.

EVOLUCIÓN DA EMISIÓN DE TMGXN POR PROVINCIA



* Corresponde coas emisións de tarxetas a 30 de xuño de 2023, non coas emisións anuais que se inclúe no resto dos anos.

4.6. Actuacións previstas coa Área de Transporte de Galicia (ATG): sistema zonal, pago multimodal e integración tarifaria

Tal e como se explicaba ao comezo deste apartado, o PTPG preocupouse de regular as tarifas a aboar polas viaxes, tanto desde o punto de vista dos importes efectivamente aboados polas persoas usuarias (tarifas usuario/a), como desde o punto de vista dos importes a recibir pola concesionaria, ben directamente das persoas usuarias do servizo, total ou parcialmente, ben pola Xunta de Galicia (tarifas-empresa).

De igual modo, o Plan de Transporte Público de Galicia prevé unha atención prioritaria ao ámbito rural, garantindo a atención das zonas de poboación máis dispersa, coa necesidade da colaboración de entidades locais, e executando unha serie de medidas, como a implantación dunha área de transporte única que permita estender a toda Galicia os descontos da tarxeta TMG, ao mesmo tempo que se garante a prestación duns servizos adecuados a cada zona.

Neste sentido, a Administración Autonómica de Galicia impulsa o establecemento dunha Área de Transporte de Galicia que abarque todo o territorio da comunidade autónoma, estendendo a todo el as vantaxes das ATM, e mantendo a vontade de colaboración con todas as Administracións locais, ás que se lles outorgará a posibilidade de adherirse á Área de Transporte de Galicia, para mellorar as vantaxes e políticas tarifarias que se lles aplican ás persoas usuarias que realicen viaxes con orixe ou destino nos seus respectivos termos municipais.

En esencia, a ATG supón a adopción das tarifas que introducen **bonificacións**, a implantación dun **sistema tarifario zonal quilométrico** e un soporte tecnolóxico compatible con todas as modalidades e **medios de pago multimodais** aceptados por todos os concesionarios.

Neste sentido, a **integración tarifaria**, ademais de ser un mecanismo eficaz de fomento do transporte público, é unha medida clave para conseguir a súa modernización. Actuará sobre os prezos, a coordinación e a información do sistema e, en definitiva, conseguirá o funcionamento óptimo da ATG.

A INTEGRACIÓN TARIFARIA, REPRESENTADA NA ATG, É UN DOS MECANISMOS DO PTPG PARA FOMENTAR O USO DO TRANSPORTE PÚBLICO, CONSEGUIR A SÚA MODERNIZACIÓN E REDUCIR OS PREZOS.

Tramitación e actualización en 2022.

A **tramitación da Área de Transporte de Galicia desenvolveuse como un anexo ao PTPG**, co obxectivo de complementar as previsións do propio PTPG de ofrecer unha atención prioritaria ao ámbito rural. En outubro de 2020 iníciase a tramitación do Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia sobre a Área de Transporte de Galicia, mediante a posta a disposición pública do documento base. Ese anexo aprobouse por parte do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 25 de febreiro de 2021. Nel, defínese con maior precisión o funcionamento da ATG e as accións dirixidas a potenciar o transporte público.

Tras a aprobación do Anexo do Plan de Transporte Público de Galicia sobre a Área de Transporte de Galicia, durante o período que abarca esta memoria, a Xunta de Galicia incorporou modificacións para actualizar o seu contido para favorecer a integración das entidades locais e facilitar a incorporación dos concellos rurais de reducida poboación; adicionalmente, introducíronse modificacións puntuais para conseguir unha maior eficiencia e racionalización na actuación administrativa, do proceso de implantación e do sistema de compensacións.

Esta modificación someteuse a información pública a partir da súa publicación no DOG do 24 de febreiro de 2022 e, finalmente, foi aprobada na reunión do Consello da Xunta do 21 de xullo de 2022.

Entre as melloras aprobadas máis relevantes destacan as seguintes:

CONCELLOS RURAIS DE POBOACIÓN REDUCIDA

Introdúcese unha actuación activa da Xunta de Galicia, que adoptará as medidas precisas para a implantación das actuacións de integración tarifaria da ATG no caso de concellos cun menor grao de urbanización baixo ou intermedio que teñan menos de 2000 habitantes, así como nos daqueles nos que se prevexa unha bonificación anual inferior a 100 euros. En ambos os dous casos, a Xunta de Galicia asumirá o custo total derivado da implantación das ditas actuacións nestes ámbitos territoriais.

Na práctica, supón a aplicación automática da política tarifaria da ATG de 119 municipios, sen necesidade de que formalicen un convenio de adhesión e sen que os concellos asuman as bonificacións tarifarias que lles serían imputables

TARIFAS METROPOLITANAS

O sistema tarifario integrado da ATG introduce unha excepción sobre a fixación das tarifas á que poden acollerse os concellos integrados previamente nas ATM. Con carácter excepcional, nos casos nos que a tarifa por pago con tarxeta TMG resultase inferior aplicando a política tarifaria "por saltos" das ATM en comparación coa tarifa aplicable na ATG, poderán optar por manter o importe da tarifa metropolitana, participando o concello e a Xunta de Galicia no seu financiamento.

FINANCIACIÓN IGUALITARIA

A Xunta de Galicia promove un financiamento igualitario para todos os servizos que se presten naqueles concellos cualificados como "non urbanos", modificando a súa participación naqueles servizos catalogados como "locais", de competencia municipal.

Con esta modificación, a Administración autonómica pasa a asumir a mesma porcentaxe de bonificación que asume nos servizos "interurbanos". Deste modo, a participación da Xunta de Galicia, que estaba establecida no 20%, increméntase ata o 80%, e redúcese a dos respectivos concellos en iguais porcentaxes, desde o 80% ao 20%.

Esta disposición facilita a incorporación das entidades locais, coa asunción dun criterio de distribución do gasto análogo para o conxunto dos servizos, incluídos os que se desenvolven no interior dun único municipio.

A XUNTA DE GALICIA INTEGRARÁ AUTOMATICAMENTE NA ATG A **119 CONCELLOS RURAIS** DE REDUCIDA POBOACIÓN E ASUMIRÁ O CUSTO DAS BONIFICACIÓNS POLAS VIAXES NESES MUNICIPIOS.

Próxima implantación da ATG

A posta en marcha da ATG leva un importante esforzo de deseño e planificación, tendo en conta que abarcará un territorio con 313 municipios onde é necesario resolver longas distancias e as conexións entre as rutas que enlazan as localidades máis illadas.

A implantación do ATG levará a cabo de maneira progresiva, mediante a integración sucesiva do conxunto de concellos da comunidade autónoma que así o acorden.

Desta forma, esta adhesión materializarase coa firma de convenios bilaterais entre a Xunta de Galicia e aquelas administracións locais que se comprometan a aplicar a política tarifaria prevista para o ATG, coa excepción xa explicada dos concellos rurais de reducida poboación, para os que será automática coa activación do ATG.

Os principais obxectivos da ATG son fomentar a mobilidade, promover a coordinación entre as diferentes redes de transporte público, mellorar a calidade do sistema con prezos reducidos e consolidar un sistema tarifario igualitario para toda Galicia.

Para cumprir con estes obxectivos é necesaria a implantación do que se denomina un sistema zonal, a introdución de medios de pago multimodais e a fixación de tarifas bonificadas ás persoas usuarias.



As novas bonificacións introducidas polo PTPG coa ATG impulsan a utilización do transporte público, xa que favorecen a recorrencia.

Para este proceso, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adoptará o convenio tipo de integración, aberto á totalidade de concellos, e establecerá unha programación para a súa implantación. A posta en marcha do ATG, en todo caso, será posterior ao período que abarca esta memoria**.

Zonificación:

O sistema tarifario que se implantará na ATG avanzará cara á plena integración dos diferentes medios de transporte, de modo que as persoas usuarias terán unha tarifa única para as súas viaxes, que dependerá da orixe e destino final da mesma, sen ter en conta os diferentes medios de transporte que se deban coller para a súa realización.

Para iso, todas as concesións do PTPG traballarán cun sistema de tarifas equilibrado que ten **carácter zonal e quilométrico**, asociado ao ámbito territorial de cada un dos termos municipais de Galicia. Deste xeito, o termo municipal de cada concello constitúe unha zona de transporte e os rangos tarifarios están determinados pola distancia e o tempo estimado de viaxe por estrada entre os maiores núcleos de poboación dos respectivos concellos.

Bonificacións previstas coa implantación da ATG:

Para entender a proxección das melloras tarifarias que serán aplicadas dentro da ATG, sería necesario detallar que a dotación global de viaxe se subdivide nunha **dotación zonal,** asociada á viaxe no seu conxunto, e unha **dotación de traslado**, asociada ás distintas etapas que compoñen unha única viaxe. Para o establecemento das bonificacións de traslado, tómanse en conta o nivel de imputación e a participación das distintas administracións públicas en cada unha delas, de acordo co establecido nos convenios correspondentes.

No caso da bonificación zonal, establécese unha bonificación zonal básica igual para toda Galicia, que se imputa ás distintas administracións públicas segundo unha serie de normas comúns en toda a ATG, e

establécese a posibilidade de incrementar a bonificación zonal básica mediante un desconto adicional, decidido pola administración local correspondente, e que se imputaría integramente a esta.

A Xunta de Galicia asume o 100% do custo adicional xerado polos transbordos que sexan necesarios ata completar o traxecto en traslados locais e intermunicipais.

Ademais, a implantación da ATG suporá a aplicación dunha bonificación do 100% do custo adicional dos traslados inter-municipais realizados en calquera termo municipal, con independencia de que os municipios de orixe ou destino se adhiran ou non á ATG. O abono deste desconto corre a cargo da Xunta de Galicia na súa totalidade.

Doutra banda, a adhesión dos concellos correspondentes á ATG suporá a aplicación das seguintes **bonificacións adicionais** que se incorporarán na medida que os concellos se adhiran ou non á ATG. Tamén se diferencian segundo o tipo de municipio de orixe e o traxecto que cubra a viaxe inter-municipal.

- **Bonificacións zonais:** establécense diferentes cálculos para a aplicación de bonificacións segundo a tipoloxía de concellos e dos desprazamentos en cada un.
  - Concellos urbanos: Trátase daqueles nos que existe un transporte público de titularidade municipal ou daqueles que, pola súa poboación, estarían obrigados a telo, aínda que carezan del. Nestes casos a bonificación aplicarase en todas as viaxes inter-municipais con orixe no concello adherido e destino noutro, con independencia de que o concello de destino se adhira ou non á ATG. Tamén se contempla en todas as viaxes locais con orixe e destino no concello adherido e a integración coa rede urbana de transporte público metropolitano.
  - Concellos non urbanos: Trátase daqueles que non dispoñen de servizos de transporte urbano de titularidade municipal, cando, pola súa poboación, non estarían obrigados a prestalos e aqueloutros que dispoñen dalgún servizo deste tipo, pero que non atende á maior parte da demanda de mobilidade de viaxes intra-municipais no seu propio termo municipal.
    Nestes casos a bonificación inclúe todas as viaxes inter-municipais con orixe no concello asinante e destino noutro concello de Galicia, con independencia de que o concello de destino adhírase a ATG, sexa ou non un concello.
- **Bonificacións inter-municipais** en todas as viaxes con orixe en calquera concello e con destino no concello asinante, con independencia de que o concello de orixe se adhira ou non á ATG. **Naqueles municipios que formen parte da ATG bonificaranse todas as viaxes dentro do termo municipal.**
- **Bonificacións por transbordo**: desconto do 100% do custo adicional que se xere polos traslados locais realizados no municipio do concello asinante ou noutro municipio intermedio distinto ao destino da viaxe, en todas as viaxes inter-municipais con orixe ou destino no concello asinante e orixe ou destino noutro municipio de Galicia, con independencia de que o destino estea adherido ou non á ATG.

4.6.1. Período transitorio. Concellos con actuacións propias

Mentres a ATG se consolida como unha realidade en toda Galicia, os concellos teñen a opción de asinar convenios coa Xunta de Galicia para ofrecer bonificacións ás persoas usuarias, sempre que non estean integrados en ningunha ATM. Este é o caso de **Barbadás, Pontevedra e Ribeira**, que contan con actuacións propias e gozan de bonificacións tarifarias nos servizos prestados dentro do municipio.

Antes de detallar as características das actuacións levadas a cabo nestes concellos, é importante sinalar que os convenios en Barbadás e Ribeira foron tramitados,

asinados e implantados antes do período que recolle esta memoria. No caso de Pontevedra, o convenio foi redactado e tramitado antes de xuño do 2021, pero a súa firma e implantación realizouse nos meses posteriores.

En calquera caso, todos eles permitiron dar respostas a moitas das necesidades da cidadanía na zona. Por esa razón, serven para entender a relevancia das accións previas á implantación da ATG.

a. **Barbadás: bonificacións e descontos sociais.**

O obxectivo deste convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Barbadás, asinado o 26 de xuño de 2020, é o de establecer unha serie de melloras nos prezos do transporte público que se prestan dentro do municipio.

Este acordo permite **reducir como mínimo 0,50 € en todas as viaxes dentro do termo municipal** de Barbadás e as viaxes co Concello de Ourense, o que implica que o prezo do billete pasa de 1,40 € a 0,90 €, sempre que se aboe coa TMG.

De forma adicional ás bonificacións de uso xeral, o concello estableceu unha serie de descontos sociais dirixidos a estudantes, pensionistas e persoas en situación de emerxencia social.

Para acceder a estes descontos sociais, que son acumulables con outras bonificacións e/ou tarifas especiais impulsadas polo PTPG pola utilización recorrente do servizo, as persoas usuarias deberán cumprir unha serie de requisitos establecidos no convenio e aboar as súas viaxes mediante tarxeta TMG ou equivalente.

Os descontos son os seguintes:

ESTUDANTES



Cunha bonificación adicional de 0,25 € sobre a bonificación xeral e, polo tanto, cun total de bonificación de 0,75 €.

PENSIONISTAS



Cunha bonificación adicional de 0,15 € sobre a bonificación xeral e, polo tanto, cun total de bonificación de 0,65 €.

PERSOAS EN SITUACIÓNDE EMERXENCIA SOCIAL



Con una bonificación equivalente al importe total que correspondería abonar por el servicio de transporte.

Entre xullo de 2022 e xuño de 2023, as bonificacións polas viaxes realizadas en aplicación deste convenio ascenderon a un importe total de **máis de 43.000 euros**. Deles, máis de 3.000 euros corresponden ás bonificacións sociais que se aplicaron en case 21.000 viaxes.

b. Ribeira: tarifas moi reducidas para fomentar o uso do transporte público

O obxectivo do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribeira, asinado o 22 de febreiro de 2021, é establecer unha serie de bonificacións no transporte público dentro do municipio de Ribeira.

Os descontos aplícanse nos servizos públicos de transporte regular de persoas viaxeiras de uso xeral que comunican os principais focos de demanda de mobilidade do municipio. Tamén se introducen bonificacións especiais a colectivos específicos como parte da implantación de determinadas medidas de políticas sociais no termo municipal.

As bonificacións aplicadas no convenio de Ribeira son as mesmas que as xa comentadas no convenio do concello de Barbadás.

Así, todas as persoas usuarias da tarxeta TMG teñen acceso a un desconto directo nos desprazamentos en autobús no municipio de Ribeira co que se **benefician dun aforro de 0,50 € na viaxe** sobre a tarifa xeral, resultando unha tarifa final de 0,90 €.

Ademais, ás bonificacións de uso xeral súmanse outros descontos sociais adicionais dirixidos, por unha banda, aos colectivos de estudantes e pensionistas, e por outra, ás persoas en situación de risco ou emerxencia social do municipio de Ribeira.

Entre xullo de 2022 e xuño de 2023, as bonificacións aplicadas por este convenio superaron en conxunto os **76.000 euros**. Do total, 1.500 euros corresponden aos descontos sociais que se aplicaron a case 10.000 viaxes.

c. Pontevedra: convenios para abaratar as viaxes e mellorar o servizo

O municipio de Pontevedra é capital de provincia e unha das 7 cidades galegas con máis de 50.000 habitantes, polo que legalmente está obrigado a ofrecer o servizo de transporte urbano colectivo de persoas viaxeiras; con todo, ata a implantación deste convenio, non contaba con este servizo. A Xunta de Galicia e o Concello de Pontevedra asinaron **dous convenios de colaboración** para mellorar os servizos e activar as bonificacións no transporte público na cidade, que son efectivas desde o 1 de outubro de 2021.

Un destes acordos de optimización conxunta entre a Administración local e a Xunta de Galicia recolle a implantación do Servizo de Transporte de Interese Municipal no Concello de Pontevedra, **SIMU**, que leva melloras significativas na comunicación do municipio coa reordenación dalgunhas rutas para atender demandas concretas de mobilidade na zona. Este convenio da resposta á carencia do servizo de transporte público urbano colectivo en Pontevedra e mellorou e incrementou a cobertura do transporte público.

O outro convenio introduciu melloras tarifarias e descontos para as persoas usuarias deste concello. En concreto, ofrécese un **desconto de 0,50 € como mínimo en todas as viaxes internas no termo municipal** de Pontevedra, o que se traduce que nas viaxes con orixe e destino neste municipio o prezo do billete pasa de 1,40 € a 0,90 €, sempre que se aboe coa tarxeta TMG.

Entre xullo de 2022 e xuño de 2023, as bonificacións activadas por este convenio para as **máis de 430.000 viaxes** realizadas en Pontevedra sumaron un importe de **case 208.000 euros**.

Tamén se bonifican integramente todos os transbordos realizados neste tipo de percorridos. O importe das bonificacións será aboado polo concello, cunha achega anual de máis de 146.000 €. Estes descontos súmanse aos que se aplican por recorrencia grazas á implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, resultando unhas tarifas medias inferiores ás anteriores.

O convenio do Concello de Pontevedra é o que máis se parece ás bases establecidas para a futura ATG dos 3 convenios que se atopan actualmente asinados. En resumo, as bonificacións aplicables son as seguintes:

Unha **bonificación zonal**, en todas aquelas **viaxes locais** con orixe e destino no Concello de Pontevedra, que será **aboada polo propio Concello.**

Unha **bonificación zonal, en todas aquelas viaxes intermunicipais** con orixe no Concello de Pontevedra e destino en calquera outro concello urbano, que será **aboada pola Xunta de Galicia.**

Unha **bonificación do 100% do custo adicional dos transbordos en todas as viaxes locais** con orixe e destino no Concello de Pontevedra, que tamén será **aboada polo propio Concello.**

Unha **bonificación do 100% do custo adicional dos transbordos intermunicipais** en todas as viaxes con orixe ou destino no Concello de Pontevedra, con calquera outro termo municipal, **aboada pola Xunta de Galicia.**

Ademais destas bonificacións de uso xeral, o convenio co concello prevé a incorporación doutros beneficios económicos desde unha perspectiva social, dirixidos a estudantes, pensionistas e persoas en situación de emerxencia social. No caso de que o Concello de Pontevedra active estes descontos sociais, como nos casos de Barbadás e Ribeira, serán acumulables aos que xa se aplican.


CENTRO CIUDAD
CENTRO CIDADE
CITY CENTER
TRANSPORTE URBANO
CITY BUSES
TRANSPORTE
METROPOLITANO
METROPOLITAN BUSES
ESTACIÓN DEL TREN
ESTACIÓN DO TREN
TRAIN STATION



5

RELACIÓNS COAS PERSOAS USUARIAS. O SERVIZO QUE ATENDE E RESPONDE Á CIDADANÍA

O Plan de Transporte Público de Galicia ten como eixo principal as persoas e as súas necesidades de desprazamento. Por iso, é imprescindible que a administración facilite á cidadanía o acceso á información dos servizos e atenda sistematicamente as súas achegas de mellora. Neste apartado detállanse as opcións de información que ofrece a Xunta de Galicia e o proceso de tramitación de solicitudes para coñecer, procesar e responder ás suxestións das persoas usuarias.

Co obxectivo de manter un transporte público que sexa eficaz para a mobilidade da sociedade, é fundamental que a administración proporcione información actualizada e inmediata sobre todos os servizos dispoñibles e, á vez, leve a cabo un seguimento da experiencia das persoas usuarias nos traslados para seguir adaptando o servizo ás novas esixencias sociais.

Para iso, o PTPG conta con diversas canles interactivas que lle permiten manter unha comunicación directa e bidireccional coa cidadanía, ofrecendo información e atendendo as peticións recibidas.



5.1. Información á persoa usuaria

O PTPG coida e impulsa as relacións coas persoas usuarias a través de varias canles, entre as que se atopa, como primeira aproximación ao PTPG, a páxina *web* da propia Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e dunha forma moito máis específica, as persoas usuarias teñen á súa disposición a páxina web www.bus.gal, a *app* "Transporte Público de Galicia" e a central de chamadas. Esta última, ademais de ofrecer información sobre o sistema, atende as solicitudes de servizo para a modalidade de transporte baixo demanda.

5.1.1. Portal *web* da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Para empezar, débese facer referencia á plataforma institucional www.xunta.gal que recolle información de cada unha das consellerías da Xunta de Galicia. Nesta inclúese o portal *web* da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade Portada - Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (xunta.gal) na que, tal e como se comentaba anteriormente, se ofrece non só información sobre a rede de transporte público de Galicia senón acerca de todos os traballos que esta leva a cabo.

5.1.2. Bus.gal

Na páxina *web* www.bus.gal, pódese obter información actualizada dos servizos de transporte vixentes en cada momento.

A súa utilidade é tal que o número de visitas á páxina *web* desde o seu lanzamento, en 2018, até xuño de 2023 ascendeu a 3.466.259 visitas. Máis dun millón e medio desde xullo de 2022.

Trátase dunha páxina web en constante evolución, dirixida a configurarse, xunto coa APP Transporte Público de Galicia, nas canles de información da Administración ao redor do Transporte Público de Galicia, e na que trasládase toda a información do servizo público de transporte.

Dende o lanzamento de Bus.gal ata xuño do 2023, o número de visitas á páxina ascendeu a 3.466.259. **Máis dun millón e medio, dende xullo de 2022.**

Na seguinte gráfica móstrase o número de visitas entre xullo de 2022 ata xuño de 2023.



Bus.gal conta cun **buscador** de servizos por orixe e destino grazas ao cal as persoas usuarias poden optimizar a planificación das súas viaxes ampliando súa información.

Así, esta plataforma *web* permite comprobar as alternativas de viaxes directas o con transbordo tras introducir o municipio de orixe, de destino e a data na que se prevé realizar el desprazamento, entre outros criterios de procura, como o operador ou o tipo de servizo.

A plataforma Bus.gal dispón dende xuño de 2021 dun apartado de AVISOS para informar ás persoas usuarias de melloras nos servizos, inclusión de novas expedición nun percorrido, creación de novas liñas, activación de servizos específicos para eventos (como verbenas) ou pola adopción de medidas ante eventos programados ou incidencias nos traxectos que podan alterar o normal funcionamento do transporte.

Tras introducir los criterios de procura, indícase a tarifa a abonar en efectivo e coa Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG), así como unha lista actualizada de tódolos servizos, co seu calendario e os seus horarios de saída e chegada, entre outros aspectos de interese.

Ademais, pulsando en cada una das alternativas de viaxe, as persoas usuarias poden ampliar a súa información con aspectos como o código de identificación do servizo, a denominación do mesmo, o itinerario da ruta xunto coa lista de paradas e as súas respectivas horas de paso.

É interesante destacar así mesmo a funcionalidade que permite coñecer a situación exacta dos puntos de parada do servizo seleccionado. Deste xeito, mediante un mapa integrado coa ferramenta Google Maps, pódese obter máis información espacial sobre a ruta en cuestión.



Por outra parte, nos servizos baixo demanda, as persoas interesadas poden reservar, desde a listaxe de resultados da plataforma, a viaxe no horario desexado. Para efectuar a reserva e descargar o billete, debe indicarse se se necesita dun servizo adaptado e introducir os datos persoais.

Co fin de facilitar o acceso á oferta actualizada dos servizos, bus.gal contempla a posibilidade de descargar a listaxe dos servizos, así como a ruta e a relación de paradas de cada un das mesmas, ou o conxunto de bonificacións establecidas para a conexión introducida. Desta maneira, as persoas usuarias poden levar consigo unha versión actual da oferta vixente, sen necesidade de acceder á rede.

Ademais, as persoas interesadas teñen á súa disposición, nunha sección concreta de 'Descargas', **fichas informativas** coa totalidade dos servizos que se prestan por concello, os servizos integrados que atenden a cada centro educativo ou os servizos por concesión. Estás fichas informan, de maneira

completa, dos itinerarios, calendarios, horarios e das paradas baixo demanda.

Adicionalmente, nesta plataforma tamén figura un apartado de información xeral, no que a cidadanía pode ampliar a súa información con respecto dos servizos baixo demanda, as tarifas e bonos, as tarxetas ou a área de Transporte de Galicia. De maneira complementaria, tamén se incorpora o apartado "Xente Nova" no que se recolle con detalle o funcionamento desta tarxeta, a súa tarifa e as súas vantaxes, que xa foron explicadas anteriormente.

5.1.3. APP Transporte Público de Galicia

Outra das ferramentas para mellorar a comunicación co público é a **aplicación móbil do PTPG**. Nesta pódense consultar horarios e paradas para desprazamentos en toda Galicia, coñecer o estado das reservas de viaxes e é importante destacar que se atopa en constante desenvolvemento, polo que proximamente incorporaranse novas funcionalidades, como o acceso a información en tempo real dos servizos.

A APP del PTPG permite acceder a información de especial utilidade de cara á planificación das viaxes como o estado das reservas

5.1.4. Central de chamadas

Este canle de información permite, a través do número de teléfono 988 687 800, ademais de obter información sobre os servizos, realizar reservas na modalidade de transporte baixo demanda. O horario de atención é de 8:00 a 20:00 horas, de luns a venres, e de 8:00 a 14:00 horas, os sábados.

Esta central de chamadas recibe tamén as solicitudes relativas ás melloras ou modificacións de servizos, polo que se considera tamén un canle de entrada de peticións das persoas usuarias.

A central de chamadas atendeu as peticións e suxestións de mais de 18.200 persoas usuarias entre xullo de 2022 y xuño de 2023, un 34% mais que no período anterior.



O número de chamadas rexistradas ascendeu a 53.002 dende o seu lanzamento ata xuño do 2023. A súa evolución pode observarse no seguinte gráfico:



5.2. Atención ás persoas usuarias. A importancia das solicitudes e o seu procesamento

Un dos puntos importantes desta interacción coas persoas usuarias é, sen dúbida, o correcto tratamento das solicitudes recibidas tanto na central de chamadas como na páxina *web*, que se converteron en ferramentas eficaces para coñecer e dar resposta ás inquietudes das persoas usuarias.

Recoller as solicitudes e suxestións das persoas usuarias significa tamén saber procesar facer seguimento dos datos obtidos e, desde logo, responder debidamente ás peticións.

Neste sentido, as persoas usuarias poden realizar as **súas solicitudes e suxestións** a través dos medios estándar mais formais e institucionais ou ben por medios informais e directos como poden ser: formulario en www.bus.gal, chamadas telefónicas ou por correo electrónico.

Durante o período comprendido entre xullo do 2022 y xuño do 2023 procesáronse un total de 1.347 solicitudes e suxestións relacionadas cos servizos de transporte público, un 18% máis que no período anterior.

O control e tratamento das solicitudes recibidas leva un rigoroso labor de análise e valoración da proposta, solicitude e/ou suxestión. Neste sentido, cada consulta xestiónase mediante unha clasificación que ten en conta tanto a canle emisora como o contido, así como a concesión á que se refire o escrito:

- **Segundo a canle empregada**, clasificamos as solicitudes e queixas atendendo á vía que as persoas usuarias utilicen para trasladar a súa queixa á Administración: concellos, central de chamadas, formulario de bus.gal, Dirección Xeral de Mobilidade, Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, Servizos de Mobilidade ou a Valedora do Pobo.



- **Segundo a tipoloxía de usuario/a**, os escritos, peticións e/ou suxestións poden ser enviadas por usuarios/as, asociacións de veciños ou grupos de persoas usuarias cun interese común, por concellos ou por colectivos educativos, entre outros. A continuación, móstrase a distribución do número de escritos rexistrados segundo o perfil da persoa solicitante. As persoas usuarias son as que presentan un maior número de peticións, seguidas polo colectivo educativo.



- **Segundo o contido**, ademais da diferenciación por concesións, estes escritos poden dividirse **dependendo do contido** nos que versan sobre horarios, paradas ou o calendario dos servizos, sobre o estado dos vehículos, sobre os servizos integrados e sobre as tarifas. O contido predominante nas solicitudes rexistradas está relacionado coas consultas e/ou peticións de modificación de horarios, paradas ou calendarios.

NÚMERO DE SOLICITUDES SEGUNDO O TIPO DE CONTENIDO



Todas as consultas e peticións recibidas rexístranse e xestiónanse, distribuíndo as mesmas segundo o organismo competente na súa resolución para a xestión do proceso completo: análise, informe, valoración, contestación e seguimento.

Adicionalmente, a Administración adaptouse ás canles que utilizaron as persoas usuarias para a remisión dos seus escritos. Así segundo a canle de entrada do escrito, remitirase a resposta de forma oficial, ou a través de condutos como o correo electrónico, si esta foi a vía utilizada pola persoa interesada.

En todo caso, **todas as consultas ou suxestións son analizadas e contestadas individualmente**, dando lugar, no seu caso, ao comezo de actuacións administrativas dirixidas a introducir las **modificacións que correspondan nos servizos.**

As comunicacións que envían as persoas usuarias teñen gran importancia para coñecer as necesidades, incidencias e valoracións das persoas que se desprazan diariamente no transporte público de Galicia. Por iso, despois do proceso de tramitación das solicitudes, os estudos da avaliación de cada caso incorpóranse aos informes de seguimento do PTPG, os cales permiten non só atender de inmediato incidencias puntuais senón achegar datos importantes sobre o desenvolvemento dos servizos.

Grazas a esta comunicación directa coas persoas usuarias, o PTPG puido dar resposta inmediata a cambios na demanda, inspeccións de calidade en vehículos e melloras da oferta, entre outros.

As modificacións de servizos de transporte derivadas das solicitudes da cidadanía son un exemplo da flexibilidade das concesións implantadas co PTPG xa que permiten adaptar a configuración para atender as necesidades que xurdan.


INFORMACIÓN
información - information



6

FINANCIAMENTO DO SISTEMA, A INVERSIÓN AO FUTURO

Coa implantación do PTPG, completouse o proceso de renovación de todo o mapa concesivo de transporte público en Galicia. Isto supuxo unha reordenación de servizos, frota e condicións de explotación que fixeron precisa a actualización da estrutura de financiamento dos servizos, mediante o deseño, proposta e aprobación do investimento que a Xunta de Galicia debe asignar para cubrir os servicios de transporte público.

Como xa se destacou, o principal obxectivo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade foi crear un modelo de transporte público por estrada perfectamente adaptado ás necesidades de mobilidade da cidadanía de Galicia, que á vez respondese os retos de sustentabilidade e eficiencia que esixen os cambios constantes da sociedade e os compromisos ambientais que o PTPG incorporou no deseño das novas concesións.

Para iso, as concesións do transporte público deben ser **financiadas pola Administración autonómica** co obxectivo de conseguir un sistema tarifario encamiñado a mellorar as condicións económicas que existían anteriormente no transporte público e facelo máis atractivo ás persoas usuarias, así como axudar aos concesionarios a superar o déficit económico xerado pola prestación de determinados servizos.

Non obstante, os concesionarios perciben das persoas usuarias unha contía económica pola prestación dos servizos, é dicir, **a recadación por parte das persoas usuarias**, que representa unha parte do financiamento do sistema de transporte público de Galicia non menos importante.

6.1. Gasto realizado por parte da Administración

A continuación, explícanse os compoñentes fundamentais do financiamento do sistema de transporte público de Galicia, así como **os diferentes procesos de cálculo das distintas compensacións para determinar o gasto realizado por parte da Xunta de Galicia**, que redunda no investimento a futuro do sistema.

O sistema do transporte público en Galicia que rexe o PTPG finánciase por parte da Administración cos seguintes tipos de **compensacións**:

- **Compensacións por obriga de servicio público (COSP)**
- **Compensacións por usuarios/as con dereito a reserva de praza (CURP)**
- **Compensacións tarifarias por ATM**
- **Bonificacións por el uso de la Tarxeta Xente Nova**



Aínda que non forman parte do financiamento regular do sistema, debido a que se destinan a compensar o déficit de prestación dos servizos, **inclúense neste apartado as axudas extraordinarias por parte da Administración aos concesionarios** concedidas para o período de xullo de 2022 a xuño de 2023. Esas compensacións activáronse, inicialmente, para facer fronte ao incremento dos custos de prestación do servizo pola alza do prezo do gasóleo e ampliáronse e complementáronse a través da Orde do 23 de xuño de 2023, debido á subida xeneralizada, especialmente a partir de 2022 e como consecuencia da situación de conflito armado provocado pola invasión de Ucraína, de diferentes partidas de custos vinculadas directamente cos servizos públicos de transporte, tales como outros consumibles, os custos de adquisición de novo material móbil ou os custos financeiros, entre outros. Non obstante, **polo seu carácter excepcional desenvólvense con maior profundidade no apartado 8 desta memoria**.

Adicionalmente, cabe sinalar que as administracións locais de Galicia tamén participan no financiamento do sistema de Transporte Público por estrada mediante a firma de diferentes convenios entre as mesmas entidades locais e a Xunta de Galicia. Eses convenios relativos á política tarifaria e ás achegas municipais explícanse con detalle no apartado 4 desta memoria. Por outra banda, tamén se atopan en funcionamento convenios cos que se poñen en marcha Servizos de Interese Municipal (SIMU); non obstante, este tipo de achegas dos distintos concellos con convenios en vigor non se recollen neste apartado, debido a que se destinan de forma concreta a financiar os sobre custos xerados polo incremento de servizos.

Os **métodos de cálculo** de cada un dos conceptos en relación cos que procede que a Administración aboe compensacións aos titulares das concesións réxense polo establecido nos pregos de condicións destas. Os pregos establecen tanto os importes de bonificación que corresponden a cada concesión como os criterios para a súa concreción e pago aos concesionarios.

Co fin de calcular as compensacións de cada contrato de concesión, estableceuse **un sistema de verificación** por parte da Administración que permite dar veracidade aos datos remitidos polos concesionarios, e no caso de que se detecten anomalías, realízanse as xestións oportunas para resolvelas no mínimo tempo posible.

Para tal fin, e con carácter xeral, os concesionarios deben presentar a información diaria da explotación a través das aplicacións informáticas habilitadas pola Administración nas 48 horas seguintes á realización dos correspondentes servizos; ademais, nos primeiros 15 días de cada mes deben presentar outra información complementaria referida ao mes anterior, como son os discos ou certificacións do tacógrafo.

6.1.1. Compensacións por obrigación de servicio

A **Compensación por Obriga de Servizo Público, tamén denominada COSP**, coa que a Administración financia aos concesionarios do sistema de transporte público de Galicia, ten por obxecto **compensar o déficit económico da explotación de servizos nos que se aprecian razóns de interese xeral**, con base nos **custos de explotación e os ingresos estimados.**

Por unha banda, **estimáronse os custos derivados dos gastos de explotación dos servizos a 10 anos**, entre os que se atopan: amortización dos vehículos, custos de financiamento, custos de persoal de condución e acompañante, seguro dos vehículos, custos fiscais, custo de combustible, custo de mantemento de vehículo, canons de servizo, peaxes e gastos xerais, e doutra banda, **contempláronse os ingresos derivados pola explotación dos servizos en 10 anos**, entre os que se atopan: a recadación por venda de billetes, outros ingresos comerciais e os ingresos xerados por reservas de praza.

A partir destes valores estimados nos proxectos de explotación en función dos servizos prestados por cada empresa concesionaria, verificouse se os ingresos de explotación percibidos polos concesionarios eran suficientes para cubrir os custos vinculados á prestación do servizo deseñado prevendo un beneficio industrial do 6%. No caso de que os ingresos estimados non resultasen suficientes, calculáronse **as compensacións por obriga de servizo público** que aseguran o equilibrio do contrato de concesión aos 10 anos.

A **COSP** é o ingreso que recibe o concesionario por parte da Administración sempre que os ingresos obtidos pola explotación non sexan suficientes para que o servizo resulte rendible para o concesionario nas condicións previstas no proxecto de explotación.

Esta compensación, por unha banda, axustouse no procedemento de adxudicación dos contratos, tendo en conta as baixas ofertadas polos licitadores, e, por outra banda, a súa percepción está condicionada a que o concesionario cumpra as obrigas contractuais previstas no Prego de Condicións e o Proxecto de Explotación; en concreto, as relativas aos servizos (expedicións, veh-km, horarios, etc.).

A Administración previu que todas as concesións se deban dotar dun Sistema de Axuda á Explotación (SAE) que sirva para o seguimento da prestación dos servizos e a xestión desta verificación.

Durante o período que comprende esta memoria anual implantouse e púxose en marcha o dito sistema para a acreditación fidedigna da prestación dos servizos. Este mecanismo serve á Administración tanto para o cálculo dos importes que debe aboar mensualmente ao Contratista en concepto de COSP como aos efectos de determinar as penalidades que, no seu caso, corresponda impor polo incumprimento da oferta de servizos que o Contratista está obrigado a ofrecer ás persoas usuarias.

Das 127 concesións do PTPG, 122 reciben compensacións económicas por obrigas de servizo público.

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2022 y xuñode 2023, abonáronse por parte da Administración a la totalidade das concesións de transporte público por estrada de Galicia mais de

45,7 millóns de euros

correspondentes ás Compensacións por Obrigas de Servizo Público (COSP).

Só **5 das 127 concesións** do PTPG **non reciben compensacións por COSP**, as cales son:

XG623	Lugo - Ourense - Vigo, con anexos
XG635	A Coruña - Lugo - A Mariña, con anexos
XG802	Lugo - Santiago de Compostela, con anexos
XG817	Eje Atlántico y conexiones con Lugo, Lalín y Fisterra, con anexos
XG843	A Coruña - Ferrol - Ortigueira - Viveiro - Vilalba - Lugo, con anexos

6.1.2. Pago por reserva de praza de escolares

A maior parte das concesións perciben **unha compensación polas reservas de praza que realiza a Administración nos servizos integrados ou compartidos a favor daqueles escolares** con dereito a transporte escolar gratuíto.

Na liquidación da Compensación por Usuarios/as con Reserva de Praza, CURP, téñense en conta tres datos: **as reservas de praza no contrato segundo a oferta vixente, o número de escolares transportados segundo os datos achegados polo concesionario a través dos medios tecnolóxicos establecidos e a tarifa por escolar aplicada.**

A **CURP** ten por obxecto compensar polas reservas de praza realizadas, así como establecer un complemento de calidade vinculado coa efectiva utilización de ditas reservas por parte dos escolares beneficiarios.

Con base neses datos, determínase mensualmente a contía da compensación CURP, que resulta da suma do **diñeiro achegado pola Administración pola reserva de praza e a prima de calidade do servizo por escolar transportado**, segundo as seguintes condicións:

- Tarifa pola reserva de praza que realizase a Administración, equivalente ao 60% da compensación. **Será aboada integramente ao adxudicatario á marxe de que as persoas usuarias con reserva de praza fagan ou non uso da mesma.** Calcúlase segundo o número de reservas de praza por día e liña de transporte.
- Prima pola calidade da prestación do servizo, equivalente ao 40% da compensación. **Será aboada segundo o número de días nos que cada persoa usuaria con reserva de praza faga uso efectivo da mesma, entendéndose este feito como unha medida da fidelidade da persoa usuaria ao servizo prestado polo adxudicatario.**

As contías por CURP poden ser inferiores ás inicialmente estimadas nos Proxectos de Explotación, debido tanto ás posibles baixas ofertadas no proceso de licitación, como á variación no número de prazas reservadas ao longo dos sucesivos cursos, e ao propio uso que os escolares beneficiarios realicen finalmente desas prazas.



En total, **120 das 127 concesións do PTPG reciben ingresos por CURP por parte da Xunta de Galicia.**

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2022 e xuño de 2023, aboáronse por parte da Administración á totalidade das concesións de transporte público por estrada de Galicia máis de

17,7 millóns de euros

Correspondentes ás Compensacións por Usuarios/as con Reserva de Praza (CURP).

Solo **7 de las 127 concesiones** del PTPG **no reciben compensaciones por CURP, estas son:**

XG623	Lugo - Ourense - Vigo, con anexos
XG635	A Coruña - Lugo - A Mariña, con anexos
XG802	Lugo - Santiago de Compostela, con anexos
XG817	Eje Atlántico y conexiones con Lugo, Lalín y Fisterra, con anexos
XG843	A Coruña - Ferrol - Ortigueira - Viveiro - Vilalba - Lugo, con anexos
XG852	Oeste de la comarca del Morrazo
XG881	Este de la comarca de A Coruña

Para facer fronte ás Obrigas de Servizo Público e Compensacións por Usuarios/as con dereito a Reserva de Praza a Xunta de Galicia destina nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma máis de

63,3 millóns de euros anuais

6.1.3. Compensación tarifaria por ATM

Esta compensación que dota a Administración aos concesionarios ten por obxecto **compensar os descontos aplicados nas tarifas ás persoas usuarias que realicen viaxes dentro das Áreas de Transporte Metropolitano** constituídas na comunidade.

Neste sentido, a Xunta de Galicia e os concellos de cinco aglomeracións metropolitanas de Galicia que así o aprobaron asinaron convenios para constituír unha liña de colaboración que regulaba un plan previo ao PTPG, o denominado **Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, PTMG**, creado para promover o uso do transporte público e regular medidas concretas para atender as necesidades específicas de mobilidade en cada localidade das cinco ATM actuais.

Este proxecto permitiu establecer importantes bonificacións tarifarias ás persoas usuarias, anticipando nos seus respectivos ámbitos territoriais o establecemento dun sistema tarifario integrado, no que participan tanto os transportes interurbanos como os urbanos das cidades que así o acordaron (A Coruña, Lugo e Santiago de Compostela) e, mesmo, servizos de transporte marítimo, na ría de Vigo, ou ferroviario, na área de Ferrol. Ademais, a través do sistema tarifario do transporte metropolitano incorporouse en Galicia un primeiro sistema de tarifas zonais.

Por tales motivos, as compensacións por ATM están directamente vinculadas ao volume de persoas que utilizan os servizos de transporte ofertados e ao nivel de desconto que resulta de aplicación en cada caso, atendendo ao sistema tarifario zonal, baseado nos saltos definidos en cada unha das zonas de transporte.

Para cubrir as **compensacións tarifarias nos desprazamentos realizados dentro das ATM**, a Administración autonómica achega o 80% do custo da bonificación das viaxes simples e o restante 20% é financiado polos respectivos concellos. Ademais, a achega económica da Xunta de Galicia increméntase ao asumir o 100% do custo dos transbordos e a bonificación por recorrencia.

En definitiva, no período que comprende esta memoria **achegáronse case 6,2 millóns de euros** en concepto de compensacións por ATM aos concesionarios para cumprir cos obxectivos mencionados.

Do total de compensación tarifaria por ATM, **os concellos pertencentes ás cinco ATM de Galicia achegaron no seu conxunto 925.477 euros en 2022*.**

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2022 e xuño de 2023, as Compensacións por Área de Transporte Metropolitano (ATM) que foron aboadas pola Administración aos concesionarios titulares das concesións do transporte público de Galicia ascenden a

6,2 millóns de euros

*As achegas dos concellos teñen carácter anual. Así, as administracións locais adiantan os importes estimados que lles corresponden para cada exercicio. Unha vez finalizado o exercicio, no primeiro semestre do ano, a Dirección Xeral de Mobilidade remite a cada unha das partes do convenio a liquidación do ano anterior, en función das viaxes bonificadas e atendendo ás obrigas de cada Administración.

Na seguinte táboa pódese observar as compensacións por ATM desagregadas por mes que a Administración aboou aos concesionarios.

Ano	Mes	ATM A Coruña	ATM Ferrol	ATM Lugo	ATM Santiago de Compostela	ATM Vigo
2022	7	173.340,57 €	52.619,54 €	2.760,55 €	65.940,37 €	71.606,20 €
	8	176.211,09 €	51.715,63 €	2.782,03 €	56.349,50 €	81.999,68 €
	9	229.182,47 €	71.715,22 €	4.591,17 €	101.231,54 €	97.946,81 €
	10	232.725,80 €	78.827,98 €	5.224,02 €	111.542,01 €	97.445,66 €
	11	236.391,31 €	77.522,66 €	5.692,69 €	112.677,82 €	98.087,56 €
	12	226.939,01 €	71.575,57 €	4.776,60 €	97.167,75 €	94.180,78 €
2023	1	230.764,71 €	82.006,18 €	5.177,89 €	103.690,73 €	107.479,07 €
	2	215.240,44 €	83.003,42 €	4.226,05 €	112.845,12 €	108.718,83 €
	3	292.779,33 €	98.949,84 €	7.271,14 €	131.961,80 €	121.724,20 €
	4	227.072,94 €	86.397,33 €	5.008,71 €	104.197,61 €	104.068,53 €
	5	248.382,43 €	93.676,20 €	5.866,64 €	113.800,16 €	123.000,04 €
	6	242.810,11 €	94.210,52 €	5.151,39 €	111.093,00 €	122.077,52 €
Total período 2022 - 2023		**2.731.840,22 €**	**942.220,09 €**	**58.528,88 €**	**1.222.497,41 €**	**1.228.334,88 €**
Total período 2021 - 2022		**2.032.791,44 €**	**649.640,28 €**	**45.551,77 €**	**901.257,18 €**	**848.371,75 €**
% Variación		**34,39%**	**45,04%**	**28,49%**	**35,64%**	**44,79%**

Pódese observar no cadro como se produce un ascenso das compensacións por ATM especialmente relevante a partir do ano 2023. Dentro do crecemento xeneralizado das compensacións, o maior crecemento para o global das compensacións entre os dous períodos comparados dáse nas áreas metropolitanas de Ferrol e Vigo.



6.1.4. Bonificación polo uso da TMGXN

Esta compensación ten por obxecto **bonificar directamente ás persoas usuarias menores de 21 anos as viaxes realizadas, en aplicación da tarifa gratuíta Xente Nova, á que só se pode acceder a través do pago coa TMGXN.**

Trátase dunha axuda adicional de carácter social pola cal, empregando a TMGXN, as persoas usuarias menores de 21 anos que viaxen en servizos de transporte interurbano gozan de 60 viaxes mensuais gratuítas, **cuxo importe lles reintegra a Xunta de Galicia directamente na mesma tarxeta TMGXN coa que viaxasen cunha periodicidade quincenal.**

No período que comprende a memoria, houbo **29 mil altas novas de tarxetas TMGXN**

Vinculada inicialmente ao ámbito das Áreas de Transporte Metropolitano, expandiuse coa súa posta en marcha en todas as concesións do PTPG. Como consecuencia deste aumento da oferta, as viaxes realizadas con estas tarxetas incrementáronse. A maiores, activouse a distribución destes títulos de pago a través das oficinas de Abanca en toda Galicia, co cal se facilitou o seu uso e aumentou a súa visibilidade.

Ademais, desde o mes de maio do ano 2021 ampliouse o ámbito de aplicación da TMGXN a todo o territorio da Comunidade Autónoma. Esta ampliación a toda Galicia supuxo un importante incremento do número de viaxes. **Entre xullo de 2022 e xuño de 2023, a cifra de viaxes total creceu por encima do 34% respecto ao mesmo período anterior**. Con todo, o maior salto no número de novas altas dáse no mes de setembro de 2022, mes de comezo do curso escolar.

Na seguinte táboa pódense observar as compensacións por TMGXN aboadas pola Administración, desagregadas por mes, as viaxes realizadas e as novas altas da TMGXN.

ANO	MES	NOVAS ALTAS	VIAXES	COMPENSACIÓNS POR TXN
2022	7	3.957,00 €	258.327,00 €	434.394,56 €
	8	4.717,00 €	254.282,00 €	403.137,44 €
	9	6.345,00 €	535.654,00 €	402.767,33 €
	10	2.151,00 €	595.178,00 €	448.559,41 €
	11	1.290,00 €	616.159,00 €	456.238,51 €
	12	1.264,00 €	464.221,00 €	349.601,78 €
2023	1	1.515,00 €	511.726,00 €	375.135,42 €
	2	1.257,00 €	528.011,00 €	396.323,08 €
	3	1.416,00 €	616.598,00 €	459.430,70 €
	4	1.354,00 €	464.444,00 €	350.001,90 €
	5	1.282,00 €	526.324,00 €	390.661,57 €
	6	2.384,00 €	435.236,00 €	328.930,74 €
Total período 2022 - 2023		**28.932,00 €**	**5.806.160,00 €**	**4.795.182,44 €**
Total período 2021 - 2022		**28.796,00 €**	**4.325.473,00 €**	**6.839.017,77 €**
% Variación		**0,47%**	**34,23%**	**-29,88%**

A partir de setembro de 2022, coa entrada en vigor do Real decreto lei 11/2022, o custo dos billetes aboados coas tarxetas TMG e TMGXN reduciuse para os usuarios, posto que a Xunta de Galicia vén aplicando un desconto adicional, ampliando ata o 50%, con fondos propios, o inicial 30% promovido polo Estado.

Por este motivo as compensacións por TMGXN redúcense se as comparamos co período anterior, aínda que é importante indicar que os concesionarios seguen cobrando o importe íntegro da tarifa.

Pódese comprobar na táboa que no período que comprende a memoria houbo **máis de 5 ,8 millóns de viaxes pagadas con tarxeta TMGXN.**

A retribución pola aplicación da tarifa Xente Nova nos servizos de transporte público ascende a un total de 4,8 millóns de euros entre xullo de 2022 e xuño de 2023.

Durante o período que comprende a memoria, entre xullo de 2022 e xuño de 2023, as Compensacións polo uso da TMGXN que foron aboadas pola Administración ascenden a

4,8 millóns de euros

6.1.5. Compensacións extraordinarias

A maiores dos ingresos anteriormente mencionados, destaca o feito de que, durante o período que comprende a memoria, **os concesionarios recibiron unha serie de compensacións extraordinarias por parte da Administración como consecuencia da situación provocada pola excepcional alza do prezo do gasóleo e de diferentes partidas de custos vinculadas directamente cos servizos públicos de transporte**, entre xullo de 2022 e xuño de 2023.

Aínda que non forman parte do financiamento regular do sistema, é necesario ter en conta esas achegas debido a que se destinan a compensar con carácter extraordinario o déficit de prestación do servizo causado por circunstancias sobrevindas.

Entre **xullo de 2022 e xuño de 2023,** a Xunta de Galicia concedeu compensacións extraordinarias ao sector do transporte público por valor de máis **de 10 millóns de euros** para facer fronte ao aumento dos custos do gasóleo e a otras partidas de custo

Estas liñas de axuda expóñense de forma detallada no apartado 8 desta memoria.

6.2. Recaudación dos concesionarios

O PTPG finánciase en gran medida pola Administración, neste caso, a Xunta de Galicia, a través das compensacións necesarias para cubrir os custos de explotación, como se explica nos apartados anteriores. Con todo, nos ingresos de explotación dos concesionarios non é menos importante **a recadación polas viaxes realizadas por parte das persoas usuarias**, que representa unha parte do financiamento do sistema de transporte público de Galicia.

Os ingresos percibidos directamente das persoas usuarias divídense en dúas partidas:

- **Recadación por viaxes:** son os ingresos que percibe o concesionario pola venda de billetes directamente ás persoas usuarias, mediante a aplicación do réxime de tarifas previsto no Proxecto de Explotación e de acordo co que se indique no Prego de Condicións, ben sexan aboadas integramente polas persoas usuarias en efectivo, ou ben aplicando o importe que corresponda ao seu pago con tarxeta TMG.

ANO	MES	RECAUDACIÓN POR VIAXES
2022	xullo	2.621.664,95 €
	agosto	2.667.417,64 €
	setembro	2.974.086,43 €
	outubro	3.104.858,59 €
	novembro	2.921.728,32 €
	decembro	2.520.199,38 €
2023	xaneiro	2.642.396,31 €
	febreiro	2.645.558,13 €
	marzo	3.198.451,39 €
	abrio	2.843.964,44 €
	maio	3.205.243,22 €
	xuño	3.262.120,96 €
Total período 2022 - 2023		**34.607.689,77 €**
Total período 2021 - 2022		**24.092.161,50 €**
% Variación		**43,65%**

Cabe destacar que a recadación por viaxes mantén unha tendencia á alza neste período pola progresiva recuperación da demanda tras a fin das restricións de mobilidade relacionadas coa COVID-19 e a volta á actividade e atención presencial en distintos ámbitos. Así, os ingresos por recadación dos concesionarios aumentaron máis dun 43% respecto ao período anterior polos billetes vendidos.

- **Recadación por comercialización de bonos.** Son os ingresos que percibe a empresa concesionaria pola venda dos títulos de viaxe bonificados previstos no Proxecto de Explotación de cada concesión e os incluídos na súa oferta comercial.

ANO	MES	RECAUDACIÓN POR VENDA DE BONOS
2022	xullo	82.890,10 €
	agosto	85.265,85 €
	setembro	55.616,92 €
	outubro	52.914,31 €
	novembro	32.632,85 €
	decembro	22.963,96 €
2023	xaneiro	50.473,84 €
	febreiro	47.387,20 €
	marzo	33.703,24 €
	abril	38.269,10 €
	maio	51.772,17 €
	xuño	28.827,84 €
Total período 2022 - 2023		**582.717,38 €**
Total período 2021 - 2022		**1.162.434,05 €**
% Variación		**-49,87%**

O valor da recadación por venda de bonos do período da actual memoria redúcese respecto do período da memoria anterior debido á aplicación de descontos do 50% sobre o custo dos bonos, coa entrada en vigor do Real decreto lei 11/2022 a partir de setembro do 2022. É importante indicar que os concesionarios seguen cobrando o importe íntegro dos bonos comercializados.

Existe unha variación significativa nos bonos vendidos en función do número de días do mes ou por períodos festivos, como en febreiro ou abril, xa que existen distintas tipoloxías de bonos atendendo ao número de viaxes (Bonos 10 viaxes, Bonos 20 viaxes, Bonos 30 viaxes, etc.).



Entre xullo de 2022 e xuño de 2023, os concesionarios recadaron **máis de 35,1 millóns pola venda de billetes e bonos**

6.3. Canon de concesión

Existen determinadas concesións que **son rendibles por si mesmas, é dicir, que a recadación obtida por parte das persoas usuarias cobre os custos da explotación.** Por tanto, esas concesións (XG623, XG635, XG802, XG817 e XG843) non reciben compensacións por COSP.

Ademais de cubrir custos, nalgunhas delas a recadación percibida permite ter beneficios, o que dá lugar á obriga por parte do concesionario do pago do **canon de concesión** á Administración. **Nesta situación atópanse catro dos 127 contratos de concesión.**

As 4 concesións do PTPG que deben aboar canon de concesión anual son:

XG623:	con un canon de 62.436,08 € por año.
XG635:	con un canon de 57.953,26 € por año.
XG802:	con un canon de 95.041,51 € por año.
XG817:	con un canon de 331.785,92 € por año.

Por tanto, a Xunta de Galicia recibe por parte dos concesionarios unha cantidade **duns 550.000 euros ao ano** en concepto de canon de concesión, que equivale apenas a un 0,7% do investimento que realiza a Administración no financiamento do sistema.

A Administración recibe dos concesionarios **uns 550.000 euros ao ano en concepto de canon de concesión**, que representa apenas un 0,7% en comparación coas compensacións que destina ao mantemento do sistema.

6.4. Resumen de financiamento do sistema

Como se viu, o financiamento do sistema de Transporte Público por estrada **é posible grazas ás achegas por parte das persoas usuarias por cada viaxe e, por outra banda, como se comenta en apartados anteriores, a través das compensacións da Xunta de Galicia.**

A continuación, móstrase un cadro resumo coas cantidades indicadas ao longo deste capítulo.

FINANCIACIÓN DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA	IMPORTE TOTAL PERÍODO XULLO 2022 A XUÑO 2023	IMPORTE TOTAL PERÍODO XULLO 2021 A XUÑO 2022
Compensacións por obligación do servizo (COSP)	45.655.490,27 €	48.195.202,42 €
Pago por reserva de plaza de escolares (CURP)	17.686.471,84 €	17.471.128,59 €
Compensación tarifaria por ATM	6.183.421,48 €	4.477.612,42 €
Bonificación por uso da TMGXN	4.795.182,44 €	6.839.017,77 €
Recaudación por viaxes e comercialización de bonos	35.190.407,14 €	25.254.595,55 €
Total período	**109.510.973,17 €**	**102.237.556,75 €**
% Variación	**7,11%**	

Cabe destacar o importante incremento do 7,11 % do custo global do sistema con respecto ao período analizado na memoria anual do PTPG do ano anterior, así como de cada unha das partidas destinadas ao financiamento.

Son especialmente relevantes as variacións nas partidas relacionadas co uso do transporte público. Neste sentido, o aumento da compensación tarifaria por ATM, cun crecemento superior ao 38%, resulta moi indicativo.

Tamén é significativo o crecemento na recadación por viaxes e venda de bonos, case do 40%, que reflicten a progresiva recuperación da demanda do transporte público durante este período.

Doutra banda, as administracións locais de Galicia tamén participan no financiamento do sistema de Transporte Público por estrada de forma adicional, mediante a firma de diferentes convenios entre as mesmas entidades locais e a Xunta de Galicia para a posta en marcha de Servizos de Interese Municipal (SIMU), cuxos sobre custos nas concesións do PTPG son financiados ao 100% polas propias entidades locais. De forma concreta, durante o período de análise, activouse o SIMU de Nigrán, que se suma aos que xa se atopaban vixentes, dos concellos de Ames, Arteixo, Oleiros, Pontevedra, Culleredo, Cambre e Teo.


AG-552
CARBALLO
AG-55
A Coruña
Fisterra
70
BUS



7

CALIDADE DO SISTEMA

O funcionamento do servizo de transporte interurbano concéntrase nun elevado número de contratos de concesión diferentes, prestados por diferentes concesionarios, que conectan toda a comunidade galega entre si. **Este funcionamento require dun intensivo labor de seguimento e control da calidade do sistema.**

Unha vez máis, a Dirección Xeral de Mobilidade planificou **a realización cada ano dunha campaña de traballos de campo dirixidos á verificación da prestación dos servizos de transporte e á análise da calidade destes**, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos no transcurso dos contratos de concesión.

Os resultados obtidos expóñense nunha memoria de calidade anual, de forma que se pode realizar un seguimento da evolución ao longo do tempo.

Para a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade esta memoria dos traballos reviste un interese especial, xa que destaca a fortaleza do Plan de Transporte Público de Galicia, o mesmo que transformou a mobilidade da comunidade por medio de 127 concesións.

Cabe destacar que é **a terceira vez que se executa na Comunidade Autónoma de Galicia unha campaña de traballos de campo** dirixidos a medir a calidade dos servizos de transporte interurbano en todo o territorio, tras a medición levada a cabo os anos pasados.

7.1. Descrición e obxectivos dos traballos de campo

A **campaña de traballos de campo** desenvolveuse entre o 19 de setembro e o 23 de novembro de 2023, aínda que forme parte do balance de actividade presentado dentro do período desta memoria.

O desenvolvemento dos traballos de campo foi estruturado en catro **liñas de investigación:**

- **Enquisas de calidade en servizos xerais.** Teñen como obxectivo obter unha valoración subxectiva por parte das persoas usuarias do transporte en liñas non compartidas sobre distintos aspectos que caracterizan o servizo. Esta investigación permitiu analizar, por variables, a súa evolución e achegar información de axuda para a definición de medidas de mellora da calidade do servizo.
- **Observacións de verificación en servizos xerais e compartidos (Cliente misterioso).** Achegan unha valoración técnica de distintos aspectos dos servizos mediante verificacións "in situ" de persoal formado. Do mesmo xeito que a investigación anterior, o obxectivo final é contar cunha medición periódica de devanditos aspectos que axuden á toma de decisións, asegurándose desta maneira o cumprimento da oferta.
- **Enquisas a centros escolares con servizos compartidos.** Permiten coñecer a valoración que os responsables dos centros escolares manifestan sobre determinados aspectos do servizo e identificar aquelas cuestións que deban ser obxecto de mellora.

	Enquisa de calidade do servizo	13.200 Enquisas	Presenciais. A bordo e en punto de parada	Satisfacción co servizo. Perfil de uso e caracterización de persoas usuarias
	Verificacións do servizo. Cliente misterioso	1.793 observacións	Presenciais. A bordo e en punto de parada	Cumprimento da oferta e calidade percibida.
	Enquisas de calidade en centros escolares	285 Enquisas	Online	Calidade dos servizos integrados
	Enquisas a persoas NON usuarias	422 Enquisas	Telefónicas	Grao de coñecemento do sistema, percepción e motivos de non uso.

- **Enquisas a persoas non usuarias.** O principal obxectivo é coñecer as razóns polas que as persoas non usuarias non contemplan o uso do transporte público (cobertura da rede, falta de información, etc.).

Como mellora engadida con respecto á campaña dos traballos de campo do 2022, realizouse unha análise específica das liñas baixo demanda para avaliar o estado de dita modalidade, que foi concibida para mellorar a conexión co rural galego. Actualmente existen máis de 2.200 liñas a

demanda en Galicia, con máis de 760.000 servicios prestados deste modo. Tamén, realizáronse enquisas nas 53 comarcas existentes en Galicia.

A información recompilada en cada liña de investigación foi trasladada a unha base de datos e, unha vez tratados, os resultados obtidos por cada liña de investigación analizáronse e incorporáronse a un informe de calidade do que damos conta neste capítulo. O mantemento das mesmas liñas de investigación e os seus criterios permite comparar os resultados dos aspectos máis relevantes cos traballos de campo do ano anterior.

7.1.1. Enquisas de calidade

A **avaliación da satisfacción do cliente** é xa habitual na xestión diaria dos servizos de transporte. A norma ISO 9001 inclúe **a avaliación da satisfacción do cliente** como requisito e o modelo EFQM de Calidade e Excelencia considérao o criterio de maior peso específico.

A **satisfacción do cliente constitúe unha indicador clave** para avaliar o desempeño global da organización e analizala axuda a crear unha cultura de mellora continua da xestión. Unha **enquisa de calidade de servizo** ben deseñada e realizada, incluíndo a análise e interpretación de resultados, pode proporcionar información útil das necesidades e expectativas de clientes ou persoas usuarias do transporte.

Obtívose **unha mostra de 13.200 enquisas válidas** a través de consultas presenciais nas paradas ou a bordo dos autobuses interurbanos en toda Galicia. Unha vez realizadas as enquisas de calidade en servizos non compartidos, calculouse o **Índice de Satisfacción do Cliente (ISC)**, que **é o indicador comunmente empregado para medir o nivel de satisfacción** e así obter información para coñecer as debilidades e puntos fortes do servizo, determinando aquelas liñas de actuación deseñadas para mellorar a experiencia de uso.

Para **a obtención do ISC** deben, en primeiro lugar, determinarse todos os aspectos que se consideren necesarios para a descrición do servizo. Nos traballos de campo definíronse 15 aspectos distintos que avaliaron tanto a rede, como a comodidade e os horarios dos autobuses, entre outras cuestións.

Para cada un destes aspectos rexistrouse a valoración que realiza o cliente dese aspecto



e a importancia que ten ese aspecto na prestación do servizo.

Unha vez determinada esta información ao longo dun proceso de enquisado sobre as persoas usuarias do sistema, pódese achar o Índice de Satisfacción do Cliente.



Doutra banda, como se viu anteriormente, **a valoración é un factor fundamental para o cálculo do ISC.** Tras a extracción dos datos de valoracións de todas as persoas enquisadas, foi necesario levar a cabo algunhas correccións para poder contar con datos válidos para o cálculo, pois se rexistraron resultados do tipo NS/NC, o que imposibilitaría calcular o ISC desa persoa e á súa vez o ISC de todo o aspecto, ou na súa falta, impediría contar coa valoración desa persoa usuaria.

Para evitar isto recorreuse a unha solución habitual en ciencia de datos como é a substitución dos valores inválidos polos valores medios de cada aspecto.

- En primeiro lugar, fíltrase para cada aspecto aqueles rexistros válidos.
- En segundo lugar, calcúlase a media destes valores.
- En terceiro lugar, elimínanse os valores NS/NC.
- Por último, substitúense os rexistros ausentes por ese valor medio.

Desta forma obtivéronse as valoracións utilizadas.

Outra variable fundamental no cálculo do ISC é a importancia. Durante a recompilación da información detectouse que as persoas enquisadas tiñan dificultades para determinar como de importante era cada aspecto durante o servizo. Isto alargaba a duración das entrevistas e resultaba pouco práctico.

Por este motivo, preguntouse pola importancia a algo máis da metade das persoas participantes na consulta, **8.323 das 13.200 enquisas de calidade realizadas**, e utilizáronse os valores de importancia rexistrados para estimar a importancia xeral do aspecto.

Esta técnica pode realizarse considerando o tamaño da mostra, pois a partir de certo número de mostras e considerando a modelo aleatorio co que se realizaron as enquisas, os resultados terminarán converxendo cara a un valor medio, o que permitiría considerar como válida esta aproximación.

Esta aproximación do valor da importancia realizouse calculando a importancia media para cada concesión, a fin de obter uns resultados máis axustados ao servizo prestado.

Polo tanto, o proceso dos traballos de campo para determinar a calidade dos servizos foi o seguinte:

- En primeiro lugar, enquisouse aos **13.555 participantes**, preguntando a 8.517 deles pola importancia dos aspectos.
- En segundo lugar, agrupáronse os datos por concesións e calculouse a importancia media de cada aspecto para cada concesión.
- Por último, **asignouse esta importancia calculada de cada aspecto** a aquelas enquisas nas que non se recompilou a información da importancia.

7.1.2. Cliente misterioso

A técnica do cliente misterioso (máis coñecida polo seu nome en inglés: *mystery shopping*) **persegue verificar o cumprimento dos estándares de calidade de calquera actividade mediante as impresións percibidas por persoal cualificado** que, de forma anónima, faise pasar por cliente do servizo a valorar.



Deste xeito, a Xunta de Galicia recorreu a este tipo de investigación co **obxecto de avaliar determinados aspectos funcionais do servizo prestado obtendo un reflexo da imaxe proxectada ao cliente**, podendo determinar así as pautas a seguir para mellorar a percepción das persoas usuarias do servizo.

Obtívose **unha mostra de 1.793 observacións válidas, entre os días 19 de setembro e o 23 de novembro de 2023.**

A metodoloxía empregada para estes traballos de campo foron observacións a bordo dos autobuses e nas paradas por parte de persoal cualificado para realizar a investigación, de forma totalmente anónima, facéndose pasar por unha persoa usuaria xeral do servizo a valorar.

Con esta investigación, realizouse **o cálculo da porcentaxe de cumprimento do servizo**, dato moi importante para a Administración e a calidade dos servizos do PTPG.

En función da calidade que se estea observando tomáronse os valores extremos de 0 e 1, e dependendo do número de estados contemplados polo atributo observado vaise a engadir posibles respostas comprendidas entre os valores extremos (1 ou 0) para abarcar o abano de posibilidades. É dicir, si está a considerarse ben, regular e mal, ben tomaría o valor 1, regular o valor 0,5 e mal tomaría o valor 0.

Con estes datos recompilados, debe acordarse previamente en que horizonte se empezará a contabilizar os valores como Observacións positivas, pois isto **influiría enormemente na porcentaxe de cumprimento.** Esta clasificación realizouse para cada un dos atributos avaliados en función das súas características.



Polo tanto, o procedemento seguido é o seguinte:

- En primeiro lugar, obtéñense os datos como se indicou clasificándoos entre 0 e 1.
- En segundo lugar, calcúlase a porcentaxe de cumprimento para cada atributo como o cociente entre as observacións positivas e o total de observacións.
- Por último, o cumprimento total calcúlase a media das porcentaxes de cumprimento para todos os atributos relacionados cun aspecto do servizo.

Como exemplo, **no seguinte gráfico pódese apreciar que diversos atributos obteñen as súas correspondentes porcentaxes de cumprimento**, e que para coñecer a porcentaxe de cumprimento dun aspecto do servizo realizouse a media entre estes valores.



7.1.3. Enquisas a centros escolares

De forma análoga á valoración da calidade do servizo percibida polas persoas usuarias dos servizos de uso non compartido, buscouse nos traballos de campo **coñecer a avaliación dos servizos compartidos por parte dos centros escolares que fan uso dos mesmos.**



Para o desenvolvemento desta liña de investigación, que **permite coñecer a valoración que as persoas responsables dos centros escolares manifestan sobre determinados aspectos do servizo e identificar aquelas cuestións que deban ser obxecto de mellora**, escolleuse a enquisa auto administrada porque é a máis operativa para cubrir por parte dos centros escolares, xa que permite á persoa participante completar o cuestionario cando e onde queira, o que favorece o grao de participación; e doutra banda, as enquisas online incorporan instrucións precisas para a o enchido dos datos, o que proporciona unha mellor calidade da información.

O elevado número de centros escolares que hai en Galicia aos que o PTPG dá servizo a través de máis de 2.250 liñas integradas, o 65% das liñas totais existentes en Galicia, fixo indispensable que se incluíse unha metodoloxía particular para recoller as opinións sobre a calidade destes servizos, sen interferir na súa prestación.

Nas enquisas dirixidas á valoración dos servizos de transporte compartido por parte dos centros escolares, analizáronse globalmente diferentes parámetros, tanto a nivel individual como agrupados en categorías, de modo que se cuantificaron o grao de cobertura e uso efectivo do servizo nos centros, así como o grao de cumprimento e o grao de seguridade e comodidade percibidos dos servizos, entre outros aspectos, como a satisfacción co sistema tecnolóxico de reserva de praza.

Obtívose unha mostra de **285 enquisas válidas**, de 457 centros escolares existentes en Galicia, o que implica unha participación do 62,3%.

A ferramenta utilizada para o desenvolvemento da investigación foi unha **plataforma web** cun cuestionario tipo para todos os centros escolares de Galicia. O traballo de campo desenvolveuse entre **o 2 e o 31 de outubro de 2023**, tendo en conta a planificación levada a cabo.

7.1.4. Enquisas a persoas non usuarias

A investigación realizada nos traballos de campo relacionada coas **persoas non usuarias do transporte público** desenvolveuse **co obxectivo de detectar as causas de non uso do transporte público e poder incidir nelas.**

Para iso realizouse unha enquisa para coñecer o perfil das persoas non usuarias e poder determinar accións que motiven a elección do autobús como modo de transporte.

Dado o específico do obxecto do estudo a realizar, coñecer os motivos de non uso do transporte público en Galicia, **a enquisa telefónica considerouse a opción máis adecuada.**

Naquelas liñas de investigación nas que o perfil da persoa enquisada debe reunir determinadas características para cumprir cos obxectivos do estudo, as enquisas telefónicas permiten seleccionar a mostra a nivel xeográfico e establecer filtros a modo de pregunta para delimitar a procura da mostra por parte quen realiza a enquisa.

Obtívose **unha mostra de 422 enquisas válidas** a persoas non usuarias, obtendo como mínimo 50 enquisas en ámbito rural e 50 en ámbito urbano/metropolitano para cada unha do catro provincias galegas.

O servizo de transporte de Galicia trata de atraer ao maior número de usuarios/as para resultar unha alternativa útil e accesible para o conxunto da cidadanía, pero non sempre é posible resultar a principal opción de transporte para toda a poboación. Como consecuencia, para garantir que a rede de transporte evoluciona para ofrecer un servizo máis inclusivo e satisfactorio para todos, é necesario analizar aquelas razóns polas que as persoas non usuarias do transporte público deciden facer uso doutros medios de desprazamento.

A investigación tivo lugar entre **o 2 e o 31 de outubro de 2023**, realizando a programación das enquisas entre o 25 e o 29 de setembro previamente.

A ferramenta utilizada para o desenvolvemento da investigación foi un programa Integra CATI cun cuestionario tipo para todas as persoas non usuarias, e a metodoloxía a seguir foi a de enquisas telefónicas asistidas por computador, a través da ferramenta mencionada.



7.2. Resultados dos traballos de campo

7.2.1. Enquisas de calidade

A avaliación da satisfacción do cliente é xa habitual na xestión diaria dos servizos de transporte. Esta investigación permitiu analizar, por variables, a súa evolución e achegar información de axuda para a definición de medidas de mellora da calidade do servizo.

As **conclusións dos resultados obtidos da explotación das enquisas de calidade en servizos non compartidos** foron as seguintes:

En canto á caracterización das persoas usuarias do transporte público e das viaxes realizadas:

- Obsérvase que **3 de cada 5 persoas usuarias son mulleres**. Non obstante, non existen diferenzas destacables na valoración do servizo en atención a esta variable, **resultando practicamente igual de satisfeitos homes** (7,67/10) **e mulleres** (7,66/10).

- **Máis do 50% das viaxes realizadas este ano realízanse por motivos de estudos ou traballo, é dicir, desprazamentos obrigados**. As persoas usuarias que **mellor valoran os servizos** do transporte público son aquelas persoas que viaxan para ir de lecer, seguido das que viaxan por visitas ou compras. Pola contra, as persoas que expresan unha satisfacción comparativamente menor cos servizos son aquelas que acoden a traballar, xunto coas que van a estudar.



- Para o 53,9% das persoas usuarias **o autobús é o seu medio de transporte principal**, mentres o outro 46,1% das que fan uso do transporte público en Galicia dispoñen, ademais, doutras alternativas para os seus desprazamentos, como pode ser o coche ou a moto.

O nivel de satisfacción xeral co servizo varía entre os distintos grupos de idade:

- As persoas usuarias maiores de 65 anos é **o colectivo máis satisfeito co servizo**, é dicir, **os xubilados, seguido dos estudantes**.

- Asemade, as boas valoracións do servizo por parte do grupo de usuarios/as de menos de 21 anos pode estar relacionado coas tarifas da **TMG Xente Nova** que permite a aplicación a este colectivo de bonificacións do 100%.

- Para aumentar a satisfacción das persoas usuarias, prioritariamente do resto de franxas de idade, recompiláronse as valoracións das persoas usuarias tomando como base a matriz estratéxica determinada (que se explica a continuación). Entre elas, as persoas usuarias

contemplaron como **melloras prioritarias** aspectos como o estado das paradas, a información sobre o servizo, a limpeza dos vehículos e a localización das paradas. O estado / imaxe do vehículo indícase como **melloras secundarias**.



- Os resultados da campaña de campo mostran que os aspectos mellor valorados polas persoas usuarias son **o prezo da viaxe, a duración da viaxe e a puntualidade** que, á súa vez, é un criterio que os usuarios/as outorgan unha elevada importancia xunto á **localización das paradas**. Con respecto ao prezo da viaxe e no contexto actual de inflación, as estratexias en política tarifaria poden favorecer o uso de transporte público tras a evolución á alza do custo doutros medios de transporte alternativos.

- Grazas ás bonificacións e os descontos que leva **o uso da TMG e da TMGXN**, o pago en efectivo decreceu con respecto ao ano pasado, sendo utilizado no 24,1% das viaxes polas persoas enquisadas. Non obstante, o 70 % das viaxes son pagadas con tarxeta TMG ou TMGXN, o que supón un incremento de 20,7 puntos respecto á campaña anterior. O uso da tarxeta ten unha maior penetración dependendo a franxa de idade das persoas usuarias, **sendo utilizada en maior medida polos usuarios/as menores de 21 anos**. Aínda así, entre as persoas usuarias maiores de 65 anos experimentou o maior incremento de uso deste medio de pago, cun aumento dun 30% aproximadamente con respecto á campaña anterior. Por outro lado, ponse de manifesto **o descoñecemento das bondades das tarxetas por parte do 25,6%**



dos viaxeiros/as, os cales descoñecen a TMG ou TMGXN como método de pago. Esta porcentaxe reduciuse con respecto á campaña do ano pasado, que o 47,5% dos viaxeiros/as descoñecían este medio de pago. **Isto deixa ver importancia da promoción entre a cidadanía dos medios de pago dispoñibles e as súas vantaxes**, así como as actuacións dirixidas a optimizar a comodidade de operación e recarga das devanditas tarxetas.

- En termos xerais, pódese considerar **a utilización da tarxeta, ben sexa TMG ou TMGXN, un medio de pago con boa aceptación entre as persoas usuarias**, con valoracións positivas no 97-98% dos casos nos que se utiliza, incrementando positivamente a valoración con respecto á campaña do ano pasado.



- En canto ao **medio de acceso á información sobre os servizos**, convén diferenciar entre as persoas usuarias que coñecen a oferta por un uso habitual dos servizos e o resto de persoas usuarias, que coñecen a oferta por medio doutras vías. Neste segundo grupo, as consultas ao respecto realízanse maioritariamente a través de medios electrónicos: a páxina web das empresas titulares das concesións ou polos servizos web postos a disposición pola administración. Cabe destacar o impacto crecente das canles de información habilitados pola Xunta de Galicia, como son a páxina web www.bus.gal e a APP Transporte Público de Galicia. **O 75,4% das persoas usuarias enquisadas declaran estar satisfeitas en maior ou menor medida coa evolución a formato dixital da información.**

- Determinouse un **Índice de Satisfacción do Cliente (ISC) global de 7,65**, o que en transporte público se revela como **unha valoración alta** e similar á obtida na campaña de campo do ano anterior, sendo nas provincias de Ourense e Lugo onde mellor valoran os servizos. Ademais, **as persoas usuarias recomendarían o servizo cunha probabilidade media do 77,2%**. Aínda que se obtivo unha porcentaxe en liña co obtido o pasado ano, é oportuno destacar a influencia da meteoroloxía nos resultados desta campaña, por ser esta realizada en tempada de outono, cando a anterior se realizou no verán. Ademais, tamén influíu un aumento do 20% na demanda de transporte público con respecto ao ano anterior.

Obtívose un **Índice de Satisfacción do Cliente (ISC) global de 7,65**, o que en transporte público se revela como unha **valoración alta**, e unha **probabilidade de recomendar o servizo do 77,2%**; resultados similares á campaña de campo levada a cabo o ano pasado.

7.2.2. Cliente misterioso

Co obxecto de avaliar determinados aspectos funcionais do servizo prestado, obtendo un reflexo da imaxe proxectada ao cliente, aplicouse **a técnica do cliente misterioso** para verificar o cumprimento dos estándares de calidade do transporte público de Galicia mediante as impresións percibidas por persoal cualificado. Dita investigación achega unha valoración técnica de distintos aspectos dos servizos mediante verificacións "in situ" de persoal observador previamente formado.

As **conclusións dos resultados obtidos da explotación dos cuestionarios do cliente misterioso** arroxaron os seguintes resultados:



- As verificacións do servizo realizadas reflicten como **puntos fortes do transporte público** de Galicia **o sistema de validación do billete, a atención por parte do condutor/a, as características dos vehículos e o tipo de condución.** Todos estes aspectos mostran o empeño na prestación dun servizo atractivo e confortable para toda a

poboación, facendo que as persoas usuarias consideren o autobús como unha alternativa á hora de planificar unha viaxe.

- Con respecto á puntualidade na parada, a valoración obtida é dun 60,7%. Se comparamos os resultados co ano pasado, débense ter en conta os cambios experimentados tanto na contorna na que se produce a explotación, cun incremento dos niveis de tráfico, como na operación, cunha subida no número de viaxeiros do 20% con respecto ao ano anterior. Isto fai que as opinións recollidas sexan representación dun maior número de persoas usuarias.



- En comparación coa campaña do ano pasado, aspectos relacionados coas **paradas e a validación do billete** son os que rexistran unha maior mellora, derivada das actuacións postas en marcha pola Xunta de Galicia. O resto do aspectos, aínda que non contan con melloras respecto ao ano pasado, **mantéñense en valores similares.**

- Con respecto á **información dispoñible para o público** en paradas e autobuses, a fixación de carteis informativos permite que as persoas usuarias dispoñan da información actualizada da oferta de servizos.

Os **puntos fortes do transporte público de Galicia**, destacando coa mellor valoración, son o sistema de validación do billete, o aspecto e atención do condutor/a e o bo aspecto exterior e interior do autobús, factores que derivan consecuentemente nunha **alta puntuación da seguridade do viaxeiro/a**.

- Os puntos de parada son elementos fundamentais da rede de transporte e deben cumprir a súa funcionalidade. Como punto de acceso á rede unha parada debe ser visible e estar ben sinalizada, así como servir de soporte para a distinta información do servizo que precisen as persoas usuarias; ademais, na medida do posible, debe dar refuxio aos viaxeiros no tempo de espera ante as inclemencias do tempo e resultar confortables. En base aos valores obtidos para os distintos atributos observados, **a valoración media do estado das paradas sitúase nun 64,1%, existindo marxe de mellora da rede. Esta valoración global positiva é superior á indicada no ano 2022, 63,2%.** A Xunta de Galicia promove o acondicionamento dos puntos de parada e a renovación das marquesiñas en todo o sistema de transporte interurbano de Galicia.

- En canto á valoración da facilidade das persoas usuarias ao momento de validar a viaxe con independencia do soporte utilizado, reflíctese que a nivel global case toda a frota observada (o 99,4%) dispón de canceladora, e tamén que os usuarios que utilizan a tarxeta realizan esta validación correctamente nun 96,2%. En conxunto, **obtense unha valoración media do 98,0%**.



- En conxunto, determinouse un **cumprimento total do servizo do 83,3%%** para o global da rede na campaña deste ano. Aínda que este nivel de cumprimento pode considerarse positivo en materia de calidade, a Administración está a definir accións dirixidas á **mellora de cuestións relativas á puntualidade, o estado das paradas e a dispoñibilidade da información**, accións entre as que destaca especialmente a optimización do **Sistema de Axuda á Explotación**, co que se ofrecerá unha información completa e en tempo real ás persoas usuarias, á vez que facilitará un seguimento detallado do cumprimento de horarios. Obsérvase que **Ourense é a que obtén o maior grao de cumprimento** cun 84,7% (1,4 puntos por riba da media galega) sendo A Coruña a de menor valoración cun 82,0% (1,2 puntos por debaixo da media autonómica).



- Con respecto da análise específica dos **servizos baixo demanda de Galicia**, observouse que, durante o proceso de reservar o servizo de forma telefónica, o tempo de espera foi nulo ou de un minuto no 73% dos casos e, no 97%, a reserva realizouse nunha chamada única. En canto ao proceso de reserva telemática, **esta realizouse nun 86% dos casos sen incidencias. A valoración global do servizo acada moi boa puntuación, concretamente do 9,7 sobre 10.**

7.2.3. Enquisas a centros escolares

Co obxecto de **coñecer a valoración que os equipos responsables dos centros escolares manifestan sobre determinados aspectos do servizo e identificar aquelas cuestións que deban ser obxecto de mellora** realizáronse enquisas aos mesmos para verificar a calidade dos servizos integrados.

As **conclusións dos resultados obtidos da explotación das enquisas a centros escolares con servizos integrados** foron as seguintes:

- Os datos recollidos amosan que o servizo de transporte escolar ten unha **boa valoración por parte dos centros educativos**, sendo os factores chave **a satisfacción co sistema de reserva de prazas, a condución, a limpeza e o persoal adscrito**; destacando por riba de todos **a atención do persoal condutor e acompañante xunto co sistema de reserva de prazas**. Algúns aspectos como **a puntualidade** do servizo ou **a capacidade dos vehículos** perden calidade con respecto ao curso anterior, aínda que a puntualidade por exemplo foi valorada positivamente por un 71,9% dos centros educativos.

- Destaca a porcentaxe de uso dos usuarios/as que están inscritos no servizo de transporte, **chegando case a un 100% de uso**, e para aquel alumnado que non o utiliza, indícanse como razóns **a preferencia polo uso do vehículo privado e a comodidade**. Existen 123 centros escolares con usuarios excepcionais, dos cales 38 indican que lle gustaría recoñecer a estes usuarios/as, é dicir, **1 de cada 3 centros escolares.**





- A satisfacción na prestación dos servizos integrados podería potenciarse con actuacións **na funcionalidade do sistema de reserva de prazas** e na **definición de rutas e horarios,** resumíndose na mellora de rutas con duración moi altas ou que teñen horarios xustos para a entrada ou saída dos centros, así como **o proceso de alta de novas paradas** que consideran máis lento que no pasado.

- **O sistema de xestión de praza** recibiu unha valoración positiva no 76,1% dos casos. **Practicamente 4 de cada 5 centros está satisfeito co sistema**, e estase mellorando cun proceso de integración da plataforma Transporte Escolar en OTRANS. Os centros escolares que valoran de forma satisfactoria o sistema tecnolóxico de reservas de praza afirman que **é un mecanismo sinxelo, rápido e intuitivo.**

- Dentro dos aspectos contemplados nas cuestións para a **mellora do servizo**, menciónanse **a identificación do alumnado** (para garantir o control do colectivo estudantil a diario, así como en caso de accidente) e **o seguimento do traxecto do autobús a tempo real**. Estas iniciativas, ao igual que no curso anterior, **contan con gran apoio por parte dos centros**, valorándoas positivamente no caso da identificación nun 63% dos centros, e no caso do seguimento en tempo real nun 55% dos centros.



- O **transporte compartido ofrece un servizo de calidade**. As incidencias incrementáronse con respecto ao curso pasado, pasando dun 16,7% a un 37,5%, se ben a data de realización da campaña non é a máis adecuada por ser inicio de curso onde as rutas se están modificando a diario polo incremento de alumnos ás mesmas ou resolución dos conflitos no servizo. Non obstante, incrementouse positivamente a valoración da resolución das mesmas, pasando dun 50% a un 63,3%, polo que o transporte compartido ofrece un servizo de calidade.

7.2.4. Enquisas a persoas non usuarias

Co **obxecto de detectar as causas de non uso do transporte público por parte da cidadanía en Galicia e poder incidir nelas**, desenvolveuse unha investigación relacionada coas persoas non usuarias a través de enquisas telefónicas. Para tal fin realizouse unha enquisa para coñecer o perfil das persoas non usuarias e poder determinar accións que motiven a elección do autobús como modo de transporte.

Estas foron as principais **conclusións obtidas tras a análise dos resultados obtidos das enquisas a persoas non usuarias do transporte público:**

- A **ausencia de transporte público,** xunto con razóns de **comodidade**, **a baixa frecuencia dos servizos ou a non adecuación de horarios** coas necesidades das persoas entrevistadas constitúen as razóns principais da súa non utilización. Os motivos atribuídos á oferta de transporte poden deberse a unha ausencia ou inadecuación real do servizo ou ao descoñecemento dos servizos actuais de transporte público.

- Os datos mostran que a **ausencia de transporte público** é máis influente na contorna rural en comparación coa contorna urbana/metropolitano, onde a oferta de transporte é maior. A **comodidade** resulta influínte na contorna urbana / metropolitana, sendo o motivo principal de non uso en dito ámbito. Menciónanse tamén en ambos os dous ámbitos **a baixa frecuencia** e **a adecuación de horarios** como motivos recorrentes de non uso. Así, unha revisión de horarios podería captar a novos usuarios/as con mobilidade obrigada.



- O **prezo do título do transporte** en ningún caso parece ser un elemento disuasorio para as persoas non usuarias, poñendo en valor as actuacións en materia económica postas en marcha pola Xunta de Galicia para bonificar as tarifas do transporte público. **Este aspecto recibe boa puntuación por parte dos usuarios/as.**

- O **vehículo privado** é a **principal alternativa** aos desprazamentos en transporte público, destacándose como principais razóns para a súa utilización a comodidade e a baixa frecuencia ou inexistencia do transporte público. O 48,7% de persoas entrevistadas usaron o vehículo privado como condutoras, mentres que só o 7,0% como acompañante. Cabe destacar que **o 38,2% das viaxes realizadas polas persoas non usuarias poderían ser realizados en transporte público, pero carecen actualmente de predisposición.**





- As principais **actuacións propostas** polos entrevistados van en consonancia coas principais razóns de non uso, especialmente **o establecemento dun servizo de transporte público onde non o hai, ou a mellora das frecuencias e adecuación de horarios**.

- En todo caso, observouse que nun gran número de casos **as propostas das persoas enquisadas non teñen relación con razón de non uso indicada**, polo que a súa proposta non resolvería o problema que indican. Isto demostra que a persoa non usuaria media non coñece correctamente a oferta e condicións de prestación dos servizos de transporte público, polo que o seu descarte podería ser máis apriorístico que realmente motivado por causas concretas.

O **prezo do título do transporte en ningún caso parece ser un elemento disuasorio** para as persoas non usuarias, poñendo en valor as actuacións en materia económica postas en marcha pola Xunta de Galicia.



8

IMPACTO DE SITUACIÓNS SOBREVINDAS NO TRANSPORTE PÚBLICO

Dende o inicio do ano 2022, produciuse un incremento no prezo do gasóleo e outros custos económicos das concesións, o que repercutiu notablemente nos ingresos e nos gastos dos concesionarios.

O custo do combustible dos vehículos representa unha parte significativa dos gastos dos contratos de concesión, **especialmente o gasóleo representa aproximadamente o 15% do total dos gastos de produción, gastos xerais e gastos de financiamento que soportan as empresas concesionarias no desenvolvemento da devandita actividade.**

Coa subida a nivel xeral dos combustibles en España, o prezo marcado no momento da redacción dos proxectos de explotación quedou por baixo do gasto real para os concesionarios prestatarios dos servizos, cubrindo apenas un 65% do custo por este concepto en 2022.

Debido a toda esta situación, **a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizou unha serie de compensacións aos concesionarios para sufragar o déficit pola prestación dos servizos de transporte público por estrada.**

O aumento de prezos repercutiu en diversos gastos económicos vinculados aos servizos de transporte público. Por esta razón, a Xunta de Galicia complementou o conxunto de apoios específicos do incremento no coste do diésel, con medidas similares para mitigar o encarecemento doutros elementos dentro da estrutura de costes.

8.1. Impacto nos custos do transporte derivados da subida de prezos

A partir do primeiro trimestre de 2022 prodúcese unha nova situación de excepcionalidade para o conxunto da economía e a sociedade provocada por un progresivo incremento dos prezos dos combustibles e a enerxía no contexto do conflito bélico de Ucraína.

Nos custos de explotación, unha parte significativa dos gastos está representada polo combustible dos vehículos. Co aumento a nivel xeral do custo dos combustibles en España, o prezo marcado nos proxectos de explotación apenas cobre o 65% do gasto que actualmente teñen os concesionarios que prestan os servizos de transporte en Galicia.

Debido a esta situación, a Xunta de Galicia compensou durante o anos 2022 e 2023 ás empresas concesionarias para cubrir o déficit da prestación dos servizos de transporte público por estrada na comunidade.

En relación co aumento dos gastos no transporte público atribuíble á alza nos costes dos combustibles mencionada previamente, o Real decreto lei 11/2022, de 25 de xuño, estableceu unha previsión para o outorgamento dunha axuda directa a favor, entre outras administracións, das comunidades autónomas que presten servizo de transporte colectivo urbano ou interurbano, que se comprometan a implantar unha redución do prezo dos abonos de transporte e títulos multiviaxe, excluído o billete de ida e volta, nunha porcentaxe dun 30% respecto ao vixente á entrada en vigor da referida disposición, e para o período abarcado entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de decembro de 2022. A Xunta de Galicia adheriuse a este sistema de axudas que se mantivo vixente durante todo o período que abarca a presente memoria e ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, ademais da asignación económica destinada aos combustibles, outros elementos relacionados cos servizos de transporte colectivo tamén se viron prexudicados pola mesma causa.



8.1.1. Evolución del precio del gasóleo

O conflito armado provocado pola invasión de Ucraína por parte de Rusia trouxo consigo un escenario de incerteza na actividade económica e alterou as cadeas de fabricación e distribución de elementos. Ademais, o prezo do gasóleo no surtidor, impostos incluídos, no mes de xuño de 2022 alcanzou a cifra de 2,051 €/litro, tras aumentar un 46% o seu prezo desde xaneiro de 2022 (1,406 €/litro). No período analizado nesta memoria, desde xullo 2022 a xuño 2023, o prezo do gasóleo baixou un 27%, pasando de 1,977 €/litro a 1,441 €/litro, pero aínda se mantén por encima dos niveis rexistrados a comezos do ano 2022

Esta situación incide especialmente nun ámbito como o do transporte público por estrada, no que a participación na súa prestación de combustibles fósiles, e fundamentalmente, a do gasóleo, supón unha parte significativa, **sendo aproximadamente o 15% do total dos gastos de produción, gastos xerais e gastos de financiamento que soportan as empresas concesionarias no desenvolvemento da devandita actividade.**



Como se pode apreciar na gráfica, a liña laranxa contén o efecto da subvención estatal sobre o prezo de referencia do informe mensual do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, quedando o prezo de referencia a compensar minorado na devandita subvención. Entre os meses de abril de 2022 e marzo de 2023, o importe ascendeu a 0,20 € no litro de gasóleo. A partir de abril de 2023 e ata xuño de 2023, a subvención correspondente foi de 0,10 € no litro de gasóleo.

Nos datos obtidos no mes de xuño de 2023 apréciase como o prezo de compensación de 1,341 €/litro, unha vez aplicada a subvención estatal de 10 céntimos por litro de gasóleo sobre o prezo de referencia de xuño de 1,441 €/litro, sitúase por baixo dos límites mínimos compensables.

8.2.1. Medidas económicas

8.2.1.1. Axudas económicas á concesionarios – Orde do 31 de marzo de 2022

Debido á situación de excepcionalidade vivida polo incremento dos custos dos combustibles, ao longo do período que abarca esta memoria, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizou compensacións aos concesionarios para sufragar o déficit económico pola prestación dos servizos de transporte público por estrada.

Os proxectos de explotación das 127 concesións de transporte público interurbano contemplan unhas condicións que garanten a viabilidade da explotación nos próximos 10 anos de duración do contrato desde a súa posta en marcha en 2020.



Non obstante, a pesar de todas as medidas tomadas, a pandemia do COVID-19 mantivo un impacto significativo na mobilidade ao longo de 2021, con taxas menores de redución da demanda que as dos tempos iniciais pero, por momentos, próximas ao 50%. Desta forma, os ingresos do sistema reducíronse en consecuencia. Neste contexto, no último trimestre de 2021 e primeiros meses de 2022, cando a situación causada por esta diminución significativa na mobilidade polo transporte público e a consecuente perda de demanda do sistema no seu conxunto aínda non se reverteu por completo en condicións similares ás anteriores á pandemia, aparece unha **nova situación de excepcionalidade para a economía e toda a sociedade**, causada por un aumento progresivo dos combustibles e os prezos da enerxía, un incremento que se acentuou exponencialmente coa situación de conflito armado orixinado pola invasión de Ucraína por parte de Rusia.

Esta situación incide especialmente nun ámbito como o do transporte público por estrada, no que os custos de explotación derivados do combustible representan unha parte significativa dos gastos.

Debido a esta situación, para protexer a prestación dos servizos cunha calidade óptima e o emprego no sector, **a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade aprobou a Orde do 31 de marzo de 2022, pola que establece o procedemento para compensar ás empresas concesionarias dos servizos públicos regulares de transporte público por estrada de uso xeral de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia pola situación de excepcionalidade no exercicio da actividade.**

A Xunta de Galicia aprobou no mes de marzo de 2022 unha liña de axudas dotada con **3,5 millóns de euros para paliar o impacto da subida do carburante** no transporte de viaxeiros/as

Neste caso, foi necesario establecer unha nova liña de actuación que, nese exercicio 2022, permitira conter a incidencia do aumento indicado do diésel, garantindo a prestación do servizo de transporte público en termos adecuados de calidade para as persoas usuarias. O ámbito temporal para determinar a compensación abarca entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2022.
En febreiro **de 2023, a Xunta de Galicia promulgou unha nova orde de axudas para o período comprendido entre o 1 de decembro de 2022 e o 30 de novembro de 2023, contando cun orzamento de 3,6 millóns de euros.**

Trátase de compensacións **que se liquidan con carácter mensual**, tendo en conta o prezo medio do gasóleo no mes correspondente. Para cada contrato de concesión determinouse a incidencia que presenta o gasóleo no custo por quilómetro percorrido, tendo en conta a estrutura de custos e a oferta de quilómetros formulada polo concesionario no procedemento de licitación.

A través destas axudas, **a Xunta de Galicia inxectou case 2,2 millóns de euros de liquidez ás empresas concesionarias** ata xuño de 2023 co obxectivo de aliviar o déficit xerado polo incremento do prezo do combustible.

8.2.1.2. Descontos nas tarifas dos usuarios – Orde 30 de agosto de 2022

Relacionado co incremento de custos no transporte público derivados da subida de prezo dos combustibles comentada anteriormente, o 30 de agosto de 2022 apróbase unha Orde que regula a **implementación dunha redución adicional e temporal nas tarifas bonificadas do transporte público interurbano baixo a competencia da Xunta de Galicia.**

A Xunta de Galicia aprobou no mes de agosto unha Orde que establece unha redución adicional do **50% no prezo dos bonos mensuais e títulos multiviaxe coa intención de proporcionar unha mobilidade económica e efectiva**

Esta medida orixínase por mor do Real decreto lei 11/2022, do 25 de xuño, que estableceu a concesión dunha axuda directa ás comunidades autónomas que se comprometesen a implantar unha redución **do 30% respecto a a vixente á entrada en vigor da referida disposición nos abonos de transporte e títulos multiviaxe entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.**



Ademais, é importante destacar que este desconto aplícase tanto ás tarxetas moedeiro TMG como á TMGXN. Con todo, para manter a coherencia esencial no sistema de transporte, considerouse necesario estender este desconto a outros medios de transporte de competencia da comunidade autónoma.

Neste sentido, a Xunta de Galicia ampliou a aplicación desta bonificación temporal aos servizos de transporte marítimo que conectan Cangas e Moaña coa cidade de Vigo na ría de Vigo, así como aos servizos ferroviarios de Renfe que operan na área de transporte metropolitano (ATM) de Ferrol.

Amplía, con cargo ao seu propio orzamento, a área de aplicación da axuda aos **servizos de transporte interurbano en autobús, transporte marítimo e ferroviario nas áreas metropolitanas**

En resumo, a orde establece unha redución adicional e temporal das tarifas bonificadas no transporte público interurbano de Galicia, do 50% sobre o prezo e aplicándoo a varios modos de transporte, todo iso co fin de facilitar a mobilidade e abordar o aumento dos prezos.

Debido ao impacto positivo que esta medida tivo na mobilidade, e en consonancia co provisto no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro, a Consellería de Infraestruturas e Movilidad foi prorrogando dita medida ata o 31 de decembro 2023.

Aos nove meses de implementar este desconto do 50%, aproximadamente **o 78% dos case 18 millóns de pasaxeiros que utilizan o transporte público de competencia da Xunta beneficiáronse destes descontos**, grazas ao pago coas tarxetas TMG e TMG Xente Nova.



Estas bonificacións activas impulsaron o uso do transporte público en toda Galicia, o que resultou nun aumento do 31% no número de usuarios xerais entre setembro de 2022 e xuño de 2023 en comparación co mesmo período do ano anterior.

Aínda que a demanda recuperouse e achégase aos niveis previos á pandemia da COVID-19, aínda está un 13% por baixo deses niveis.

Durante este período, o maior aumento no número de pasaxeiros produciuse na provincia da Coruña, onde preto de 2,4 millóns máis de usuarios optaron polo transporte público en comparación co mesmo período do ano anterior. Con todo, os maiores incrementos porcentuais rexistráronse nas provincias de Lugo e Ourense, cun crecemento do 38% e o 33%, respectivamente.

A aplicación das bonificacións activas no sistema de transporte público de Galicia supuxo un **investimento público que superou os 23 millóns de euros para o período**

*O período de análise comprende de setembro do 2022 a maio de 2023.

Desta cantidade, 21,3 millóns destináronse aos descontos polo uso das tarxetas TMG e TMG Xente Nova, mentres que 1,7 millóns de euros investíronse na redución dos bonos mensuais do autobús.

A Xunta de Galicia abonou durante este período cada 15 días as compensacións ás empresas concesionarias pola aplicación directa do desconto adicional do 50% aos usuarios, anticipando tanto os importes correspondentes á comunidade autónoma como as cantidades comprometidas polo Estado.

O conxunto das vantaxes tarifarias ás que os usuarios acceden empregando as Tarxetas de Movilidad de Galicia, especialmente desde a aplicación da bonificación temporal e adicional do 50%, impulsaron o pago con estes dispositivos no autobús ata o 81% do total das viaxes, fronte ao 55% que supoñía o pago con tarxeta en agosto de 2022.

8.2.1.3. Axudas económicas aos concesionarios – Orde do 23 de xuño de 2023

Tal e como se apuntou en apartados anteriores, o conflito entre Rusia e Ucraína repercutiu nun encarecemento dos prezos da enerxía. A invasión tivo como principal consecuencia directa un aumento do prezo do gasóleo que incrementou o seu custo por litro preto dun 50% dun ano a outro, de 2021 a 2022. Aínda que este importe reduciuse posteriormente, o lixeiro descenso non mitigou os impactos negativos que a guerra causou no sistema de transporte público.

Con todo, xunto coa partida económica destinada aos carburantes, outros tantos vinculados aos servizos de transporte colectivo resultaron prexudicados polo mesmo motivo. Foi o caso dos consumibles, como a urea, ou os custos de adquisición de novo material móbil ou custos financeiros, entre outros.



Deste xeito, a subida constante de prezos afectou ao conxunto dos servizos públicos de transporte e aínda que inicialmente a Xunta de Galicia impulsou unha serie de axudas dirixidas a afrontar o incremento excepcional do prezo do gasóleo, non se contemplaron medidas análogas para atenuar o encarecemento doutros compoñentes da estrutura de custos.

Esta conxuntura económica comportou unha menor capacidade dos operadores de servizos para encarar as novas dificultades sen que estas comprometesen a adecuada prestación dun servizo público esencial, como o é o transporte colectivo de persoas viaxeiras, polo que a Administración tivo que tomar partido.

O servizo de transporte público de competencia autonómica e, por tanto, a mobilidade da poboación e o seu acceso a diferentes actividades básicas, viuse comprometido por mor dunha serie de factores. Máis aló da subida xeneralizada de compoñentes básicos para o correcto desenvolvemento do sistema, tamén se atopa a acumulación de perdas nos primeiros anos de vixencia dos contratos que afectan á xeneralidade das concesións.

A Orde da Consellería de Infraestruturas e Movilidad do 23 de xuño de 2023 estableceu o procedemento para compensar ás concesionarias dos servizos públicos regulares de transporte de viaxeiros por estrada de competencia autonómica pola situación de excepcionalidade económica no exercicio desta actividade.

Ademais, regulou un procedemento para efectuar as compensacións económicas ás empresas e UTEs de servizos públicos con cargo ao correspondente contrato de concesión.

A Orde da Consellería de Infraestruturas e Movilidad do 23 de xuño de 2023 estendeu a vixencia das bonificacións do gasóleo ata o 30 de novembro de 2024, **ademais de contemplar outras compensacións para outros compoñentes na estrutura de custos.**

Esta nova orde de axudas, dirixida ás 127 concesións do Plan de Transporte Público de Galicia, previu un tratamento diferente da partida económica asociada ao custo do gasóleo fronte ao resto de custos das concesións. Así, nesta partida mantívose a sistemática de compensacións dinámica que estableceu a Orde da Consellería de Infraestruturas e Movilidad do 23 de febreiro de 2023, que facilita que a compensación se adapte permanentemente á variable evolución deste indicador, ampliando o período de aplicación ata o 30 de novembro de 2023.

Con todo, considerando a evolución e a tendencia do índice do prezo do gasóleo, limitouse o importe anual máximo que se destina á correspondente compensación. Para o resto das partidas, considerando a variación entre o momento no que foron licitadas e os últimos índices publicados, calculouse un coeficiente medio de desviación excepcional.



A continuación, móstranse os principais fitos relacionados coas axudas prestadas aos concesionarios por parte da Xunta ante as situacións de excepcionalidade comentadas anteriormente.





Anexo I

INDICADORES DA EVOLUCIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA

Este ANEXO recolle unha relación de indicadores de oferta, demanda, características económicas e sociais que representan ao sistema de transporte público de Galicia.

Ao longo dos capítulos que conforman a presente memoria realízase unha análise das diferentes partes que representan o sistema de transporte público por estrada de Galicia, así como a súa xestión.

Neste ANEXO móstranse datos de oferta de servizos, demanda de persoas usuarias, características económicas e sociais desde outra perspectiva, presentando as relacións máis características e representativas do sistema de transporte público da comunidade.

Co obxectivo de manter a estrutura executada ao longo deste documento, os indicadores clasifícanse en 4 categorías: **indicadores de oferta, indicadores de demanda, indicadores económicos e indicadores sociais.**

Estes indicadores analízanse segundo anos naturais, **desde o 2016 até a actualidade**, coa particularidade dalgúns deles que se estudan soamente para últimos tres anos: 2020, 2021, 2022 e 2023.

É importante ter en conta que os datos mostrados para o 2023 correspóndense unicamente co primeiro semestre do ano, de xaneiro até xuño, tratándose este mes do límite do período de estudo na memoria anual actual.

Excepcionalmente e indicado debidamente sobre as táboas de indicadores, preséntanse os datos de proxecto contemplados no PTPG, por non contar con cifras reais.



1. Indicadores de oferta

Co fin de establecer unha base para poder estudar a evolución histórica das características básicas da oferta de transporte público de Galicia, recóllense nestes apartados datos de referencia da oferta de servizos e indicadores calculados a partir dos mesmos, desagregados anualmente, entre o ano 2016 e a actualidade.

Os indicadores de oferta elaborados a partir dos datos divídense en 3 tipos:

- **Indicadores de cobertura territorial media da oferta de servizos.** Representa os quilómetros que, de media, cobre cada servizo realizado na rede de transporte público de Galicia para cada ano estudado.

- **Indicadores de oferta de transporte integrado ou compartido.** Presentan a porcentaxe de liñas, paradas e circulacións do transporte público de Galicia que configuran os servizos de transporte integrado ou compartido sobre o total da oferta de servizos de transporte público.

- **Indicadores de oferta de transporte baixo demanda.** Mostran a proporción de liñas, paradas e circulacións de transporte a demanda que ofrecen os servizos baixo demanda sobre o total de a oferta de servizos de transporte público.

2. Indicadores de demanda

Do mesmo xeito que para os indicadores de oferta, neste apartado recóllense nunha primeira parte os datos máis representativos da demanda de persoas usuarias dos servizos de transporte público de Galicia entre o ano 2016 e a actualidade.

A continuación, os indicadores de demanda clasifícanse en 4 tipos:

- **Indicadores de ocupación media do servizo.** Representan o valor medio de persoas usuarias que utilizaron os servizos de transporte público da comunidade. É importante ter en conta que a cifra obtida para este indicador en 2023 non é comparable de forma directa cos indicadores calculados para os anos anteriores por reflectir a relación de, soamente, a demanda correspondente ao primeiro semestre do ano con respecto á oferta de circulacións totais anuais a xuño de 2023.

- **Indicadores de demanda de transporte integrado.** Dentro destes indicadores podemos atopar diferentes subtipos :
  - O primeiro expón a proporción da demanda de persoas usuarias de transporte integrado ou compartido sobre a demanda de persoas usuarias do total de transporte.
  - O segundo indicador representa a relación entre a demanda de persoas usuarias xerais (non escolares) no transporte integrado ou compartido e a demanda total de transporte.
  - O terceiro dos indicadores deste tipo é un indicador de ocupación do transporte integrado ou compartido, co que expón o número de persoas usuarias medias por servizo integrado ou compartido. Do mesmo xeito que os indicadores de ocupación, este indicador relaciona a demanda correspondente coa primeira metade do ano 2023 coa oferta de servizos totais anuais a xuño de 2023, co que non é comparable de forma directa cos indicadores calculados para os anos anteriores.
- **Indicadores de rede a disposición do usuario.** Mostran unha media dos quilómetros de servizo a disposición de cada persoa usuaria. Para o ano 2023, o número de persoas usuarias correspóndese coa demanda a 30 de xuño, mentres que os quilómetros ofertados son cifras anuais a 30 de xuño de 2023, co que non é un indicador comparable cos calculados para os anos anteriores de forma directa.

- **Indicadores relativos ao título de transporte empregado.** Representan a distribución da demanda total de persoas usuarias que empregan os servizos segundo o método de pago utilizado para a viaxe, podendo ser pago en efectivo e con tarxeta. O pago con tarxeta inclúe o uso da tarxeta TMG e o uso da tarxeta TMG Xente Nova. O cálculo realízase sobre o total de persoas usuarias xerais, co que non inclúe a demanda cuberta con tarifas escolares.





3. Indicadores económicos

